

Ref/Juan M Salguero del Valle/Asesoría Xurídica-Secretaría Xeral do Pleno

**ACTA NÚM. 17 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO  
LUGAR O DÍA VINTE E OITO DE NOVEMBRO DE 2014.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dezasete horas** do día **vinte e oito de novembro de 2014**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

**A S I S T E N:**

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, **Alcalde-Presidente.**

**CONCELLEIROS/AS:**

**Grupo Municipal PP:**

Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.  
Don Luís Meijide Rodríguez.  
Don José María Rosende Rico.  
Dona Marta González Vázquez.  
Don Ramón Quiroga Limia.  
Don Manuel Martínez Varela.  
Dona María José Corral López.  
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.  
Dona María Jesús Amparo Sáinz García.  
Dona Teresa María Gutiérrez López.  
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.

**Grupo Municipal PSdeG-PSOE:**

Dona Mar Martín García, incorpórarse no punto nº 5.  
Don Benardino Higinio Rama Seoane.  
Dona Mercedes Rosón Ferreiro.  
Dona Marta Alvárez-Santullano Fernández-Trigales, incorpórarse no punto nº 5.  
Don Francisco Reyes Santiás.  
Don Gonzalo Muíños Sánchez.

Don José A. Baqueiro Canabal.  
Dona M<sup>a</sup> de los Ángeles Gómez Bugallo.  
Dona Rosario Valledor Puente.

**Grupo Municipal BNG:**

Don Rubén Cela Díaz.  
Dona Elvira Cienfuegos López.  
Don Rafael Xesús Vilar González.

Don Vicente Calvo del Castillo, **Interventor do Concello.**

Juan Manuel Salguero del Valle, **Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asiste o concelleiro, Don Ángel Benito Currás Fernández.

**O R D E     DO     DÍA:**

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 31 de outubro de 2014 (núm. 15/14).**
- 2. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria e urgente do día 6 de novembro de 2014 (núm. 16/14).**
- 3. Renuncia ao cargo de concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, de Don Ángel Benito Currás Fernández.**
- 4. Toma de coñecemento da proposta do Partido Popular de designación de membro a ocupar o cargo de concelleiro/a, ao abeiro do disposto no artigo 182.2 da Lei Orgánica 5/85, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral.**
- 5. Aprobación definitiva do plan parcial do solo urbanizable delimitado núm. 11 (SUD-11). Muíño de Vidán.**
- 6. Proposta do concelleiro delegado de réxime interior de corrección de denominación de rúa.**

- 7. Proposta do concelleiro delegado de mobilidade e seguridade de ampliación de contrato para a adquisición de vehículo contraincendios mediante renting.**
- 8. Proposta do concelleiro delegado da área de facenda relativa á solicitude de ampliación de prazos para o reintegro do PIE dos anos 2008-2009.**
- 9. Aprobación inicial do orzamento e cadre de persoal do concello para o ano 2015.**
- 10. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE para a construcción da estación intermodal do AVE de referencia para Galicia en Santiago.**
- 11. Dar conta de Resolución da Alcaldía en materia de delegación das notificacións das resolucións e acordos da Xunta de Goberno que se tramitan na área de desenvolvemento urbano e sostible, servizo de planeamento.**
- 12. Dar conta de resolucións da Alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.**
- 13. Rogos e preguntas.**
- 14. Toma en consideración de mociones presentadas polos grupos municipais.**

Cumpriméntase así:

**1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 31 DE OUTUBRO DE 2014 (NÚM. 15/14).**

Aberto o acto, o **Sr. alcalde-presidente**, en cumprimento do disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e o artigo 63 do Regulamento Orgánico do Pleno da Cidade de Santiago de Compostela, pregunta aos/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algúnsha observación a acta correspondente á **sesión ordinaria do día 31 de outubro de 2014**.

Polo **Sr. Sánchez-Brunete Varela, concelleiro voceiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Seguridade e Mobilidade**, faise constar que na páxina nº14, no parágrafo que di “23 de decembro de 2014”, debe indicar “23 de decembro de 2013”, a respecto dunha intervención da Sra. Rosón Ferreiro. Así mesmo, no parágrafo 5 dessa mesma páxina, onde consta, “referida a 2019”, debe precisar, “referida ao artigo 219”.

Non presentándose ningunha observación máis, e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos seus membros aprobar a acta núm. 15/14, correspondente á **sesión ordinaria do 31 de outubro de 2014**.

## **2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO DÍA 6 DE NOVEMBRO DE 2014 (NÚM. 16/14).**

O **Sr. alcalde-presidente** pregunta aos/ás Sres./as concelleiros/as se teñen algunha observación a acta correspondente á **sesión extraordinaria e urgente do día 6 de novembro de 2014**.

Non presentándose ningunha observación e sometido o punto do día a votación ordinaria, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos seus membros aprobar a acta núm. 16/14, correspondente á **sesión extraordinaria e urgente do 6 de novembro de 2014**.

## **3. RENUNCIA AO CARGO DE CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, DE DON ÁNGEL BENITO CURRÁS FERNÁNDEZ.**

Dáse conta do escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello con data 10 de novembro de 2014, núm. 52257, polo concelleiro Don Ángel Currás Fernández, polo que renuncia a súa condición de concelleiro en virtude do que dispón o artigo 9.5 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

O escrito é do seguinte teor literal:

*“Ángel Currás Fernández, con DNI número 33820496P, concejal del Ayuntamiento de Santiago de Compostela,*

*EXPONE:*

*1.- Que ha cesado voluntariamente como Alcalde de Santiago de Compostela el pasado día 8 de julio de 2014, continuando desde entonces como concejal de Relaciones Institucionales del Ayuntamiento*

*2.- Que desa renunciar a su acta de concejal.*

*Por todo ello, SOLICITA*

*Que se tome en consideración su renuncia dando cuenta de la misma al Pleno de la Corporación.”*

O pleno toma razón da citada renuncia de carácter voluntario.

O **Sr. alcalde-presidente**, xa que se facilitou unha copia do escrito da renuncia do Sr. Currás Fernández, procede a que o pleno tome coñecemento de dita renuncia. Consecuentemente, otórgalle a palabra ao **Sr. Sánchez-Brunete Varela, concelleiro voceiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Seguridade e Mobilidade**.

Primeiramente sinala a súa disposición para que conste en acta, o recoñecemento por parte do grupo municipal popular ás horas de dedicación do Sr. Currás Fernández, na súa primeira etapa como concelleiro e posteriormente como alcalde, independentemente do xuízo político que cada quen poida facer sobre o seu mandato.

Lembra que nunha ocasión, o Sr. Currás Fernández despediu a un compañoiro adicándolle un verso de Borges que dicía: “hasta cualquier tarde en cualquier jardín”. Tendo en conta que en Compostela hai moitos xardíns e moitos espazos verdes, será sinxelo, asegura, coincidir con él na vida cotiá da cidade e mesmo falar sobre cultura, área pola que sentiu unha especial inclinación.

#### **4. TOMA DE COÑECEMENTO DA PROPOSTA DO PARTIDO POPULAR DE DESIGNACIÓN DE MEMBRO A OCUPAR O CARGO DE CONCELLEIRO/A, AO ABEIRO DO DISPOSTO NO ARTIGO 182.2 DA LEI ORGÁNICA 5/85, DE 19 DE XUÑO, DO RÉXIME ELECTORAL XERAL.**

Dase conta e lectura do escrito presentado na secretaría xeral o día 25 de novembro de 2014, polo Partido Popular:

*“Evaristo Ben Otero, mayor de edad, con DNI núm. 33274129Y, con domicilio en A Coruña, Sánchez Bregua, 5-6-4º, (a efectos de notificación), teléfono 981223742-639729247-FAX: 981223981 y e-mail [corunya@pp.es](mailto:corunya@pp.es), como Representante Legal del Partido Popular (se adjunta nombramiento y aceptación del cargo), para las Elecciones Locales convocadas por el Real Decreto 424/2011, de 28 de marzo, BOE núm 75 de 29 de marzo, comparezo y*

*EXPONGO:*

*Que en el Ayuntamiento de Santiago de Compostela, provincia de A Coruña, se ha agotado la lista de concejales presentada por el Partido Popular de Santiago en las pasadas elecciones municipales de 2011, tanto la de miembros titulares, como la de suplentes.*

*Que según lo establecido en el artículo 182.2 de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General,*

*Tengo a bien PROPONER:*

*Como concejal en el Ayuntamiento de Santiago de Compostela a Doña María Teresa Cancelo Márquez, mayor de edad, con DNI núm. 41447149E y con domicilio en Doctor Teixeiro, núm. 1-1º A.”*

O Sr. alcalde-presidente, en base ao escrito do apoderado do PP respecto á designación por parte de dito partido, unha vez esgotada a lista de concelleiros/as elixidos no ano 2011, de Dona Maite Cancelo Márquez como concelleira do Partido Popular, procede á toma de coñecemento.

O Pleno da Corporación toma coñecemento da proposta do Partido Popular relativa a proposta de nomeamento e aceptación de concelleira ao abeiro do previsto no artigo 182.2 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño de Réxime Electoral Xeral, a favor de **Dona Mª Teresa Cancelo Márquez**.

Comunicarase dita circunstancia á Xunta Electoral Central para que previos os trámites administrativos oportunos remita a credencial correspondente co obxecto de que poida tomar posesión do cargo.

## **5. APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN PARCIAL DO SOLO URBANIZABLE DELIMITADO NÚM. 11 (SUD-11). MUÍÑO DE VIDÁN.**

O informe conxunto emitido polo Director da Área técnica de desenvolvemento urbano e sostible e pola xefa de sección de xestión urbanística que leva o visto e prace da secretaría xeral do pleno, en relación co presente asunto é do teor literal seguinte:

"O Plan parcial de referencia formúlase por iniciativa particular de ZOAR RESIDENCIAL S.L, ao abeiro do previsto polos artigos 79.1 e 83 da *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia* (LOUG), que habilitan aos particulares para a formulación do planeamento de desenvolvemento do Plan xeral.

## **1. Determinacións do Plan xeral**

O Plan parcial ten por obxecto, de acordo co disposto polo artigo 63 da LOUG, a ordenación detallada do sector de solo urbanizable delimitado SUD-11, en desenvolvemento das determinacións básicas e criterios que para o efecto se sinalan polo artigo 68 da normativa do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM):

### ***Art. 68. Determinacións para o desenvolvemento do sector SUD-11 MUÍÑO DE VIDÁN***

*O ámbito está condicionado polo contacto co contorno do río Sarela e polas súas especiais condicións topográficas. Cunha superficie bruta de 2,36 Ha, o seu obxectivo de ordenación é solucionala entrega da cidade co contorno do Plan Especial do río Sarela. Esta premisa xustifica o seu reducido tamaño.*

*Para o desenvolvemento do Plan Parcial correspondente establecéncense as seguintes determinacións:*

- 1. Ordenarase mediante un único Plan Parcial cunha edificabilidade máxima de 0,40 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>.*
- 2. Establécese unha densidade máxima de 28 vivendas/Ha.*
- 3. O seu uso característico é o residencial de baixa densidade. Destinarase a vivenda unifamiliar o 40% da edificabilidade residencial, e con usos comerciais e complementarios en planta baixa ocupando ata o 15% da edificabilidade. Destinarase a uso comercial e servicios en edificio exclusivo ata o 20% da edificabilidade.*
- 4. O ámbito enténdese como unha peza destinada a completa-la fronte á estrada de Noia, cun uso residencial que permita unha baixa ocupación, limitando esta ó bordo alto do ámbito. O resto deste, en pendente ó Sarela, está condicionado pola súa visibilidade e polas determinacións de preservación do contorno do río. As zonas verdes de sistema local situaranse de preferencia en contacto co curso do río. Mellorarase o acceso actual da estrada do Muíño de Vidán, e desde a Ponte da Muíña plantearase un viario intermedio que conecte coa plataforma da Igrexa de Vidán.*

*Os trazados indicados en planos de ordenación entenderanse como orientativos, salvo outra indicación neste artigo.*

5. A altura da edificación non deberá supera-la de tres plantas, incluída a baixa. Estudiarase a solución volumétrica, cara á minimización de impactos, por implantacións edificatorias en zonas de acusada pendente.
6. As reservas para dotacións determinaranse de acordo coa LOUG.

## **2. Características principais da ordenación proposta**

### a) Ámbito obxecto de ordenación

O Plan parcial presentado actúa sobre unha superficie total de 23.850,76 m<sup>2</sup>, que coincide co sector delimitado polo Plan xeral, agás pequenos reaxustes que resultan da súa adaptación á base cartográfica más actualizada e á realidade parcelaria existente.

A fin de dar cumprimento á previsión do artigo 68.4 do PXOM, e ao abeiro do disposto polos artigos 16.1.c) do Real decreto lexislativo 2/2008, 22.c) e 64.h) da LOUG, a urbanización do sector incluirá, co carácter de conexión exterior (CE-1) a mellora do actual acceso desde a avenida de Mestra Victoria Míguez a través da rúa da Codeseira de Vidán.

### b) Usos e intensidades

O Plan parcial permite materializar no sector unha superficie edificable total de 9.492 m<sup>2</sup> construídos, inferior á que resultaría de aplicar á superficie do sector o límite máximo de edificabilidade permitido polo PXOM (0,40). Esta superficie edificable total distribúese nos seguintes usos:

➤ Residencial: Destínase a residencial o 65% da superficie total edificable, equivalente a 6.170 m<sup>2</sup> construídos, cun número máximo de 66 vivendas, de acordo co límite de densidade sinalado polo Plan xeral (28 vivendas por hectárea). Da total edificabilidade residencial, dedícanse 4.557 m<sup>2</sup> construídos a vivenda colectiva (ordenanza A), cun número máximo de 54 vivendas, e 1.613 m<sup>2</sup>c a vivenda unifamiliar (ordenanza B) , cun máximo de 12 vivendas.

Da total edificabilidade residencial, destínase un 20% -1.234 m<sup>2</sup>c- á construcción de 12 vivendas de protección pública, dentro do quinteiro de vivenda colectiva M2. Neste punto, convén lembrar que a reserva de vivenda protexida aplicable con carácter xeral nos solos urbanizables delimitados polo vixente PXOM é do 20%, ao ter incorporado o Plan xeral a reserva obligatoria esixida polo artigo 64.f) da LOUG, na súa redacción anterior á reforma de 2008 (ver páxina 100 da memoria de ordenación).

➤ Terciario: O 35% da edificabilidade restante -3.322 m<sup>2</sup> construídos- dedicase a uso terciario, diferenciando o comercial en planta baixa (1.424 m<sup>2</sup>c nos quinteiros M1, M2 e M3), por unha banda, e o terciario en edificio exclusivo por outra (1.898 m<sup>2</sup>c no quinto M3), de acordo coas porcentaxes -15 e 20%- sinaladas polo Plan xeral.

c) Reservas dotacionais

As reservas que se definen no Plan parcial con destino aos sistemas locais de espazos libres e equipamento comunitario de titularidade pública cumpren os módulos mínimos que se establecen no artigo 47.2 da LOUG:

- Espazos libres: 9.875 m<sup>2</sup>, aos que se engaden 2.077 m<sup>2</sup> de zonas libres non computables
- Equipamento comunitario: 1008 m<sup>2</sup>
- Aparcadoiros: 198 prazas, das que 55 se emprazan en solo de dominio público

Os terreos cualificados como rede viaria e aparcadoiro suman 5.179 m<sup>2</sup>, resultando unha superficie total de cesión ao Concello de 18.706,32 m<sup>2</sup>.

A reserva de equipamento comunitario integra a edificación catalogada existente no ámbito -D 163-, que queda suxeita ao réxime de protección definido polos artigos 172 e 174 do Plan xeral.

d) Sistema de actuación

Para a execución da ordenación prevista, delímítase un único polígono, que abrangue a totalidade do sector, e fíxase como sistema de actuación o de COMPENSACIÓN. A elección deste sistema baséase na concorrencia da aceptación de propietarios que representan máis do 50% da superficie obxecto de ordenación, segundo resulta acreditado na documentación presentada con data 8 de maio de 2008.

Os terreos privados necesarios para executar a conexión exterior viaria (CE-1) obteranse por expropiación, a instancia da Xunta de Compensación, que adquirirá a condición xurídica de beneficiaria.

**3. Contido documental**

O Plan parcial reúne o nivel de determinacións e contido documental esixido polos artigos 64 e 65 da LOUG, coa única excepción do Estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico. Nembargante, o citado Estudo si foi incluído no *documento de inicio* presentado en xuño de 2008 para a avaliación ambiental estratéxica, polo que é posible a súa inclusión na documentación do Plan parcial que se somete a aprobación.

Así mesmo, inclúese no Plan parcial o *Estudo hidrolóxico e hidráulico*, requirido polo Organismo Autónomo Augas de Galicia.

#### **4. Aprobación inicial e resultado do trámite de exposición pública**

O Plan parcial tramítase a través do procedemento regulado polo artigo 86 da LOUG, sen sometemento a avaliación ambiental estratéxica, ao terse declarado a súa innecesariedade por decisión da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, de data 20 de agosto de 2008.

A Xunta de Goberno Local, mediante acordo adoptado o 7 de marzo de 2013, aprobou inicialmente o Plan, coa condición de que, antes da exposición pública, se emendasen as deficiencias sinaladas nos informes técnicos emitidos.

Con data 13 de maio de 2013 a promotora presentou a documentación reformada de cumprimentación do acordo de aprobación inicial, que resultou informada favorablemente polo arquitecto xefe do servizo municipal de Planeamento con data 16 de maio.

O expediente someteuse a **información pública** durante o prazo dun mes mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia do día 24 de xullo de 2013 e nos xornais *La Voz de Galicia* e *El Correo Gallego* os días 23 e 30 de xullo, respectivamente. Simultaneamente, practicouse notificación persoal a todos os propietarios das parcelas afectadas, segundo figuran no Catastro, e publicouse edicto no Boletín Oficial da Provincia do día 25 de xuño de 2013 e no taboleiro de anuncios do Concello.

Durante o trámite de información pública non se formularon alegacións, se ben presentouse, fóra de prazo, un escrito da mercantil PROMOSAN GALICIA S.L, propietaria da parcela 3, que pon de manifesto a necesidade de axustar a delimitación da súa parcela incluída no Plan parcial á parcelación resultante da licenza de

segregación autorizada no seu día polo Concello (LIC/2576/2008), en consonancia coa delimitación establecida polo Plan xeral.

## **5. Informes sectoriais**

En cumprimento do esixido polo artigo 64.h) da LOUG, obtivéronse os informes das empresas subministradoras de servizos (Daviña, FENOSA, Gas Galicia, Telefónica, R e Aquagest).

Con data 4 de setembro de 2013 o Servizo municipal de Augas ratifica o informe emitido en xuño de 2011, se ben *observa que as deficiencias detectadas poderían ser corrixidas no posterior proxecto de urbanización*

O informe emitido pola directora xeral do Patrimonio Cultural con data 23 de setembro de 2013, así como o de Augas de Galicia de 25 de outubro de 2013, resultan favorables á aprobación do Plan parcial, se ben sinalan concretas medidas correctoras ou prescripcións que haberán de considerarse no futuro proxecto de urbanización.

## **6. Modificacións propostas para a aprobación definitiva**

En xuño de 2014 a promotora presentou un documento refundido para aprobación definitiva.

Con data 17 de setembro de 2014, a arquitecta Xefa da Sección de Planeamento emite informe no que, á vista da alegación e dos informes sectoriais recabados, propón introducir distintas reformas, as cales poden sintetizarse nos seguintes puntos:

- Axustarase a delimitación do ámbito obxecto de ordenación á definición máis precisa da liña de separación entre o solo urbano e o solo urbanizable.
- No artigo 27 (Condiciones da urbanización), engadiranse novos parágrafos que afectan á redacción do futuro proxecto de urbanización, tanto no que atinxe aos aparcadoiros públicos como á protección da canle que discorre pola zona verde do ámbito, todo elo co obxecto de cumplimentar os condicionantes sinalados por Patrimonio Cultural e por Augas de Galicia.
- Reformarase a redacción do artigo 17 (Ordenanza C, de equipamento municipal), co fin de precisar as súas condicións de edificación e protección.

- Corrixiranse diversos errores e contradicciones detectados nos planos de ordenación.

Por outra banda, no informe emitido pola técnica que asina o día 7 de outubro de 2014 requírese a emenda das seguintes deficiencias:

- \* No plano parcelario catastral reflectiranse as parcelas afectadas por conexions exteriores.
- \* No apartado 1.4.6 (Sistema de actuación), indicarase o procedemento de obtención dos bens e dereitos necesarios para executar as conexions exteriores (expropiación forzosa en beneficio da Xunta de Compensación).

As emendas requiridas foron incorporadas a un **documento reformado** presentado no Rexistro Xeral do Concello o día 17 de novembro, que se someterá á aprobación definitiva do Pleno Municipal, xunto cos anexos presentados o 9 de xuño de 2014.

As modificacions incorporadas non teñen carácter substancial, xa que se trata de reformas puntuais que non alteran o modelo da ordenación inicialmente aprobada, polo que non se estima preceptiva a apertura dun novo trámite de exposición pública con anterioridade á resolución do procedemento.

## **7. Proposta de resolución**

En consecuencia, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente, adoptar o seguinte ACORDO:

Aprobar definitivamente o Plan parcial de ordenación do SUD-11 (Muíño de Vidán), segundo o documento reformado presentado o día 17 de novembro de 2014 por ZOAR RESIDENCIAL S.L., no que figuran incorporadas as modificacions anteriormente sinaladas, xunto cos anexos presentados o 9 de xuño.

O acordo notificarase persoalmente a todos os interesados e publicarase no Diario Oficial de Galicia. Así mesmo publicarase, xunto co texto íntegro da normativa urbanística aprobada, no Boletín Oficial da Provincia.”

Enterados/as os sres/as concelleiros/as do contido do dictame e aberto o primeiro turno de intervencións teñen lugar os seguintes:

**A Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvimento Urbano e Sostible.**

Manifesta que o presente plan parcial formulase por iniciativa particular de ZOAR RESIDENCIAL S.L, ao amparo do previsto nos artigos 79.1 e 83 da LOUG, que habilitan aos particulares para a formulación e elevación á administración co fin de que tramite instrumentos de desenvolvemento do Plan Xeral, e ten por obxecto a ordenación detallada do sector de solo urbanizable delimitado SUD-11, Muíño de Vidán.

En relación ao artigo 68 da normativa do Plan Xeral de Ordenación Municipal, clarexa que establece as determinacións básicas e os criterios para o desenvolvemento deste solo. Concretamente, informa que o ámbito está condicionado polo contacto co entorno do río Sarela e polas súas especiais condicións topográficas, cunha superficie bruta de 2,36 hectáreas. Ademáis, engade que o obxectivo de ordenación é solucionar o contacto entre a cidade e o entorno do plan especial do río Sarela, xustificando así o seu reducido tamaño.

Para o desenvolvemento do plan parcial correspondente, di que se establecen as seguintes determinacións:

Ordenarase mediante un único Plan Parcial cunha edificabilidade máxima de 0,40 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>.

Establécese unha densidade máxima de 28 vivendas/Ha.

Un uso residencial de baixa densidade.

O ámbito enténdese como unha peza destinada a completar a fronte á estrada de Noia, cun uso residencial que permita unha baixa ocupación, limitando esta ó bordo alto do ámbito.

A altura da edificación non deberá superar a de tres plantas, incluída a baixa. Estudiarase a solución volumétrica, que permita á minimización de impactos.

As reservas para dotacións determinaranse de acordo coa LOUG.

A partir de todas estas premisas, declara, fixáronse unhas características principais da ordenación proposta.

Con respecto ao ámbito obxecto de ordenación, precisa que o plan parcial presentado actúa sobre unha superficie total de 23850 metros cadrados coincidentes co sector delimitado polo Plan xeral, agás pequenos reaxustes resultantes da súa adaptación á base cartográfica máis actualizada, e á realidade parcelaria existente.

Co fin de dar cumprimento á previsión do artigo 68.4 do PXOM, e ao abeiro do disposto polo Real decreto lexislativo 2/2008, da LOUG, expón que a urbanización do sector incluirá, con carácter de conexión exterior, a mellora do actual acceso dende a avenida de Mestra Victoria Míguez, a través da rúa da Codeseira de Vidán.

En canto aos usos e intensidades, afirma que o Plan Parcial permite materializar no sector unha superficie edificable de 9.492 m<sup>2</sup> construídos, un pouco inferior á que resultaría de aplicar á superficie do 0,40 anteriormente indicada. Determina que esta superficie edificable total distribúese nos seguintes usos:

Destínase a residencial o 65% da superficie total edificable, equivalente a 6.170 m<sup>2</sup> construídos, cun número máximo de 66 vivendas, que é o límite que tamén se establece de 28 vivendas por hectárea, de toda a edificabilidade residencial, dedícanse 54 vivendas a vivenda colectiva, e 12 vivendas a vivenda unifamiliar.

Da total edificabilidade destínase un 20% á construcción de vivenda de protección pública, co cal resultan 12 vivendas públicas.

E o 35% da edificabilidade restante dedicase a uso terciario. Uso terciario en dúas partes, por unha parte queda a planta baixa de tres das mazás, e a totalidade da cuarta mazá.

En canto a reservas dotacionais, manifesta que se trata dun total de 9.875 m<sup>2</sup> de espazos libres, aos que se engaden 2.077 m<sup>2</sup> de zonas libres non computables. O equipamento comunitario, indica que son 1008 m<sup>2</sup> e que os aparcadoiros contan con 198 prazas, das cales 55 serían prazas en superficie.

Detalla que o total da superficie da cesión ao concello é de 18.706 metros cadrados. En canto ao sistema de actuación para a execución da ordenación prevista, profía que se limita un único polígono que abarca a totalidade do sector e fíxase como sistema de actuación ou de compensación. A elección deste sistema, asegura que está baseado na concorrencia da aceptación de propietarios, que representan máis do 50% da superficie obxecto de ordenación, tal e como se acredita na documentación presentada con data 8 de maio de 2008.

Os terreos privados necesarios para executar a conexión exterior anuncia que se obterán por expropiación a instancia da Xunta de Compensación, obtendo a condición xurídica de beneficiaria.

No referente ao contido documental, defende que o plan parcial reúne o nivel de determinación e contido documental esixido pola LOUG, a excepción do estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico. Nese sentido, clarexa que dito estudo incluíuse no documento de inicio presentado en xuño de 2008 para a avaliación ambiental estratéxica, polo que é posible a súa inclusión na documentación do Plan parcial que se somete a aprobación. Do mesmo xeito, indica que no Plan parcial atópase incorporado un estudo hidrolóxico e hidráulico, requirido polo Organismo Autónomo “Augas de Galicia”.

Manifesta que o Plan parcial tramítase a través do procedemento regulado pola LOUG, e que o 20 de agosto de 2008 declarouse que a avaliación ambiental estratéxica resultaba innecesaria.

No tocante á Xunta de Goberno Local, lembra que aprobou inicialmente o Plan mediante un acordo adoptado o 7 de marzo de 2013.

Posteriormente, o 13 de maio de 2013, di que a promotora presentou a documentación reformada para dar cumprimento ao acordo de aprobación inicial, e que dita documentación informouse de xeito favorable o 16 de maio de 2013.

Finalmente, asegura que o expediente someteuse a información pública durante o prazo dun mes mediante anuncios que para o efecto publicáronse no Diario Oficial de Galicia do día 24 de xullo de 2013, en dous xornais, e no Boletín Oficial da Provincia. Ao mesmo tempo, fai constar que durante o trámite de información pública non se formularon alegacións, pero sí se presentou unha fóra de prazo pertencente á mercantil “PROMOSAN GALICIA S.L”, propietaria da parcela 3, na que se puxo de manifesto a necesidade de axustar a delimitación da súa parcela, a do Plan parcial, á reparcelación resultante dunha licenza xa concedida e recoñecida polo Plan Xeral.

En canto aos informes sectoriais, relata que en cumprimento da LOUG pedíronse informes tanto ás empresas subministradoras de servizos que contestaron, como a “Augas de Galicia” e a “Patrimonio Cultura”. Afirma que ambos emitiron informes favorables á aprobación do Plan Parcial, aínda que propoñen algunas medidas correctoras ou prescripcións que han de considerarse no proxecto de urbanización.

En xuño de 2014, notifica, a promotora presentou un documento refundido para a aprobación definitiva, e o 17 de setembro a arquitecta xefa de planeamento emitiu un informe que, á vista da alegación dos informes sectoriais recabados, propón introducir unha serie de reformas que sinteticamente son:

Que se axuste a delimitación do ámbito obxecto de ordenación á definición máis precisa da liña de separación entre o solo urbano e o solo urbanizable.

Que no artigo 27 deste plan, se engadiran os novos parágrafos que afectan á redacción do futuro proxecto de urbanización, no que atinxe aos aparcadoiros públicos como á protección da canle.

E reformarase a redacción do artigo 17, co fin de precisar as súas condicións de edificación e protección.

E corrixiranse diversos errores materiais que existen, de contradicións detectados nos planos de ordenación.

Por outra banda, di que no informe emitido pola técnica o día 7 de outubro de 2014 requírese que no plano parcelario catastral se reflictan as parcelas afectadas polas conexións exteriores, e que o apartado 1.4.6 sistema de actuación, e tamén se precise que o procedemento de obtención dos bens e dereitos necesarios para executar as conexións exteriores é a expropiación forzosa, sendo beneficiaria a Xunta de Compensación.

Apunta que estas enmendas xa foron incorporadas ao documento reformado, que é o que se presenta á aprobación deste pleno.

Por último, lembra que esta proposta xa foi vista pola Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas e vivenda, coa reserva de voto dos grupos do BNG e do PSdeG-PSOE. En consecuencia, propón ao Pleno municipal a adopción do acordo, e a aprobación definitiva do plan parcial de ordenación do SUD-11 (Muíño de Vidán). No caso de adoptarse, anuncia que se notificará persoalmente a todos os interesados e publicarase no Diario Oficial de Galicia.

A continuación, toma a palabra o **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG**.

Tras saudar aos alumnos do Antón Fraguas que están a presenciar o pleno, procede a explicar a posición de voto do grupo municipal nacionalista, que tal e como avanza será de abstención. Considera, do mesmo xeito que a Sra. Gutiérrez López, que a tramitación formal desta modificación non ten ningún problema, mesmo lle parece de especial interese, pois na proposta queda recollida a recuperación do muíño tradicional situado nesa zona.

Namentres, a solución final que se adoptou neste plan parcial plantéxalle moitas dúbidas dende unha perspectiva de habitabilidade, de mobilidade, e nomeadamente tal e como se fixo referencia na intervención anterior, á ubicación e distribución das 55 prazas de aparcadoiro en superficie.

Deseguido, intervén a **Sra. Rosón Ferreiro, concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE**.

Estima que o SUD-11 muíño de Vidán, a pesar de ser un solo pequeno, de 2,3 hectáreas, e complicado debido ás súas especiais condicións topográficas, resulta moi valioso por atoparse nunha contorna extremadamente sensible. Así, sostén que é necesario un bo documento que resolva todos os problemas de integración que a malla urbana precisa.

Pon de manifesto as súas dúbidas en torno a este documento por cuestións de forma e de fondo. Profía que en todas as cartografías dos planos que obran no expediente aparece a escala, pero non consta nin unha soa cota que permita determinar correctamente todo o que se debuxa na planimetria. Dende o seu punto de vista, esta é a primeira debilidade técnica que ten o plan parcial.

No relativo ao plano de zonificación, di que aparecen viarios en branco e que descoñece como son porque non aparecen xustificados, a pesar de que poidan ter unha resposta razoada.

Con respecto ao viario de conexión entre a entrada dende Santiago e a igrexa que aparece descrito no plan xeral de ordenación municipal, sostén que non aparece debuxado, e que só consta a través dunha especie de rampla, dado que iso non é unha urbanización privada. Así, asegura que todos esos matices deberían estar perfectamente resoltos.

Por outra banda di que o camiño existente aparece agora como integrado e computado na zona verde. Neste sentido, precisa que ao tratarse dun enlace que

debe ser respectado para dar acceso ás vivendas do fondo do SUD, ten que quedar debidamente indicado e cualificado para que cumpla a súa función.

Do mesmo xeito que a Sra. Gutiérrez López, defende que o acceso dende Santiago pola rúa Corexeira de Vidán, debería sinalar a solución técnica para acceder a todo este novo ámbito. Así mesmo, descoñece se alguén de tráfico valorou adecuadamente este proxecto, porque dita entrada ten unha pendente moi importante, e parécelle fundamental establecer canto custarán e quen pagará as obras que se levarán a cabo en dito punto.

A continuación, alude outra das debilidades do plan, pois ao seu parecer non resolve nin a entrada dende Santiago, nin a conexión coa plataforma da igrexa anteriormente citada.

Pensa que a relación, a comunicación entre a rúa Vitoria Míguez e o viario baixo da urbanización, é de moitos metros e non está claro como van administrar o viario peonil. Engade que resulta posible observar escaleiras pero non ramplas que resolvant os problemas de accesibilidade, imprescindibles para resolver todas esas barreiras. É dicir, indica que non coñecen ningunha plataforma que cunha pendente razonable solvente esa accesibilidade. Tendo en conta que hai oito metros pola zona máis en contacto con Santiago por unha esquina e seis polo outro, un 24% de pendente nun lado, e un 18% por outro lado, parécelle obligatorio resolvelo.

Atendendo a temas de fondo, cita en primeiro lugar aos que teñen que ver coas edificacións. Afirma que en dous bloques, o M-3 que é de vivenda colectiva, e o M-4 que é de terciario, estase a plantexar vivendas en soto, tal e como recolle a páxina 17 da memoria, onde di que na -1 e na -2 se plantexan vivendas. Namentres, denuncia que non poden existir vivendas en sotos porque así o establece expresamente o Plan Xeral de Ordenación Municipal, e a Normativa de Habitabilidade. A continuación, alude ao Sr.alcalde-presidente para lembralle que, na súa condición de conselleiro de Ordenación do Territorio, modificou esta normativa. Di que aparecen tanto na cartografía do uso residencial e terciario, como nos cadros de características nas páxinas 17 e 18 da memoria do Plan parcial. Insiste en en que non se poden facer vivendas sen luz e, de haber algunha razón para facelas, débese xustificar de xeito que se garanta a habitabilidade. En consecuencia, sostén que un plan que contempla vivendas nos sotos, non debería aprobase.

En base á segunda cuestión de fondo, relativa á edificabilidade, sinala que o plan xeral de ordenación municipal establece que neste plan parcial, concretamente na páxina 5

da memoria, inclúese que o 40% do uso residencial ten que ser de vivenda unifamiliar. Pola contra, manifesta que se pasou por alto no documento final e na proposta que aparece na cartografía en toda a memoria. En suma, a pesar de que se fai referencia ao que di plan, acusa ao goberno de facer un cálculo diferente e introducir o 20% sen aportar ningunha explicación, incumprindo así a normativa. Insiste en que se está a facer un cálculo sobre a vivenda unifamiliar libre, é dicir o 30%, excluíndo o 20% de vivenda social, a pesar de que debería facerse deste xeito en base ao Plan Xeral de Ordenación Municipal, sobre o total da edificabilidade do uso residencial deste solo.

Resumindo estas dúas cuestiós, recalca que o das vivendas en sotos sucede no bloque m-3, e mesmo no edificio de uso terciario no m4, onde se pode incluír dende unha residencia da terceira idade, un centro de día, ou unha escola infantil, xa que a pesar de ser obligatorias as luces, as luces naturais, non contan con elas.

Defende que o plan parcial que leva tantos anos tramitándose, concretamente dende o ano 2008, debería estar más controlado para non incumprir normativas de obrigado cumprimento. Consecuentemente, di que dende o grupo municipal socialista piden que este punto sexa retirado da orde do día a pesar de tratarse dun solo moi atractivo e importante grazas á súa ubicación, e polo tanto manifesta que o voto do PSdeG-PSOE será en contra.

Para respostar, ten a palabra a **Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvimento Urbano e Sostible.**

Con respecto aos primeiros aspectos que se indicaron, retruca que se trata dun plan parcial, non dun proxecto de urbanización. Polo tanto, sinala que tanto os traballos de alzado e como as seccións transversais trabállanse e defínense nun proxecto de urbanización e non nun plan parcial.

En base aos temas de normativa, declara que o plan parcial conta con todos informes favorables, de xeito que é posible aprobalo.

A continuación, outórgaselle a palabra á **Sra. Rosón Ferreiro, concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE.**

Reitera que o voto do grupo municipal socialista será desfavorable á aprobación definitiva deste plan parcial, por entender que o goberno remite absolutamente todo ao proxecto futuro de urbanización. O nivel de detalle dos plans parciais, insiste,

sempre foi moi importante porque teñen que resolver cuestións de accesibilidade e mobilidade, que aquí non aparecen reflectidas.

Sobre a segunda cuestión relativa ao cumprimento da normativa, considera que ten relevancia. Recoñece que os informes sectoriais que obran no expediente son de carácter favorable, pero clarexa que tras facer unha lectura pormenorizada de toda a memoria e de toda a planimetría, observan que non cumplen normativas de obrigado cumprimento.

Rematada a quenda de intervencións, non tendo lugar a segunda, e sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria**, ten lugar o seguinte resultado:

<b>Votos a favor: 12 (PP)</b>
<b>Votos en contra: 9 (PSdeG-PSOE)</b>
<b>Abstencións: 3 (BNG)</b>

Polo que o Pleno da Corporación acorda por maioría simple dos presentes do seu número legal, aprobar o **Plan Parcial do solo urbanizable delimitado númeru 11 (SUD-11). Muíño de Vidán**.

Rematado o debate, de conformidade co Ditame favorable da comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda e medio ambiente correspondente á súa reunión do 20 de novembro de 2014, e consonte co informe transscrito ao inicio, o pleno da corporación por 12 votos a favor, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular, 9 votos en contra, correspondentes aos membros do grupo municipal socialista e 3 abstencións, correspondentes aos membros do grupo municipal do BNG acorda aprobar definitivamente o plan parcial de ordenación do SUD-11 (Muíño de Vidán), segundo o documento reformado presentado o día 17 de novembro de 2014 por ZOAR RESIDENCIAL S.L., no que figuran incorporadas as modificacións anteriormente sinaladas, xunto cos anexos presentados o 9 de xuño.

O presente acordo notificarase persoalmente a todos os interesados e publicarase no Diario Oficial de Galicia. Así mesmo publicarase, xunto co texto íntegro da normativa urbanística aprobada, no Boletín Oficial da Provincia.

## **6. PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE RÉXIME INTERIOR DE CORRECIÓN DE DENOMINACIÓN DE RÚA.**

Co fin de proceder á explicación deste punto, ten a palabra o **Sr. Martínez Varela, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Réxime Interior e Administración Pública.**

Informa que con data 23 de outubro de 2014, tivo entrada na alcaldía un escrito presentado por Don Manuel Caeiro Varela, veciño de Compostela e fillo de Don José Manuel Caeiro Quintás, empresario da cidade, a quen o pleno do concello de Santiago de Compostela tivo a ben adicarlle unha rúa na sesión celebrada o 30 de decembro de 2004, segundo se recolle na acta que adxuntada a esta proposta.

No seu escrito, prosegue, o Sr. Caeiro Varela, fai constar que na placa onde figura o nome do seu pai e que da nome a esa rúa, este figura de forma errónea, pois actualmente esa placa recolle o seguinte: "rúa de Manuel Caeiro Quintás, empresario", segundo se pode ler na foto adxunta a esta proposta. Co obxecto de corrixir este erro, propón que o Pleno da Corporación do Excmo. Concello de Santiago de Compostela aprobase a modificación do nome da rúa "Manuel Caeiro Quintás empresario", para que a partir de agora conste o nome correctamente, e sexa a rúa de "José Manuel Caeiro Quintás, empresario".

Finalmente, pide que se dé traslado, polo secretario deste pleno, do acordo aos departamentos de catastro e censos e padrón municipal, así como aos demais departamentos que correspondan.

Rematado o turno de intervención, non tendo lugar o segundo e sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria**, ten lugar o seguinte resultado:

<b>Votos a favor: 24</b>
<b>Votos en contra: 0</b>
<b>Abstencións: 0</b>

Polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos presentes, aprobar a **Proposta de corrección de denominación de rúa.**

## **7. PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE DE AMPLIACIÓN DE CONTRATO PARA A ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO CONTRAINCENDIOS MEDIANTE RENTING.**

A proposta emitida polo concelleiro delegado de mobilidade e seguridade de ampliación do contrato para a adquisición de vehículo contraincendios, de data 17 de novembro ten o seguinte contido:

“Visto o informe do interventor municipal de data 6 de novembro de 2014 e da Xefe do Servizo de Mobilidade e Seguridade de 13 do mesmo mes, cuio contido é o seguinte:

Con data 4 de novembro se remite a esta Xefatura de Servizo de Mobilidade e Seguridade, dende contratación municipal, informe da Intervención Municipal de data 3 de novembro, en relación con expediente de contratación relativo ó subministro do vehículo lixeiro contraincendios mediante renting.

En dito informe se fai mención a que na proposta de resolución que figura no expediente sobre a adxudicación do contrato, recollese o seguinte:

O gasto finanziarase con cargo á aplicación orzamentaria 0601350020400, tramitado como expediente anticipado de gasto, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, a súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios de 2015 a 2019; ámbolos dous inclusive.

O expediente, en consecuencia, ademáis de plurianual, ó amparo do disposto no artigo 110.2 do TRLCSP, tamén se cualifica como de anticipado de gasto, xa que a súa execución material ten lugar nun exercicio orzamentario posterior a aquel no que se autoriza e adxudica.

O artigo 174 do TRLCSP, no seu apartado 3 sinala en relación con elo que, o número de exercicios ós que poden aplicarse os gastos plurianuais non poderá exceder de catro, engadindo no apartado 5 que: “En casos excepcionais o Pleno da Corporación poderá ampliar o número de anualidades así como elevar as porcentaxes ós que se refire no apartado 3 deste artigo”.

Neste caso, se considera xustificado acordar dita excepcionalidade ampliando a unha más as anualidades previstas.

Nun principio se tiña previsto realizar un gasto no ano 2014, de feito no apartado 7 do Prego de Claúslas Administrativas Particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 28 de maio de 2014, se contemplaba unha previsión de gasto de

14.300,18 € IVE incluido, correspondente ós dous meses de execución do contrato neste ano 2.014.

O prego aprobado establece no apartado 9, relativo á duración do contrato, prazo de execución do mesmo, catro anos, a contar dende a data de formalización da acta de recepción definitiva do vehículo, fixándose un prazo máximo de entrega deste de seis meses dende a formalización do contrato.

Entre os criterios de adxudicación que determinan a valoración das ofertas se fixa o de reducción do prazo de entrega, asignando unha serie de puntos por a disminución de dito prazo ata en 60 días, e dicir dous meses.

Tendo en conta polo tanto, que o prazo de entrega podería reducirse en dous meses foi polo que decidíuse contemplar no orzamento vixente a coantía de dous meses no prezo do contrato imputados a esta anualidade, plantexándose tamén que a adxudicación se levaría a cabo antes do mes de novembro deste ano.

Poren, tendo en conta as ofertas presentadas en relación cos prazos de entrega e que na actualidade aínda non foi adxudicado o contrato está claro que a anualidade correspondente a este ano non se vai a gastar.

Esto supón a reasignación necesaria das cantidades correspondentes o importe do renting entre os catro anos de duración do contrato que comenzaría a mediados do ano 2015 e dicir a partires de maio de 2015, á vista de que o prazo de entrega que oferta a empresa que podería ser a adxudicataria do contrato é de 4 meses que comenzarían a contar a partires de xaneiro de 2015, partendo de que a formalización do contrato se levara a cabo a finais do mes de decembro de 2014 o primeiros días do 2015.

En base a estas consideracións é necesario asignar una cantidade para o ano 2015, correspondente as 8 mensualidades do renting. Polo tanto, os catro meses de renting que quedarían pendentes desta anualidade de 2015 terían que abonarse no ano 2019, excedendo así dos catro anos que establece a norma, sendo necesario previamente á adopción do acordo de adxudicación aprobar a excepcionalidade prevista no apartado 5 do artigo 174 do TRLCSP.

Ademais dos motivos expostos que determinaron a necesidade de incrementar nun ano as anualidades orixinariamente previstas, existe unha razón material cal é a necesidade urgente que ten o servizo de bombeiros de dispoñer do vehículo canto

antes. Así o reflicte o informe do Xefe do Servizo de Bombeiros de data 7 de maio de 2014, no que se pon de manifesto que dita urxente necesidade deriva do feito de que actualmente a atención de emerxencias do casco histórico se está a facer cun vehículo que non reúne as características necesarias para dito cometido e que ten defectos de gravidade que non o fan operativo para o desprazamento dos efectivos presentando un grave problema de sobrepeso no eixo traseiro que o fai altamente inestable en desprazamentos de emerxencia, amén doutros defectos que tamén se recollen no mencionado informe.

De feito, na actualidade o vehículo está relegado a función de control de alertas por fugas de gas ou semellantes.

Polo tanto, se considera xustificado que polo Pleno da Corporación se acorde a excepcionalidade prevista no apartado 5 do artigo 174 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en canto á obriga prevista no apartado 3 de dito artigo que establece que o número de exercicios ós que poden aplicarse os gastos plurianuais non poderá exceder de catro.

PROPONSE.- Que polo Pleno da Corporación se acorde aplicar a excepcionalidade prevista no 5 do artigo 174 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en canto á obriga prevista no apartado 3 de dito artigo que establece que o número de exercicios ós que poden aplicarse os gastos plurianuais non poderá exceder de catro, no contrato para subministro do vehículo lixeiro contraincendios mediante renting.”

Posteriormente, o día 24 seguinte, presentase unha corrección da mesma no seguinte senso:

“Visto o informe da Xefatura de Servizo de Mobilidade e Seguridade, desta mesma data, no que se pon de manifesto a existencia dun erro material na proposta desta concollería de data 17 de novembro de 2014, en relación coas anualidades do contrato para adquisición dun vehículo para o Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello, procede a subsanación do erro padecido consistente en que as referencias que na proposta se fan ó TRLCSP en realidade é o TRLRFL, o sexa o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.”

A anterior proposta ven informa pola xefe de servizo de seguridade e mobilidade.

No informe de intervención xeral do concello de data 3 de novembro, figura:

“Que o gasto se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 0601350020400, tramtándose como expediente anticipado de gasto, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, a súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2015: 59.395,87 euros.  
Anualidade 2016: 83.853,00 euros.  
Anualidade 2017: 83.853,00 euros.  
Anualidade 2018: 83.853,00 euros.  
Anualidade 2019: 24.457,13 euros.”

Ten a palabra o Sr. Sánchez-Brunete Varela, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Seguridade e Mobilidade.

Defende que se trata simplemente dun reaxuste de anualidades, e que non supón ningún aumento das mensualidades ou da duración do contrato.

Rematado o turno de intervención, non tendo lugar o segundo, e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria ten lugar o seguinte resultado:

<b>Votos a favor: 24</b>
<b>Votos en contra: 0</b>
<b>Abstencions: 0</b>

Polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos presentes, aprobar a **Proposta de ampliación de contrato para a adquisición de vehículo contraincendios mediante renting.**

De conformidade co Ditame favorable da Comisión informativa de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas correspondente á súa reunión do 25 de novembro de 2014, e consonte cos informes referidos, o pleno da corporación por unanimidade acorda aprobar a proposta transcrita de acordo cos prazos establecidos no informe de intervención.

## **8. PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE FACENDA RELATIVA Á SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DE PRAZOS PARA O REINTEGRO DO PIE DOS ANOS 2008-2009.**

A proposta que emite o concelleiro delegado da área de facenda relativa á solicitude de ampliación de prazos para o reintegro do PIE dos anos 2008-2009, que trae o conforme da viceinterventora ten o seguinte contido:

#### **“ANTECEDENTES**

O Real Decreto-lei 12/2014, de 12 de setembro, polo que se conceden suplementos de crédito e créditos extraordinarios no presuposto dos Ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Educación, Cultura e Deporte, de Fomento e de Agricultura, Alimentación e Medio establece na súa Disposición adicional única a posibilidade de ampliar o prazo dos reintegros dos saldos debedores resultantes a cargo das Entidades locais nas liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado dos anos 2008 e 2009.

No apartado tres se establecen as condicións a cumplir: 3.” A solicitude anterior deberá ser aprobada polo Pleno da corporación local e remitirse polo interventor ou o secretario-interventor ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas por medios telemáticos e con firma electrónica con anterioridade a 30 de novembro de 2014. A ampliación solicitada concederase ás entidades locais que, ademais de ter presentado a liquidación dos presupostos da totalidade de entidades integrantes da corporación local correspondentes a 2013, prevexan cumprir a 31 de decembro de 2014 co obxectivo de estabilidade presupostaria e co límite de débeda pública establecido nos artigos 51 e 53 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 marzo, ao cuxo período medio de pagamento non supere en máis de 30 días o prazo máximo establecido na normativa de morosidade de acordo co período medio de pagamento a provedores que publiquen no mes de outubro de 2014, conforme ao Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira.

En canto á previsión do cumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria e do límite de débeda antes citada terase en conta a información de execución trimestral do presupuesto de 2014 que, correspondendo ao terceiro trimestre de 2014, remitan as entidades locais ata 31 de outubro deste ano.” (...)

E no aparto catro se establece cómo afectará a ampliación ao reintegro das cantidades pendentes:

“4. A aplicación efectiva da ampliación citada no apartado 1 anterior iniciarase na entrega a conta da participación en tributos do Estado do mes de xaneiro de 2015, sendo a partir de entón os reintegros mensuais aplicables os que resulten de dividir o importe pendente de reintegrar esa data polas liquidacións correspondentes aos anos 2008 e 2009 dividido por 204 mensualidades”

Segundo os datos relativos á última entrega que comunicou o Ministerio, o Concello de Santiago de Compostela, terá pendente de reintegrar ó Estado a 31 de decembro: 5.523.799,81 €, que será o importe a considerar para o novo cálculo do reintegro en 204 mensualidades. Logo da ampliación dos prazos, o reintegro mensual ascendería a 27.077,45 €, en lugar do reintegro actual de 65.759,51€.

Tendo en conta, que o Concello de Santiago de Compostela, de acordo coa Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LOEPSF, ten remitido via telemática coa sinatura do Interventor, a información que se accredita nos documentos anexos, e cumpre cos requisitos establecidos no Real Decreto Lei 12/2014

Se PROPÓN ao PLENO:

Aprobar a solicitude de AMPLIACIÓN en 204 mensualidades dos saldos debedores resultantes a cargo do Concello de Santiago de Compostela das liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado dos anos 2008 e 2009 pendente a 31 de decembro de 2014 por importe de 5.523.799,81 €.”

Aberto o debate, ten a palabra o **Sr. Quiroga Limia, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Facenda.**

Relata que o Real Decreto-lei 12/2014, de 12 de setembro, polo que se conceden suplementos de crédito e créditos extraordinarios no orzamento dos Ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Educación, Cultura e Deporte, de Fomento e de Agricultura, Alimentación e Medio, establece na súa Disposición adicional única a posibilidade de ampliar o prazo dos reintegros dos saldos debedores resultantes a cargo das Entidades locais nas liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado dos anos 2008 e 2009.

No apartado tres, indica, establecense as condicións a cumplir:

Primeira: A solicitude anterior deberá ser aprobada polo Pleno da corporación local e remitirse polo interventor ou o secretario-interventor ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas por medios telemáticos e con firma electrónica con anterioridade a 30 de novembro de 2014. A ampliación solicitada concederase ás entidades locais que, ademais de ter presentado a liquidación dos orzamentos da totalidade de entidades integrantes da corporación local correspondentes a 2013, prevexan cumplir a 31 de decembro de 2014 co obxectivo de estabilidade orzamentaria e co límite de débeda pública establecido nos artigos 51 e 53 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 marzo, ao cuxo período medio de pagamento non supere en máis de 30 días o prazo máximo establecido na normativa de morosidade de acordo co período medio de pagamento a provedores que publiquen no mes de outubro de 2014, conforme ao Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

En canto á previsión do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do límite de débeda antes citada, di que se terá en conta a información de execución trimestral do orzamento de 2014 que remitan as entidades locais ata 31 de outubro deste ano, no correspondente ao terceiro trimestre.

No apartado catro, indica, claréxase como afectará a ampliación ao reintegro das cantidades pendentes:

A aplicación efectiva da ampliación citada no apartado 1 anterior, detalla que se iniciará na entrega, a conta da participación en tributos do Estado do mes de xaneiro de 2015, sendo a partir de entón os reintegros mensuais aplicables os que resulten de dividir o importe pendente de reintegrar esa data polas liquidacións correspondentes aos anos 2008 e 2009, dividido entre 204 mensualidades.

Segundo os datos relativos á última entrega comunicados polo Ministerio, indica que o Concello de Santiago de Compostela terá pendente de reintegrar ao estado a 31 de decembro: 5.523.799,81 €, que será o importe a considerar para o novo cálculo do reintegro en 204 mensualidades. Logo da ampliación dos prazos, informa que o

reintegro mensual ascendería a 27.077,45 €, en lugar do reintegro actual de 65.759,51€.

Tendo en conta que o Concello de Santiago de Compostela, de acordo coa Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LOEPSF, ten remitido vía telemática coa sinatura do Interventor, a información que se acredita nos documentos anexos, cumpre cos requisitos establecidos no Real Decreto Lei 12/2014.

En consonancia co anteriormente exposto, propón ao pleno aprobar a solicitude de ampliación en 204 mensualidades dos saldos debedores resultantes a cargo do Concello de Santiago de Compostela das liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado dos anos 2008 e 2009 pendente a 31 de decembro de 2014 por importe de 5.523.799,81 €.

Seguidamente, cédeselle a palabra ao **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG**.

Coincide co Sr. Quiroga Limia en que o debate de fondo que subxace neste punto, tratarase no seguinte punto de debate dos orzamentos, pero quere clarexar a posición de voto do grupo municipal nacionalista.

Declara que non votarán favorablemente a esta proposta de ampliación dos prazos para o reintegro do PIE dos anos 2008 e 2009. En primeiro lugar, porque esta perrogativa é unha medida claramente electoral do goberno central do Partido Popular e, en segundo lugar, porque facendo uso dela neste concello, o único que conseguén é alongar no tempo as débedas a curto prazo, o que lle permite ao goberno maquillar áinda máis a verdadeira faciana económico-financeira do concello. Dende o seu punto de vista, esta medida derivará os gastos a futuros gobernos estrangulando áinda máis a capacidade futura en anos vindeiros de investimentos. Polo tanto, baseándose nos argumentos expostos, di que o voto do grupo municipal do BNG será en contra.

A continuación, toma a palabra o **Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE**.

Comunica que o grupo municipal socialista vaise abster nesta proposta en base a dous argumentos fundamentais.

Primeiramente, di que a pesar de que unha das esixencias que fai a administración do Estado é que o período medio de pagamento non supere máis de 30 días, o goberno municipal o cumpre coas facturas que pagan, pero non coas que non meten por rexistro, que supoñen máis dun 60%. Polo tanto, afirma que non se están a cumplir os 30 días.

En segundo lugar, lamenta que se esté a levar a cabo un endebedamento encuberto do Concello, a pesar de que sexa unha posibilidade legal ofertada polo estado, e que se alongue no tempo o pagamento do que se debe.

En conclusión, tendo en conta os dous motivos plantexados, notifica que o grupo municipal do PSdeG-PSOE vaise abster na presente proposta.

Para réplica, ten a palabra o **Sr. Quiroga Limia, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Facenda**.

Clarexa que esta devolución é consecuencia dos orzamentos do estado do ano 2008 e 2009, cando non gobernaba o Partido Popular. Ademáis, engade, supuxo que o concello recibise 8,2 millóns de euros máis do que tiña que recibir, cantidade que se gastou nos anos 2008 e 2009 e que se está a pagar a día de hoxe. Polo tanto, defende que dende o goberno non están alongando a devolución, senón que están a pagar o que se gastou de máis no ano 2008 e no ano 2009. Concretamente, precisa que ano 2008 gastáronse 1,9 millóns de euros de máis, é dicir, o estado transferiu ao concello de Santiago 1,9 millóns de euros máis dos que tiña que transferir. Detalla que esa cantidade gastouse no ano 2008 e por iso o están a devolver. Así mesmo, sostén que no ano 2009 foron 6,3 millóns de euros os que o estado transferiu de máis ao Concello de Santiago e o actual goberno está a devolvélo, de xeito que rexeita as acusacións sobre o aprazando a débeda do actual goberno, e retruca que o que están a aprazar é o que se gastou de máis nos anos 2008 e 2009.

Por outra banda, afirma que non se trata dunha medida excepcional para o Concello de Santiago, senón para os oito mil concellos de España.

En canto ao período medio de pago a provedores, indica que se está a cumplir, tal e como manifestan os técnicos do concello. Polo tanto, reitera que non é unha débeda actual, senón dunha débeda de 8,2 millóns de euros correspondentes aos anos 2008 e 2009.

Rematado o turno de intervencións, non tendo lugar o segundo e sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria**, ten lugar o seguinte resultado:

**Votos a favor: 12 (PP)**

**Votos en contra: 0**

**Abstencións: 12 (9 PSdeG-PSOE, 3 BNG)**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por maioría simple dos presentes do seu número legal aprobar a **Proposta relativa á solicitude de ampliación de prazos para o reintegro do PIE dos anos 2008-2009.**

De conformidade co Ditame favorable da Comisión informativa de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas correspondente á súa reunión do 25 de novembro de 2014, o pleno da corporación por 12 votos a favor, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular, e 12 abstencións (9 do grupo municipal socialista e 3 do BNG) aproba a proposta transcrita.

## **9. APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO E CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO PARA O ANO 2015.**

\* A proposta do concelleiro delegado de facenda emitida con data 19 de novembro de 2014, ten o seguinte contido:

“Examinado o proxecto de orzamento do Concello de Santiago de Compostela, así como o do Organismo Autónomo “Auditorio de Galicia”, e os estados de previsión de ingresos e gastos das sociedades mercantís de capital integralmente municipal, INCOLSA e TUSSA, esta Concellería propón á Xunta de Goberno Local

**PRIMEIRO:** A aprobación do proxecto de orzamento xeral do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2015, co seguinte resumo por capítulos consolidado:

### **ORZAMENTO CONSOLIDADO:**

<b>CAPÍTULOS</b>	<b>INGRESOS</b>	<b>GASTOS</b>
CAPÍTULO I	40.369.473,89	32.524.757,47
CAPÍTULO II	3.957.610,00	43.506.232,75
CAPÍTULO III	18.589.538,04	1.666.758,15
CAPÍTULO IV	32.496.569,72	9.376.980,10
CAPÍTULO V	851.930,20	
<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>96.265.121,85</b>	<b>87.074.728,47</b>
CAPÍTULO VI	1.650.229,09	11.945.543,60
CAPÍTULO VII	6.824.265,52	645.344,15
<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>8.474.494,61</b>	<b>12.590.887,75</b>
<b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	<b>104.739.616,46</b>	<b>99.665.616,22</b>
CAPÍTULO VIII	90.000,00	90.000,00
CAPÍTULO IX	0,00	4.993.812,67
<b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>90.000,00</b>	<b>5.083.812,67</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO 2015</b>	<b>104.829.616,46</b>	<b>104.749.428,89</b>

O mesmo compõse dos seguintes orzamentos:

#### **CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA:**

<b>CAPÍTULOS</b>	<b>INGRESOS</b>	<b>GASTOS</b>
CAPÍTULO I	40.369.669,49	30.014.437,49
CAPÍTULO II	3.957.610,00	40.455.813,57
CAPÍTULO III	16.531.857,15	1.648.042,15
CAPÍTULO IV	32.353.195,37	12.862.030,87
CAPÍTULO V	844.239,20	
<b>TOTAL OPERACIÓNES CORRENTES</b>	<b>94.056.571,21</b>	<b>84.980.324,08</b>
CAPÍTULO VI	1.650.229,09	11.911.584,92
CAPÍTULO VII	6.824.265,52	645.344,15
<b>TOTAL OPERACIÓNES DE CAPITAL</b>	<b>8.474.494,61</b>	<b>12.556.929,07</b>
<b>TOTAL OPERACIÓNES NON FINANCEIRAS</b>	<b>102.531.065,82</b>	<b>97.537.253,15</b>
CAPÍTULO VIII	80.000,00	80.000,00
CAPÍTULO IX		4.993.812,67
<b>TOTAL OPERACIÓNES FINANCEIRAS</b>	<b>80.000,00</b>	<b>5.073.812,67</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO 2015</b>	<b>102.611.065,82</b>	<b>102.611.065,82</b>

#### ORGANISMO AUTÓNOMO “AUDITORIO DE GALICIA”:

<b>CAPÍTULOS</b>	<b>INGRESOS</b>	<b>GASTOS</b>
CAPÍTULO I		855.793,42
CAPÍTULO II		713.181,01
CAPÍTULO III	507.623,66	1.000,00
CAPÍTULO IV	1.088.050,77	
CAPÍTULO V	300,00	
<b>TOTAL OPERACIÓNES CORRENTES</b>	<b>1.595.974,43</b>	<b>1.569.974,43</b>
CAPÍTULO VI		26.000,00
CAPÍTULO VII		
<b>TOTAL OPERACIÓNES DE CAPITAL</b>	<b>0,00</b>	<b>26.000,00</b>
<b>TOTAL OPERACIÓNES NON FINANCEIRAS</b>	<b>1.595.974,43</b>	<b>1.595.974,43</b>
CAPÍTULO VIII	10.000,00	10.000,00
CAPÍTULO IX		
<b>TOTAL OPERACIÓNES FINANCEIRAS</b>	<b>10.000,00</b>	<b>10.000,00</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO 2015</b>	<b>1.605.974,43</b>	<b>1.605.974,43</b>

#### SOCIEDADE MERCANTIL TUSSA:

<b>CAPÍTULOS</b>	<b>INGRESOS</b>	<b>GASTOS</b>
CAPÍTULO I		861.011,16
CAPÍTULO II		460.123,89
CAPÍTULO III	1.295.174,05	
CAPÍTULO IV		
CAPÍTULO V	86.882,48	
<b>TOTAL OPERACIÓNES CORRENTES</b>	<b>1.382.056,53</b>	<b>1.321.135,05</b>
CAPÍTULO VI		7.958,68
CAPÍTULO VII		
<b>TOTAL OPERACIÓNES DE CAPITAL</b>	<b>0,00</b>	<b>7.958,68</b>
<b>TOTAL OPERACIÓNES NON FINANCEIRAS</b>	<b>1.382.056,53</b>	<b>1.329.093,73</b>
CAPÍTULO VIII		
CAPÍTULO IX		
<b>TOTAL OPERACIÓNES FINANCEIRAS</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO 2015</b>	<b>1.382.056,53</b>	<b>1.329.093,73</b>

#### SOCIEDADE MERCANTIL INCOLSA:

<b>CAPÍTULOS</b>	<b>INGRESOS</b>	<b>GASTOS</b>
CAPÍTULO I		793.515,40
CAPÍTULO II		1.956.801,36
CAPÍTULO III	254.883,18	17.716,00
CAPÍTULO IV	2.540.374,35	
CAPÍTULO V		
<b>TOTAL OPERACIÓNES CORRENTES</b>	<b>2.795.257,53</b>	<b>2.768.032,76</b>
CAPÍTULO VI		
CAPÍTULO VII		
<b>TOTAL OPERACIÓNES DE CAPITAL</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>TOTAL OPERACIÓNES NON FINANCEIRAS</b>	<b>2.795.257,53</b>	<b>2.768.032,76</b>
CAPÍTULO VIII		
CAPÍTULO IX		
<b>TOTAL OPERACIÓNES FINANCEIRAS</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO 2015</b>	<b>2.795.257,53</b>	<b>2.768.032,76</b>

**SEGUNDO:** Aprobar as Bases de Execución e restante documentación complementaria que integra o Orzamento municipal de 2015.

**TERCEIRO:** Unha vez aprobado o proxecto de orzamentos pola XGL, remitilo ao Pleno da Corporación para a súa aprobación inicial e exposición ao público, previa convocatoria da Comisión de Facenda. No caso de non terse presentado reclamacións durante o período establecido no artigo 169 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, o mesmo considerarase definitivamente aprobado, procedéndose á publicación do seu resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia.”

\* Tamén figura no expediente a proposta do concelleiro delegado de réxime interior de data 17 de novembro de 2014, respecto ao cadro de persoal para o ano 2015, que a continuación se transcribe:

“O artigo 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o 126.1 do RD 781/1986, de 18 de abril dispoñen que o cadro de persoal se aprobá anualmente con ocasión da aprobación do presupuesto. A presente proposta ten pois como obxecto someter ó Pleno da Corporación a aprobación do cadro de persoal para o ano 2015, documento que se aprobá conxuntamente co presupuesto.

O cadro de persoal é unha manifestación da potestade auto-organizatoria das corporación locais, que se infire do que dispón o artigo 4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

A característica esencial do cadro é a súa íntima vinculación ó presupuesto, de xeito que aquel instrumento é un elemento que vincula as políticas de persoal e presupostaria. É asemade un elemento necesario para dar cumprimento ó principio de legalidade presupostaria, que indica os postos que poden cubrirse cos fondos presupostarios, isto é, as dotacións presupostarias. Configúrase tamén como un límite negativo, **xa que non poden crearse, e menos cubrirse, postos ou prazas non dotadas presupostariamente.**

Búscase deste xeito unha efectiva correlación entre créditos orzamentarios e anexo de persoal, dando así cumprimento ó disposto no artigo 18.1.c) do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

A presente proposta formúlase de conformidade co sinalado no artigo 3 do RD 20/2011, do 30 de decembro, que impide a incorporación de novo persoal, e do

borrador de Lei de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2015, que establece límites ás ofertas de emprego.

**Das diferenzas esenciais con respecto ó reflectido no cadro de persoal do ano 2014 destacan as seguintes:**

- \* Modifícanse as denominacións das direccións de área para adaptalas ós acordos da Xunta de Goberno Local de datas 22 e 29 de agosto de 2014, que a efectos orzamentarios tamén teñen repercusión nos niveis de complemento de destino nos que clasifican as prazas.
- \* Desaparece unha praza de aparelador (persoal funcionario) debido á súa xubilación no ano 2013, dada a disparidade entre o cadro de persoal de 2014 e o orzamentado para tal exercicio, xa que áinda que contemplada no cadro, non figuraba orzamentada no anexo de Persoal ( capítulo I do orzamento).
- \* Desaparece unha praza de canteiro-albanel da brigada de vías e obras ( persoal funcionario), vacante sen previsións de cobertura, e se transforma nunha praza de oficial-albanel vacante por xubilación en decembro de 2013, de modo que se manteñen as 5 prazas de oficial-albanel que figuraban no cadro do ano 2014 ( na actualidade 4 cubertas e unha vacante por xubilación).
- \* Increméntase unha praza de músico C1 (persoal funcionario) debido á existencia de sentenza que declara relación laboral indefinida non fixa. Contémplase a praza no apartado de persoal funcionario debido á súa natureza funcional na escala de administración especial, subescala de servizos especiais clase cometidos especiais-banda de música. A praza incluirase en oferta de emprego para a súa cobertura de conformidade cos principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.
- \* Modifícase a denominación da praza de técnico auxiliar de prevención de riscos laborais debido a que o vocablo de “auxiliar” fai referencia á súa inclusión dentro da clase de “técnicos auxiliares” dentro da subescala técnica da escala de administración especial, o que pode inducir a erro, posto que a praza creada no seu día e cuberta interinamente na actualidade responde mellor á denominación de “técnico intermedio de prevención de riscos laborais”, coas funcións que recolle o artigo 36 do RD 39/97, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.

\* Suprímese unha praza de auxiliar de inspección (persoal funcionario) dada a disparidade entre o cadro de persoal de 2014 e o orzamentado para tal exercicio, xa que áinda que contemplada no cadro, non figuraba orzamentada no anexo de Persoal (capítulo I do orzamento).

\* Suprímense dúas prazas de limpadora (persoal laboral) por mor de xubilación e dado que figuraban no cadro coa precisión de “a amortizar”.

\* Suprímese unha praza de oficial 1ª electricista do departamento de tráfico (procedente da estación de autobuses e clasificado como persoal laboral), porque aínda queo empregado que a ocupaba se xubilou no ano 2010, viña incluída no cadro de persoal do ano 2014 sen que no orzamento do mesmo ano figurase dotada.

No que se refire á creación de novas prazas, cómpre informar que se manteñen -con excepción do relatado con anterioridade- tódalas correspondentes ás xubilacións e baixas producidas no ano 2014, en previsión de que a(s) futura(s) lei(s) de orzamentos xerais do Estado permitan a cobertura do 100% da taxa de reposición de efectivos para tódolos colectivos.

No tocante á promoción interna, contémplanse as xa reflectidas no cadro do ano 2014 relativas a 8 prazas de administrativos de administración xeral e 2 de sargentos do servizo de extinción de incendios, ás que no orzamento de 2015 se suman as seguintes:

\* Catro prazas de técnico de administración xeral, para promoción interna dende a subescala de xestión, coa previsión de “a amortizar” as prazas de técnico de xestión unha vez ultimado o proceso.

\* Catro prazas de técnico de xestión, para promoción interna dende a subescala administrativa, coa previsión de “a amortizar” as prazas de administrativo unha vez ultimado o proceso.

\* Unha praza de inspector principal da policía local, debido a que a segunda vacante está reservada a proceso de mobilidade interadministrativa.

\* Tres prazas de inspector da policía local.

\* Catro prazas de oficial da policía local, debido a que a 5ª vacante está reservada a proceso de mobilidade interadministrativa.

Dende o aspecto retributivo, tamén se contemplan as previsións do proxecto de lei de orzamentos do Estado, de conxelación salarial, á parte das distintas contías das pagas extraordinarias que recolle o proxecto.

É canto teño a ben propoñer.”

Achegados ao expediente figura o informe económico-financeiro, o informe de fiscalización do orzamento emitido polo Sr. Interventor xeral e o informe da xefatura de persoal sobre a aprobación do cadro de persoal para o ano 2015.

O presente punto conta co Ditame favorable da Comisión informativa de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas correspondente á súa reunión do 25 de novembro de 2014.

Sometido a votación este asunto acádase o resultado de 12 votos a favor correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular, e 12 votos en contra correspondentes aos membros dos grupos municipais socialista e do BNG (9 PSdeG-PSOE e 3 BNG), acadándose o resultado de empate.

Sometido novamente a votación e utilizando o Sr. Alcalde o seu voto de calidade, por 13 votos a favor e 12 votos en contra, o pleno da corporación acorda aprobar a proposta do concelleiro delegado da área de facenda, transcrita ao inicio e aprobar inicialmente o cadro de persoal do concello para o ano 2015.

O presente acordo someterase ao trámite de información pública previsto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. De non se formular alegacións ou reclamacións entederase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

O cadro de persoal para o ano 2015 que ven de aprobase inicialmente é o que a seguir se transcribe:

**CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ANO 2015**

**A.- ÓRGANOS DIRECTIVOS ARTIGO 130 LEI 7/1985**

- 1 Director/a de área de Facenda e Orzamentos.- Grupo A1.
- 1 Director/a da área de Mobilidade e Seguridade Cidadá.- Grupo A1.
- 1 Director /a da área xurídica de Desenvolvemento Urbano Sostible.- Grupo A1.
- 1 Director/a da área de Persoal, contratación e informática.-Grupo A1.
- 1 Director/a da área técnica de desenvolvemento Urbano Sostible.- Grupo A1.

## **B.- FUNCIONARIOS DE CARREIRA.**

### **CON HABILITACIÓN NACIONAL.-**

- 1 Secretario.- Grupo A1.
- 1 Interventor.- Grupo A1.
- 1 Tesoureiro.- Grupo A1.
- 1 Vicesecretario.- Grupo A1.
- 1 Viceinterventor.- Grupo A1.
- 1 Vicetesoureiro.- Grupo A1.
- 1 Secretario/a de Apoio.- Grupo A1.
- 1 Interventor/a de Apoio.- Grupo A1.

### **ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL.-**

#### **Subescala Técnica**

**23 Técnicos.**- Grupo A1.-Nivel Titulación: Licenciado en Dereito, Ciencias Políticas, Económicas ou Empresariais, Intendente Mercantil ou Actuario.

#### **Subescala de xestión.-**

**12 técnicos de xestión.**- Grupo A2.- Nivel de Titulación: Diplomado universitario, coas especificacións que se conteñen na relación de postos de traballo.

#### **Subescala Administrativa**

**52 Administrativos.**- Grupo C1. Nivel Titulación: Bacharelato Superior, Formación Profesional 2º Grao ou equivalente.

#### **Subescala Auxiliar**

**51 Auxiliares Administrativos.**- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

#### **Subescala Subalterna**

**4 Conserxes.**- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

**7 Uxieres.**- Agrupacións Profesionais Estatuto Básico Empregado Público- Nivel Titulación: Certificado de Escolaridade

## **ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL**

### **Subescala Técnica**

#### **Técnicos Superiores:**

- \*1 Técnico Superior Medio Ambiente.- Grupo A1. Nivel titulación: Licenciado Superior.
- \*1 Inspector sanitario.- Grupo A1. Nivel titulación: Licenciado en farmacia, licenciado en ciencias químicas, licenciado en ciencias biológicas.
- \*9 Arquitectos.- Grupo A1. Nivel Titulación: Licenciado na Escola de Arquitectos Superiores.
- \*1 Asesor Xurídico.- Grupo A1. Nivel Titulación: Licenciado en Dereito.
- \*1 Pedagogo.- Grupo A. Nivel Titulación: Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación, especialidade Pedagogía.
- \*1 Arqueólogo.- Grupo A1. Titulación en Xeografía e Historia, especialidade de Arqueoloxía.
- \*2 Economistas. Grupo A1. Nivel Titulación: Licenciado en Ciencias Económicas ou Empresariais.
- \*1 Analista de Sistemas Informáticos.- Grupo A1. Nivel Titulación: Enxeñeiro Superior de Telecomunicacións, Licenciado en Informática, Licenciado en Matemáticas.
- \*1 Técnico en prevención de riscos laborais. Grupo A1. Nivel Titulación: Licenciado Universitario con alomenos 2 especialidades do Regulamento de Prevención.
- \*1 técnico de programación e xestión cultural. Grupo A1. Nivel de titulación: Superior. Licenciado universitario en disciplinas afíns á área de humanidades.
- \*1 licenciado/a en dereito para servizos sociais. Grupo A1, nivel titulación: Licenciado en dereito.

#### **Técnicos Medios**

- \*3 Enxeñeiros Técnicos en Obras Públicas. – Grupo A2. Nivel Titulación: Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas.
- \*2 Enxeñeiros Técnicos Industriais.- Grupo A2. Nivel Titulación: Enxeñeiro Técnico Industrial.
- \*5 Aparelladores.- Grupo A2. Nivel Titulación: Arquitecto Técnico.
- \*1 Asistente Social.- Grupo A2. Nivel Titulación:Asistente Social.

\*1 Graduado Social.- Grupo A2. Nivel Titulación: Graduado Social.

\*2 técnicos medios en informática. Grupo A2. Nivel Titulación: Diplomado Universitario en Informática.

### **Técnicos Auxiliares**

\*6 Técnicos en Informática.- Grupo C1. Nivel Titulación: Técnico Especialista en Informática, FP-2 de 2º Grao ou equivalente.

\*8 Delineantes.- Grupo C1. Nivel Titulación: Técnico Especialista en Delineación, F.P de 2º Grao ou equivalentes.

\*1 Encargado de Instalacións Semafóricas.- Grupo C1. Nivel Titulación: Bacharelato Superior, Formación Profesional de 2º Grao ou equivalentes.

\*1 Encargado de Parques e Xardíns.- Grupo C1. Nivel Titulación: Diploma de Capataz Agrícola, especialidade: Xefe de Explotación.

\*1 Encargado da Brigada de Vías e Obras.- Grupo C1. Nivel Titulación: Bacharelato Superior, Formación Profesional de 2º Grao ou equivalente.

\*1 Encargado da Oficina Municipal de Información ao Consumidor.- Grupo C1. Nivel de Titulación: Bacharelato, Formación Profesional de 2º grao ou equivalente.

\*1 Técnico intermedio en prevención de riscos laborais.- Grupo C1. Nivel Titulación: Bacharelato Superior, Formación Profesional de 2º grao ou equivalente, con curso de prevención de 300 horas homologado, ou ciclo superior FP, familia profesional de mantemento e servicios á producción.

### **Subescala de Servizos Especiais**

#### **1.- PERSOAL DE OFICIOS:**

##### **A) Parques e Xardíns.**

\*3 especialistas.- Grupo C1. Bacharelato Superior, Formación Profesional de 2º grao ou equivalente.

\*9 Oficiais Xardineiros.- Grupo C2. Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

##### **B) Parque Móbil.**

\*1 Xefe Parque Móbil.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

\*1 Conductor.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

### **C) Vías e Obras.**

\*3 Capataces.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

\*5 Oficiais Albaneis.- Grupo C2 Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

\*2 Oficiais Carpinteiros.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

\*1 Oficial Fontaneiro Soldador.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

### **D) Circulación e seguridade cidadá**

\*Un oficial albanel (procedente da Brigada de Vías e Obras) Grupo C2. Nivel de titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º grao ou equivalente.

## **2.- COMETIDOS ESPECIAIS**

### **A) BANDA DE MÚSICA.**

\*25 músicos.- Grupo A2.

\*7 músicos.- Grupo C1.

### **B) SANIDADE E MEDIO AMBIENTE:**

\*3 Auxiliares de Inspección de Servizos.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, FP 1º Grao ou equivalente.

## **3.- EXTINCIÓN DE INCENDIOS:**

\* 1 Oficial.

\*1 Suboficial.

\*6 sargentos.

\*10 Cabos.

\*49 Bombeiros-Conductores.

#### **4.- POLICÍA MUNICIPAL**

- \*5 Inspectores principais.- Grupo A2. Escala Executiva da Polícia Municipal.
- \*10 Inspectores.- Grupo A2. Escala Executiva da Polícia Municipal.
- \*19 Oficiais.- Grupo C1 Escala básica da Polícia Municipal.
- \*125 Polícias.- Grupo C.1 Escala básica da Polícia Municipal.

#### **C) PERSOAL LABORAL**

##### **IGUALDADE E SERVIZOS SOCIAIS.**

- \*2 Avogados.
- \*10 Traballadores/as Sociais.
- \* 2 Educadores/as Familiares.
- \* 1 Administrativo.
- \*1 Auxiliar Administrativo .
- \* 1 axente de emprego local.

##### **BRIGADA DE VÍAS E OBRAS**

- \*1 Conductor.
- \* 1 Oficial Conductor- Palista.
- \*1 Oficial Soldador.
- \*1 Capataz.

##### **BRIGADA DE PARQUES E XARDÍNS**

- \* 1 oficial.
- \*1 Soldador.

##### **DEPORTES**

- \*1 Técnico en Programación Deportiva.
- \*1 Técnico en Mantemento.
- \*10 Porteiros-Conserxes.

##### **PARQUE MÓBIL**

\*3 Conductores.

\*1 Mecánico Conductor.

## **SERVIZOS INTERNOS**

\*5 Uxieres laborais, equiparados a funcionarios E-14.

\*1 Limpadora (a extinguir).

## **EDUCACIÓN / CENTROS SOCIOCULTURAIS.**

\*3 Técnicos en Educación e Mocidade.

\*2 Técnicos en Programación.

\*2 Educadores-Monitores.

\*8 Animadores Socioculturais.

\*2 auxiliares administrativos

## **EMPREGO E PROMOCIÓN ECONÓMICA**

\*1 Técnico en orientación laboral.

\*3 Axentes de Desenvolvemento Local.

## **INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN**

\*1 Técnico de Desenvolvemento Local.

## **DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA**

\*1 Técnico en Normalización Lingüística.

## **PRENSA E PUBLICACIÓNS**

\*1 Xornalista.

## **OFICINA REHABILITACIÓN DE VIVENDA**

\*1 Técnico de Xestión.

## **TESOURERÍA/RECADACIÓN MUNICIPAL:**

\*1 Auxiliar de Recadación de 1<sup>a</sup>.

\*8 auxiliares administrativos (antigas denominacións: auxiliares de recadación 2<sup>a</sup> e 3<sup>a</sup>, auxiliares de oficina de 1<sup>a</sup> e 2<sup>a</sup>)

\*1 Subalterno.

## **ÓRGANOS DE GOBERNO**

\*1 auxiliar administrativo.

## **PERSOAL**

\*1 auxiliar administrativo.

## **OMIC**

\*1 Auxiliar Administrativo.

## **BANDA DE MÚSICA**

\* 1 Director grupo A1. Contrato de alta dirección.

\* 3 músicos grupo C2.

## **UMAD**

\*5 Psicólogos.

\*2 Médicos.

\*1 Auxiliar Clínica.

\*2 Educadores Especializados.

\*1 Administrativo.

\*2 ATS.

\* 1 Director de Tempo Libre.

\*1 Monitor ocupacional.

\* 1 traballador social.

## **INSPECCIÓN DE SERVIZOS:**

\*1 Encargado.

## **PERSOAL LABORAL FIJO PROCEDENTE DA EXTINTA EMUVISSA:**

- \* 1 Licenciado en dereito.
- \* 1 Licenciado en empresariais.
- \* 1 Arquitecto.
- \* 1 Enxeñeiro de camiños.
- \* 1 Delineante.
- \* 2 Administrativos.

## **D) PERSOAL EVENTUAL.**

- \*1 Xefe Gabinete Alcaldía.
- \*2 Asesores Grupo A1.
- \*4 Asesores Grupo A1.
- \*6 Administrativos grupo C1.
- \*2 Auxiliares administrativos grupo C2.

O **Sr. alcalde-presidente**, antes de proceder ao debate por considerar que ten especial alcance debido ao seu contido, anuncia que os tempos serán flexibles ata os 15 minutos, se non hai oposición ao respecto.

Ten a palabra o **Sr. Quiroga Limia, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Facenda**.

No día de hoxe, afirma, o goberno municipal está a achegar un gran máis de area para continuar contribuíndo ao futuro da cidade cos orzamentos de 2015.

Lembra que fai vinte anos que os orzamentos non se aproban no mes de novembro, amosando unha clara capacidade de xestión do goberno local que en pouco máis de cen días elaborou o principal instrumento económico para a xestión da cidade. Di que iso suporá que dende principios de ano a cidade conte coa planificación necesaria para xestionala. Dende o seu punto de vista, trátase duns orzamentos sociais, inversores, dinamizadores, e planificadores da cidade.

Quedará para a posteridade, profía, que o goberno teña creado por primeira vez, a renda da solidariedade de Santiago de Compostela para os más desfavorecidos, algo que califica como insuficiente pero que non debería ter retorno.

Estima que a grave recesión que dende o ano 2008 viña experimentando a economía froito da acumulación de desequilibrios, fixo necesaria a adopción de profundos axustes para recuperar a medio prazo a estabilidade, precisando a elaboración dun plan de axuste.

Relata que as reformas inxeríronse dentro dunha estratexia de política económica baseada en catro pilares: o control do gasto e do ingreso, a contención da débeda, e a implicación dos centros xestores na xestión económica.

Así mesmo, indica que o cumprimento da estabilidade, a regra do gasto e do déficit cero, e os importantes avances na corrección de desequilibrios, quedan reflectidos na evolución dos principais indicadores económicos do concello, os cales amosan como o concello logrou corrixir o déficit, alcanzar superávit, finanziarse con recursos propios, diminuir o endebedamento privado, e rebaixar dous anos consecutivos a presión fiscal aos cidadáns, é dicir, estabilizarse.

Manifesta que o ano 2014 puido alzarse como unha incipiente recuperación económica das arcas municipais, e deberá consolidarse no ano 2015.

Declara que o plan de axuste levado a cabo no ano 2012, posibilitou que a día de hoxe se alcance o orzamento máis elevado de todo o mandato, sen débeda e sen déficit.

Sinala que os orzamentos de 2015, tal e como comentará a continuación, caracterízanse polos seguintes indicadores:

Uns orzamentos de déficit cero.

Uns orzamentos de débeda cero.

Uns orzamentos sociais, os de maior gasto social de todo o mandato.

Uns orzamentos inversores, o de maior gasto inversor de todo o mandato.

Realistas e equilibrados e que planifican o futuro da cidade.

Ademáis das anteriores, e xa no ámbito puramente financeiro, destaca que se trata dun orzamento de base cero de débeda, é dicir, clarexa que o goberno do ano 2016 non terá que asumir un só euro de aumento da débeda a pesar de estar en época electoral, vencendo así a tentación do recurso fácil de acometer investimentos con

financiamento privado ou novas políticas electoralistas e curto pracentes, posiblemente determinantes dun futuro deficit público. Neste momento, opta pola aplicación de políticas responsables e serias.

Así, afirma que no presente mandato a débeda reducirase en 25 millóns de euros, dos 65,5 millóns de euros que había no 2011, aos probables 41 millóns de euros cos que rematará o mandato. Deste xeito, relata que a carga financeira diminuirá prácticamente a metade, e ao mesmo tempo di que o importante non é tanto que se reduza a débeda pública, senón a reducción da carga financeira sobre os cidadáns, alcanzando unha rebaixa de 243 euros por habitante.

Por outra banda, pon de manifesto a relevancia do cumprimento do déficit, que posibilitou obter un superávit de 5,2 millóns de euros no ano 2013, anticipar o pagamento da débeda en catro millóns de euros, fazer un plan de choque de actuación sustentables nun 1,2 millóns de euros, e ademáis un importante aforro no pagamento de xuros en 2015, derivado do estrito cumprimento dos requisitos da lei 18/2014, de crecemento da competitividade e da eficiencia.

Sostén que durante o ano 2014 o aforro destinado a políticas sociais derivadas da amortización anticipada de débeda e de redución de xuros, será de preto de 4,3 millóns de euros, o aforro de xuros en 2015 pola amortización anticipada, 82.000 euros, e os aforros de xuros da nova operación ICO serán 236.000 euros.

Por último, antes de tratar a análise dos orzamentos dos diferentes departamentos e concellarías, resalta que se trata dun orzamento para todo o ano 2015, de xeito que coa planificación de gasto e ingreso resulta sustentable.

No tocante aos capítulos de ingresos, destaca a minoración do capítulo I de impostos directos en menos de 500.000 euros, derivado do plan fiscal, por motivo da rebaixa do tipo do IBI e das plusvalías, no que nos impostos indirectos o aumento dos impostos cedidos polo estado en concreto do IVE en máis de 300.000 euros, tamén, as transferencias correntes derivadas de participar nos ingresos do estado o aumento de 1,2 millóns de euros, o aumento no capítulo VI derivado da enaxenación de parcela, e no capítulo VII derivado de ampliación da flota de autobuses e do proxecto Smart city en concreto 102,6 millóns de euros, que o orzamento medra 1,65, e un 8,08% en operacións non financeiras.

En base aos capítulos de gastos, di que medra tanto o capítulo de persoal en 600.000 euros, derivado principalmente das principais medidas referidas á función pública,

como o capítulo IV, principalmente por gasto social. Ao mesmo tempo, prosegue, baixa o pagamento de intereses un 5,04%, amortización da débeda un 40%, e aumentan os investimentos un 20%; e o orzamento nun 1,65%. Polo tanto, mantén que se trata dun orzamento tamén de 102,6 millóns de euros, perfectamente estable.

No referente ás árees ou concellarías, profía que a área social é a que máis destaca con 9 millóns de euros para servizos sociais, incrementándose un 20% con respecto a 2014, converténdose na suba máis grande dende o ano 2010, incluído o 2011, e na Área que máis aumenta, só superada pola Área de Seguridade e Transporte público, polo investimento da renovación da flota de autobuses; así no ano 2011, existían 6,4 millóns de euros para servizos sociais, e este ano existiran 9,02 millóns de euros para servizos sociais, 3 millóns de euros máis que no ano 2011.

Ao respecto das transferencias correntes, afirma que aumentan un 70%, derivado principalmente da introducción da renda social, alcanzando un millón de euros, cunha dotación de 2,2 millóns, entre subvencións e transferencias nominativas a entidades para o deporte que tamén medran un 12%, cun total de 2,2 millóns de euros. Así mesmo, sinala que aumentan nun 12% as medidas de apoio para a prevención e interrelación social, MAPIS e as bolsas para o comedor. Ademáis, como feito histórico impulsa a renda de solidariedade de Santiago de Compostela dotada inicialmente con 600 mil euros, pero agarda que se incremente, de ser positivo o resultado de 2014.

En canto ás subvencións, anunci que medran as nominativas un 14%, alcanzando os 456.000 euros. Aquelas destinadas aos deportes, aumentan un 30% ata os 268.000 euros; para actividades, muller, educación, e normalización lingüística medran un 18%, un 17% e un 5% respectivamente. En actividades deportivas alcánzase o 23% ata os 150.000 euros; e para os colexios, garderías, instalacións deportivas haberá un aumento do 30% ata os 760.000 euros, para CPEIS, Escolas infantis, educación, instalacións deportivas, etc. A respecto dos investimentos, melloran as instalacións deportivas por importe de 400.000 euros, e como principal actuación, a actuación integral de instalacións deportivas en San Lázaro con 3,5 millóns de euros, que se desenvolverán durante o ano 2015 ata o ano 2018.

En canto á Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, con 30 millóns de euros de orzamento, manifesta que aumenta un 0,30%, máis 3,1 millóns de euros en investimentos plurianuais. O proxecto, engade, contempla por unha banda, un total de 10 millóns de euros en investimentos para dita consellería e, pola outra, o proxecto smar citi, con 1,5 millóns de euros, co fin de xestionar os servizos básicos dos cidadáns de forma intelixente a través das novas tecnoloxías, para lograr tanto a

sustentabilidade como a eficiencia futura dende varios puntos de vista, urbanísticos, económicos, medio ambiental, enerxético, etc.

Para o rural segundo informa, destinase un millón de euros, entre o programa da Deputación POS e haberá un aumento para camiños veciñais en 200.000 euros.

Co obxectivo de planificar a cidade para o futuro, indica que a intermodal estará dotada con 3,1 millóns de euros durante os anos 2015-2018 para actuacións complementarias da estación.

No caso de Angrois, anuncia que terá unha dotación de 250.000 euros para diversos proxectos, entre os que destaca o de mellora de mobilidade e accesibilidade no barrio de Vista Alegre, 600.000 euros; o SUNP-11 con 1,5 millóns de euros; rúa Carretas con 438.000 euros; Fontiñas 724.000 euros; Montero Ríos 1,5 millóns de euros; Carreira do Conde 76.000 euros; Quiroga Palacios 470.000 euros; e cobertura de parques infantís 240.000 euros; a iso advirte que haberá que sumar o plan de choque aprobado recentemente e dotado con 1,2 millóns de euros. Baseándose no anterior, mantén que a área de Desenvolvemento Urbano e Sostible é unha das concellarías que máis medra este ano.

Na área de Turismo evidénciase, dende o seu punto de vista, outro novo esforzo do concello, grazas á situación de superávit do ano 2013. Indica que se trata da maior aposta polo turismo en moitos anos, para o desenvolvemento estratéxico, e que crea un gran número de postos de traballo na cidade e da industria turística. Lembra que a achega do concello triplica a existente no ano 2013, xa que se dota con 2.400.000 euros.

Na área de Emprego indica que tamén medra con respecto ao ano 2014, e anuncia que se destinarán 1,6 millóns de euros, entre os diversos programas, o Pacto Local de emprego con 300 mil euros, ECOTUR Santiago 72.000, obradoiro de emprego 263.000, emprego Santiago 3, obradoiro de emprego, emprego santiago 4, accións formativas para o desempregados 321000 euros; programa de orientación laboral e programa dual da Consellería de Traballo con 52.000 euros.

Na área de promoción empresarial e comercio, declara que se continúa coa promoción do comercio en Santiago e co desenvolvemento empresarial cunha dotación de 600 mil euros para moi diferentes actuacións, entre elas, o clube financeiro, o plan de modernización do Tambre, etc.

Na área de Cultura anuncia un total de 5 millóns de euros, ademáis de repotenciar o Auditorio de Galicia, como eixe de expansión da cultura en Galicia con preto de 1,5 millóns de euros a desenvolver nos anos 2015, 2016 e 2017.

En base a outros investimentos, alude o paseo Literario na Alameda e a Praza da Inmaculada con 88.000 euros, e actuacións de rehabilitación integral con 563 mil euros.

Como actuacións plurianuais, a intermodal, a actuación de integrar instalacións deportivas en San Lázaro e a remodelación do Auditorio de Galicia dotadas en total con 8 millóns de euros.

Por outra banda, di que o orzamento que máis se incrementa é o destinado á área de Seguridade e Transporte, pois medra, 11 millóns de euros, un 55% con respecto ao ano anterior. Na mesma liña, aumenta, anuncia, a subvención ao transporte metropolitano un 3%, situándose preto dos 5 millóns de euros. Ademáis, indica que se conxela o prezo do billete do autobús e renóvase a flota de autobuses a través da empresa concesionaria con 3,5 millóns de euros para unha dotación de 11 novos autobuses urbanos, cun aumento da subvención de 140.000 euros ao transporte público, e renovase tamén, a flota de seguridade (vehículo lixeiro contraincendios para o centro histórico, vehículo autoescala, vehículo todoterrenos para protección civil, vehículos novos para a policía, todoterreno, furgón, atestados, etc), cun custo total de 500.000 euros.

Na área de función pública, afirma que o goberno ten especialmente compromiso. Lembra que na mesa de negociación foi posible acometer unha primeira negociación que estará aberta ata o día 3 de decembro e, conscientes das necesidades da mellora das mesmas, indica a necesidade de profundizar no seu desenvolvemento con políticas reais e concretas, afastados de intereses partidistas e partidarios. Anuncia como medida un incremento progresivo das partidas ata alcanzar o existente no ano 2011 no capítulo I 30 millóns de euros, e di que aumenta este ano en 600.000 euros. Á súa vez créase, segundo manifesta, unha nova partida para un plan de función pública que estará dotado con 238.000 euros este ano, aumentará no ano 2016, 146.000; e aumentara no ano 2017 outros 146.000 euros, de xeito que en total no ano 2017 terá 531.000 euros, é dicir, o 100% do existente no ano 2011.

Como segunda medida, sostén que se aumentan as partidas de acción social, en 25000 euros, pasando a ter 350.000 euros, que se mantén o plan de formación con 65.000

euros, que se recupera o concurso de entre funcionarios dotado con 20.000 euros, e que a oferta pública de emprego estará dotada con 60.000 euros.

Creánse, prosegue, 30 prazas de promoción interna, 4 prazas dos grupos A2 a A1; 4 prazas do grupo C1, 8 prazas de C2 a C1, 4 prazas de oficiais policía, 2 prazas de sargento-bombeiros; 3 prazas de inspectores de policía, e 1 praça de inspector de policía principal.

A maiores di que se orzamentan as prazas, agardando que a través da lei de orzamentos do estado permita a reposición de efectivos a partir do ano 2015.

Nas empresas e no Auditorio, profía que destaca especialmente INCOLSA, dado que aumenta un 30% o seu orzamento cunha dotación do Concello de 2.400.000 euros, ata situarse nos 2,8 millóns de euros. No caso de Tussa-transporte público, afirma que aumenta un 1% e ten un orzamento de 1,3 millóns de euros. Por último, sostén que no Auditorio tamén aumenta nun 1% situándose en 1,6 millóns de euros.

Como conclusión, declara que este orzamento de 102 millóns de euros, é o que ten maior nivel de gasto de todo o mandato, incluso superando ao de 2011 con 95,2 millóns. Parécelle que se trata dun orzamento que rebaixa nun 40% a carga financeira aos cidadáns, de xeito que en amortizacións pagaranse este ano 4,9 millóns, fronte aos 8,2 do ano 2014. Ademais, aumenta un 1,65% o gasto e ingreso, un 8,18% os ingresos non financeiros, e un 7,20%, comparado co de 2011, en gastos.

Defende que se trata dun orzamento que cumple cos parámetros de estabilidade, regra do gasto, e sen déficit, que aumenta o gasto social un 20%, que aumenta un 55% a seguridade e o transporte público, e que conta co maior gasto social, de seguridade, transporte público de todo o mandato, no ano 2011, 6,4 millóns de euros; no ano 2012, 5,9 millóns de euros; no ano 2013, 7 millóns; no 2014, 7,5 millóns de euros; e no vindeiro ano 2015, 9 millóns de euros para servizos sociais.

Indica que o mesmo sucede en transporte e seguridade pública, pois de 5,1 millóns pásase a 11 millóns de euros este ano.

Ao mesmo tempo, reitera, trátase dun orzamento que aumenta os investimentos un 20%, dos 9,9 millóns de euros do ano 2014 aos 11,9, alcanzando así o mayor nivel inversor de todo o mandato.

Mantén, ademáis, que se produce unha aposta pola dinamización turística da cidade, e informa que un total de 1,6 millóns de euros do orzamento están destinados a políticas de emprego, e 1,4 millóns serán para afianzar o Auditorio de Galicia.

En suma, propón ao pleno a aprobación inicial do orzamento de 2015.

A continuación, ten a palabra o **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG**.

Dende o seu punto de vista, as contas que o goberno trae hoxe ao pleno para a súa aprobación inicial, están cargadas tanto de propaganda como de medias verdades, e teñen un marcado carácter electoralista.

Di que os case vinte minutos de intervención do Sr. Quiroga Limia pódense resumir no seguinte: segundo o grupo de goberno do Partido Popular estanse a presentar uns orzamentos expansivos, sociais, e inversores, debido á súa excelente xestión económico-financeira.

A pesar de que así o afirman de forma continua dende o PP, retruca que as mentiras ou medias verdades non por repetilas mil veces se converten en realidades.

Sostén que o superávit e os remanentes positivos de tesourería proceden do innecesario endebedamento a longo prazo e da non execución de gasto orzamentado en materia de investimentos, tal e como é posible observar de xeito reiterado nos últimos anos.

A continuación pregúntase como os membros do goberno municipal poden autocalificarse de bos xestores cando de cada 100 euros que tiñan á súa disposición para facer investimentos por Santiago, tan só foron capaces de materializar 30.

Clarexa que a boa xestión non se evalúa en base ao superávit ou ó remanente de tesourería positivo dun exercicio, para evitar unha visión tremadamente sesgada e parcial da realidade económico-financeira que vive un concello. Recoñece que vale para un bo titular de prensa, pero para pouco máis se o que se pretende realmente é coñecer a saúde económica real deste concello.

Non é que teñan máis ingresos correntes e lles sobren executando o previsto en gastos e investimentos, o que lles sobra, reitera, é froito de endebedarse porriba do que era necesario, e porque non invisten o que poden e deberán investir na cidade. Deste

xeito, manifesta que os ingresos correntes seguen á baixa neste concello, polo que non se trata precisamente de boa xestión orzamentaria.

Considera que un bo xestor sabe que un resultado positivo sería un equilibrio orzamentario, cun alto grao de execución duns investimentos que foran realmente de interese para a cidade dende unha perspectiva de reactivación económica, de creación de emprego directo e indirecto, e dende unha perspectiva social, namentres, di que non é o caso.

Cuestiona que se califique de boa xestión o feito de pedir un crédito por unha cuantía que non se precisa, a un tipo de xuro moi superior ao de mercado para, máis tarde, amortizar anticipadamente outros créditos xa contemplados cun tipo de xuro inferior. Indica que este goberno básicamente o que fai, en termos futbolísticos, é dar un patadón hacia arriba e mandar a pelota cara adiante na devolución dos préstamos que él mesmo concertou.

Detalla que se reduce o endebedamento dos préstamos más antigos, vía amortización acelerada con cargo a remanente de tesourería, permitindo así presentar un orzamento de gastos con menos importe nese concepto, pero ao mesmo tempo deixa íntegro e pendente de evolución o préstamo de 12 millóns, que é o que ten maior custe financeiro para as arcas do concello e que terán que asumir outros gobernos en anos sucesivos. Esto débese, insiste, a un claro interese e cálculo electorais.

Profía que os únicos tres millóns de investimentos que orzamentan con recursos propios non saen de ingresos correntes, senón da minoración das partidas adicadas no capítulo IX a amortización que pasan, tal e como afirmou o Sr. Quiroga Limia no seu último minuto de intervención, dos 8 millóns aos 4 millóns nun só exercicio económico. Retrúcalle que cando fai referencia á amortización acelerada, do que fala é precisamente de que teñen un efecto inmediato nun só exercicio económico a favor dos intereses de tipo electoral, no curto prazo, do Partido Popular. É dicir, sinala que se trata dunha ficción financeira, dun remanente cuxa fonte provén en gran medida dun préstamo que financia, a súa vez, a amortización doutros préstamos. Neste sentido parécelle curioso que dese préstamo de 12 millóns que teóricamente tería que comenzarse a amortizar neste ano, xa sexa posible prever unha nova carencia na súa devolución. Afirma que non consta ornamentada no ano 2015, ningunha cuantía de amortización para este préstamo concertado no ano 2012, tal e como se aprecia no cadro que se adxunta na documentación.

Recoñécelle ao goberno os seus méritos na maquillaxe contable: préstamos que pagan outros préstamos, carencias alongadas no tempo para que paguen outros gobernos, alongamento no tempo das obrigas pendentes de devolución como a do PIE... En definitiva, di que tal e como quedou patente no punto anterior, todo vale para ficticiamente presentar uns orzamentos coa maior marxe en ano electoral.

No plano xeral, nega que os ingresos deste orzamento se acompañen aos gastos, a pesar de que así o afirmou o Sr. Quiroga Limia.

Ten o convencemento de que os ingresos ordinarios están cheos, sendo benevolentes, dun exceso de optimismo nas súas previsións, como é o caso do que pensan recadar en licenzas de apertura e construcción, ou mesmo en imposto de construccóns. Namentres, engade que o capítulo II de gasto crece máis do 5%, recadando así case en exclusiva o que lles ven dado, básicamente do estado, do ibi polo catastro, do IRPF e do IVE, pero o que realmente debería xestionar o concello, dende o seu punto de vista, deixá moito que desecar e, tal como di o tesoureiro, hai fugas no sistema.

Por outra banda en temas tan importantes como a valoración do sistema de cálculo das licenzas de apertura ou nos aproveitamentos especiais de solo ou subsolo, parécelle que o goberno fai caso omiso dos informes municipais, e que non ten vontade para reconducilo.

Lembra que o BNG, ten denunciado sen éxito aparente, o nulo control económico que actualmente existe dos concesionarios deste concello. Neste sentido, sinala que seguen agardando polo resultado desa famosa auditoría da ORA e da grúa.

Tampouco é certo, manifesta, que estes sexan uns orzamentos expansivos, dinamizadores da economía local, ou creadores de emprego. A pesar de que o goberno di que o emprego é unha prioridade, só faltaría que con preto de oito mil persoas en situación de desemprego non o dixeran, denuncia que a realidade é que hai moitas outras partidas, moito más discutibles sen ser urgentes, superiores ás destinadas a políticas activas de emprego. Lembra que novamente volve a quedar en papel molido o acordo plenario adoptado por unanimidade neste pleno, acerca da redacción dun plan de emprego xuvenil.

Outro dos elementos que ao seu parecer denota claramente o carácter preelectoral destas contas son as chamadas partidas plurianuais, que fan que unha parte importante destas contas sexan puro espallismo.

Pensa que a pesar de trasladar a idea de que se executará un investimento de 3 millóns de euros do concello para a construcción da nova estación intermodal, deses tres millóns de euros para o vindeiro exercicio só cuantifican cen mil euros. Ao respecto advirte que todas e todos os presentes teñen a certeza de que se executarán cero.

Algo parecido acontece coa reforma do Auditorio de Galicia, di que dende o goberno seguran que van acometer unha reforma por valor de 1,3 millóns de euros, pero casualmente para o ano 2015 só hai consignados 80.000 euros. Máis do mesmo sucede coa reforma do Estadio de San Lázaro, dos supostos 3,1 millóns de euros, simplemente están consignados 400.000 para o ano 2015, ou incluso menos, polo tanto, pensa que están a vender fume, porque por se non era suficiente con esas plurianualidades ningún dos investimentos citados ten garantida a súa dotación orzamentaria, xa que a súa execución está condicionada á venda de parcelas de titularidade municipal.

Con respecto á globalidade dos investimentos, sinala que tampouco son moi creíbles as previsións de investimentos ao en conta que no ano 2014, a datos do mes de novembro, dos más de vinte millóns previstos este goberno leva ejecutados, con carácter definitivo, pouco máis de dous millóns en investimentos.

Predí que se o PP segue coa tónica dos últimos exercicios, só unha parte moi reducida dos 12,6 millóns de euros previstos para investimentos serán unha realidade en 2015.

Ao seu parecer, a cidade esta estancada e estes orzamentos lonxe de expandir nada, o que fan é consolidar unha situación na que se reduce cada vez máis a capacidade deste concello de intervir mediante investimentos con ingresos propios. Así, o que se aforra en carga financeira non se pode adicar íntegramente a investimento.

Con respecto á chamada renda social, pensa que non deixa de ser curioso que a principal novedade e elemento positivo que recolle este orzamento respecto ao do ano 2014, sexa unha proposta que o BNG leva facendo nos últimos anos a este goberno. Engade que nunca se tivo en conta, pero casualmente a cinco meses das eleccións municipais sí que se recolle. En consecuencia, agarda que esa partida de 600 mil euros poida ser maior, para unha subvención destinada a aqueles veciños e veciñas que o están a pasar mal no marco dunha crise económica e social que eles non provocaron.

Reitera que dende o BNG sempre defenderon que a prioridade desta institución tiñan e teñen que ser as persoas, a protección social e a creación de emprego, converténdose así, nos aspectos más importantes e urgentes que se poden recoller

neste orzamento ao ter en conta que hoxe son vinte e dúas mil persoas as que viven en risco de exclusión social en Santiago, das cales catro mil atópanse nunha situación de pobreza extrema.

Nese sentido engade que o Bloque Nacionalista Galego ten realizado propostas en dúas direccións que entenden como complementarias. Primeiramente, mediante a incorporación de novas bonificacións e exencións en determinados tributos para determinados sectores sociais, especialmente desfavorecidos e, en segundo lugar, con líneas de apoio propias e específicas do Concello de axudas a eses colectivos.

Até o de agora, indica, o único que ten feito o goberno do Partido Popular é aumentar as subvencións nominativas a determinadas entidades non lucrativas do ámbito social que actúan en Santiago, e se non fora pola súa labor, afirma que hoxe estaríamos a vivir un auténtico crack social no concello. Parécelle ben o incremento das subvencións nominativas a entidades como a cociña económica, ou o albergue de Xoán XXIII, por exemplo, pero califica como insuficiente e errado un enfoque no que as administracións públicas sexan como máximo cofinanciadoras de obras de caridade. Engade que non é un problema de caridade, senón de xustiza social, o concello non pode e non debe abdicar das súas responsabilidades por moito e bo traballo que poida facer o asociacionismo social de Santiago de Compostela. Pensa que se trata dunha medida na boa dirección, pero cómpre tamén coñecer en que cálculos se baseou o goberno para cuantificar esa partida de 600 mil euros, cantos e baixo que criterios van a ser os beneficiarios potenciais desas axudas, e cal será a cuantía media das mesmas, para poder avaliar con rigor o alcance real desta medida.

Polo tanto, remata, hai pouco de realidade e moita propaganda tanto metafórica como literal, porque figuran en alcaldía dúas partidas de publicidade e propaganda, unha por 218.500 euros, e outra de comunicación, publicidade e propaganda de 162.000, que tamén aumentan con respecto ás recollidas no orzamento de 2014.

En calquera caso, por todos os motivos expostos, anuncia que o grupo municipal do BNG non dará o apoio a esta aprobación inicial das contas para o Concello de Santiago para o ano 2015.

De seguido intervén o **Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.**

En primeiro lugar, saúda e dá a benvida aos alumnos do IES Antón Fraguas, desexando estar á altura do que esperan deste debate.

Di que, tras tres anos, é a primeira vez no presente mandato que o goberno municipal presenta, antes de finalizar o ano uns orzamentos para ser aprobados.

O principal problema dos orzamentos presentados é que son absolutamente electoralistas, dende o seu punto de vista. A continuación, recolle unha das primeiras declaracíons do actual voceiro do grupo municipal do Partido Popular, nas que aseguraba ter por diante oito meses. Ao seu parecer o obxectivo era acadar os votos suficientes para revalidar a maioría en maio de 2015, en maio de 2015, e non resolver os problemas que ten a cidade.

Afirma que o principal problema é que están a baixar os ingresos e están a subir os gastos. Sinala que o PP está a estrangular a situación financeira do concello, pois o único que está a manter a ficción de que os orzamentos e as finanzas deste concello están saneadas é un crédito ICO de case trece millóns de euros, o cal tilda como innecesario. Engade que ata o momento non se empezou a facer amortización, e o feito de que non estean a executar os orzamentos de investimentos fundamentalmente o capítulo VI, en todos estes anos de orzamento, débese á absoluta falta de xestión do PP e ao incremento na débeda, pois di que nun ano se endebedaron un 25%, a cuarta parte que os gobernos progresistas en dez anos. Polo tanto, insiste que iso é o que posibilita maquillar unhas contas.

No tocante aos ingresos, detalla que baixan prácticamente en todos os capítulos debido ao tema do IBI, xa que o goberno non actúa en materia de inspección fiscal, nin en materia de estender a progresividade fiscal para favorecer o reparto das cargas sendo superiores para os que máis teñen. Lamenta que a pesar de que a tesourería hai más de seis meses solicitou medios persoais e materiais coas consecuencias serias que no funcionamento da xestión tributaria ten a falta de medios, materiais e persoais, non se fixese absolutamente nada. Deste xeito, entendenon que non lles interesa esa parte, porque non incorporan unha ordenanza do patrimonio público verdadeiramente seria sobre a ocupación do solo, do subsolo da vía pública para gravar a telefonía, agora que hai sentenzas favorables nese sentido por parte do Tribunal Europeo.

En base ao incremento do capítulo II de ingresos, di que se debe a que o PP acepta sen ningún tipo de xustificación a proposta de orzamento proposta por urbanismo, de xeito que o ICIO pasa do 1,5 ao 1,7%, e as licenzas urbanísticas aumentan en 200.000 euros. En consecuencia, non comprende como poden pasar as licenzas urbanísticas os ingresos que orzamentan de 2.500.000 euros a 2.700.000 euros, cando o ano pasado

concederon dezaseis licenzas de vivendas unifamiliares, plantexa polo tanto que é o que lles permite pensar que este ano van medra en 200 mil euros.

Tamén se pregunta a que se debe a baixada das sancións de tráfico un 22%, é dicir, se está vinculado a aspectos de seguridade, pois non somentes é un tema de mal aparcamento.

Xa que se contempla o canón da grúa e da ora, en 402 mil, a pesar de que a última vez se situaba ao redor dos 100 mil euros, considera que o goberno ten que explicar esta subida e, do mesmo xeito, se están a ter en conta a sentenza do Tribunal Supremo, do 30 de maio de 2014 sobre o imposto de bens inmobles, porque resulta que o imposto baixa este ano para os bens urbanos de 28 millóns a 27 millóns, pero curiosamente, sube o IBI de natureza rústica que pasa de 850 mil euros a 1.040.000 euros.

A pesar que dende o PP afirman que sobre o imposto de actividades económicas alcanza os 200 mil euros polo IAE coa situación económica actual, a realidade, dende o seu punto de vista, é que o Instituto Galego de Estatística marcou que no 2013 pecharon 1.055 empresas e negocios nesta cidade.

Detalla que o concepto de multas urbanísticas este ano desaparece polo que este mesmo venres apareceu no Boletín Oficial da Provincia, que o importe máximo de participación da empresa na recadación será dun 49%. Polo tanto, pregúntase onde está o 51% que debería ingresar o concello e, de falar da base do ano pasado, di que se establecería un mínimo de 49.980 euros, porque non aparece no orzamento de ingresos pero sí unhas obras de urbanización a cargo de particulares, cun total de 435.416,98 euros, e amosa o seu descoñecemento ao respecto.

Pese a que o goberno afirma que o capítulo tres de ingresos medra un 5%, mantén que son conscientes de que solo aumenta un 2,3%, e ao ter en conta que se incorporan 1.043.000 euros de actuacións urbanísticas á carga de particulares, ademáis das obras de urbanización a cargo de particulares, recoñece que o capítulo III de ingresos baixa un 14,8%. Deste xeito, profía que ao baixar ingresos, estase estrangulando o orzamento e as finanzas deste concello.

O capítulo I comenta que baixa un 1,2%, e que existen sentenzas que recollen o premio de xubilación, entendendo a xurisprudencia que ao estar o concepto recollido no convenio, é executivo. Ademais, engade que este é o criterio formulado polo Consello Consultivo, nembargantes nos créditos de gasto do capítulo I non aparecen o que por sentenza debería aparecer.

Di que falta a negociación con sindicatos, dado que a mesa se convoca unha vez que o cadre de persoal e os orzamentos se presentaron públicamente diante dos medios de comunicación, vía pola que di ter tido constancia nun primer momento.

Ademais, manifesta que o goberno do Partido Popular durante estes tres anos e medio, non convocou a mesa dende o mes de xullo ata o mes de novembro.

Considera que a promoción interna proposta é unha decisión discrecional que non se axusta en absoluto ás necesidades reais, e sí con compromisos persoais ou herdados. Declara que o grupo municipal do PSdeG-PSOE comparte coas representacións sindical que se revise a promoción interna prevista no orzamento de 2011 e que se negocie sobre esta proposta.

Comprobou tamén que nos últimos orzamentos existían prazas sen ornamentar e que agora teñen que desaparecer polo descontrol político que existía neste goberno.

Con todo, sinala todo que o orzamento do capítulo I medra un 2%, mentres que o capítulo II aumenta un 5%. A respecto deste último, pide unha explicación porque as previsións do incremento do IPC é do 1,8%.

Polo tanto, insiste en que os gastos correntes medran, e os ingresos correntes baixan, provocando un estrangulamento do concello, concretamente das suas finanzas.

Non comparte a idea de que sexan uns orzamentos que xeren emprego, sociais, e de investimento, pois de actividades de emprego, o orzamento é un 29% inferior ao que se ofertou no ano 2011, cun goberno de progreso, coa época de crise. E suma, o orzamento plantexado para actividades de promoción económica di que é un 18% inferior ao que orzamentou o goberno progresista e que en total, a promoción económica, comercio e emprego, baixan máis dun 13% con respecto aos orzamentos progresistas.

No referente a familia, benestar social e muller, recoñece que van dando pasos en aproximarnos ao que para o PP é o paradigma histórico deste país, os anos 60 co desarrollismo franquista, porque por primeira vez é posible atopar cos servizos sociais, asistencia social, e di que de gobernar un ano máis, estaríase a falar de beneficia. Apunta que as actividades de servizos sociais que orzamentan diminúen con respecto ao último orzamento progresista un 27%, e o conxunto de familia, benestar social e muller diminúe con respecto aos orzamentos progresistas un 3,4%. Sinala quee é certo

que incrementan as partidas de subvencións en acción social, pero afirma que se está a pasar do que son dereitos cidadáns e, polo tanto servizos sociais públicos, a caridade, é dicir, o que é un cidadán que esta nunha situación económica difícil pasa a ter que pedir esmola, e non exercicio dos seus dereitos. A pesar de que aparecen os 600.000 euros da renda social, indica que hai que explicar a letra miúda, é dicir quen o vai recibir, canto vai ser, con que vai ser compatible, e que é o que se está a cubrir. Detalla que o Partido socialista leva tres anos pedindo que se incorpore esta renda, pero pide que se explique correctamente, para evitar problemas na súa aplicación.

No tema dos servizos sociais, a pesar de que se establecen 9 millóns, di que cando un comeza a sumar, os resultados son 6.653.000 euros, e as partidas de fomento do emprego non medran senón que pasan de 1.625.000 a 1.629.000, polo que lamenta que esos 4.000 sexan o único esforzo do PP na materia.

A continuación, ten a palabra o **Sr. Quiroga Limia, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de ÁREA de Facenda**.

En canto á débeda, xa que de xeito recorrente se afirma que o goberno do Partido Popular ten más débeda da que herdou, retruca que lle resulta complicado de asimiliar, e sinala que na páxina web dos orzamentos do ano 2011 pódese consultar a estimación débeda viva, orzamentos de 2011, 65,4 millóns de euros, data 1 de xaneiro de 2011, 65,4 millóns de euros. Engade que o problema non é herdar dita débeda senón herdar un gasto de amortización de 8,2 millóns de euros, e un gasto de pagamento de intereses de 2,7 millóns de euros. En total, di que do orzamento anual destínanse 10,4 millóns de euros, e un millón de euros en devolucións do PIE derivado do que se ingresou de máis no ano 2008 e no ano 2009. Evidentemente, de non ter que pagalo, afirma, levaríase a cabo máis política social e máis política de emprego. Ao respecto, xa que hai que pagar a débeda existente, di que o goberno fixo unha política responsable e decidiu amortizar a débeda. Por ese motivo, anuncia que neste mandato reducirase en 25 millóns de euros a débeda herdada, situándose a 31 de decembro en 41 millóns de euros, evidenciándose así a boa xestión que ten feito o Partido Popular.

Tendo en conta que levan pagados da débeda herdada no presente mandato 30 millóns de euros, de intereses 6,2 millóns de euros, e de amortizacións 27 millóns de euros, considera que non proceden neste momento leccións de boa xestión.

Xa que son uns orzamentos sen débeda, e a pesar de que o fácil agora sería recorrer á débeda e facer novos investimentos en época electoral, apunta que dende o goberno están a facer unha política responsable e non se están a endebedar, rexeita as

acusacións anteriores por considerar que todo iso é proba suficiente de que os orzamentos non teñen ningún matiz electoralista.

Nega que baixen os ingresos e suban os gastos, pois hai 102 de ingresos e 102 de gastos, de xeito que está perfectamente equilibrado.

En base á baixada de impostos, di que é evidentemente debido ao plan fiscal, e indica que reduciron a carga e a presión fiscal para os cidadáns no imposto de bens inmóbiles e nas plusvalías. Deste xeito, sinala que a recadación neses impostos vai baixar, pero tamén é certo que aumenta a participación de ingresos do estado preto de dous millóns de euros, polo que unha cousa compensa a outra.

No ICIO e a taxa, indica que no informe do tesoureiro trátase a recadación por xestión, e fálase da recadación por inspección fiscal, complementándose unha cousa coa outra. Lembra que hai dous tipos de ingresos, o que é por xestión e o que é por inspección fiscal.

En referencia ás sancións por tráfico, anuncia que evidentemente non se vai orzamentar o que non se vai recadar, polo que se baixa, é porque a previsión de recadación por sancións de tráfico é menor.

No tocante ao canón da grúa e ora, indica que se orzamenta porque se vai recadar, e engade que está baixo un control financeiro a empresa concesionaria e se lles van a recadar os ingresos dos anos 2012, 2013 e 2014.

En relación co IAE, vaise recadar unha parte por inspección e outra por xestión.

En canto ás multas urbanísticas, anuncia que se pode ver no orzamento de ingresos, na partida 39/190.

Na promoción interna, non comparte que os funcionarios do concello non teñan dereito á carreira profesional, por consideralo un derecho recollido no Estatuto Básico do empregado público, así como crear trinta prazas para a promoción interna de auxiliares administrativos a administrativos e técnicos é un derecho dos funcionarios, polo que non entende como a oposición pode estar en contra da promoción interna dos funcionarios.

Por último, no referente aos servizos sociais, di que os números son clarísimos, no ano 2011 a área social contou con 6,4 millóns de euros, e no ano 2015 con 9 millóns de euros.

Finalmente di estar de acordo e compartir a creación da renda da solidariedade por ser unha causa boa para a cidade.

Intervén novamente o **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG.**

Di que certamente o Bloque Nacionalista Galego considera que a incorporación dessa chamada renda social é unha boa actuación pero clarexa que sería mellor se se fixera fai dous anos ou tres anos como propoñiamos e non só a cinco ou seis meses dun proceso electoral, sería mellor fai dous-tres anos cando tiñamos unhas taxas de desemprego aínda más altas que as que temos hoxe, e cando tiñamos uns índices de desprotección social tan ou más altos que os de hoxe.

A pesar de que o Sr. Quiroga Limia rexeite as acusacións de que estes sexan uns orzamentos electoralistas, reafirmase e clarexa que o actual goberno non se endebedou en ano electoral, claro, porque esta labor xa a llevou a cabo o Sr. Conde Roa.

No relativo ao control que teñen das concesionarias e concretamente do da ora e da grúa, lembra que desde o BNG formularon varias preguntas por escrito, e afirma non estar satisfeito cunha resposta: "de están traballando no asunto e veremos". Polo tanto manifesta que se verá cando volvan a contestar formalmente as súas preguntas, pero se pensan recadar o dos exercicios anteriores precisa que será porque nos exercicios anteriores non recadaron todo o que tiñan que recaudar. Ao respecto pregúntase se iso foi a raíz dos propios servizos de inspección do concello, ou a raíz das denuncias dun grupo da oposición. En calquera caso, insiste que cando contesten ás preguntas que formulou, será posible determinar realmente cal é o control efectivo que existe en determinadas concesionarias.

Por outra banda, lamenta que o Sr. Quiroga Limia na súa réplica non coontestara a ningunha das cuestións fundamentais plantexadas, sobre o nivel de execución do capítulo de investimentos, sobre os datos que teñen trasladado ao ministerio correspondentes co exercicio de 2014 ata o mes de novembro, sobre os datos que daba dun raquíctico nivel de execución, sobre os efectos prácticos dessa amortización anticipada de crédito ao que facía referencia, sobre a petición dunha prolongación do período de carencia dese préstamo de doce millóns de euros, nin tampouco sobre a

cuestión que comentaba do cálculo que vostedes fan, a respecto da recadación que esperan obter no exercicio de 2015 de licenzas de construción e de apertura.

Por último con respecto ao tema da renda social, desexa que se trate dunha medida que funcione, e que se poida complementar esa cuantía, porque é evidente que eses 600.000 euros se se quere facer unha actuación que realmente teña unha incidencia real nunha parte da poboación que o esta a pasar realmente mal e sabendo que se hai catro mil persoas nunha situación de pobreza extrema, vai quedar tremendalemente pequena, e agarda tamén que ese tipo de axudas non supoñan incompatibilidades ou xere maiores prexuízos a determinadas persoas que xa están a recibir outro tipo de prestacións como a risga, e agardemos que teñan estudiado todo iso dende o grupo de goberno.

De seguido toma a palabra o **Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE**.

Continuando co tema dos gastos, sinala que hai gastos diversos e actividades que enchen o orzamento en partidas importantes, como son a mocidade, o fomento do emprego, a educación, a normalización lingüística, o comercio, a UMAD, a asistencia social primaria, a muller, e a emigración, sumando un total de 3.374.822 euros, o que significa un medre con respecto ao ano pasado de gastos diversos. Polo tanto reitera que, de xeneralización, non se sabe exactamente se o van gastar niso ou non, e engade que un medre do 400%, non está mal.

Di que os estudos e os traballos técnicos medran con respecto ao ano pasado un 17,4% pero acusa ao goberno municipal de non confiar nos empregados públicos, a pesar de que o Sr. Quiroga Limia manifestou confiar ao falar da carreira profesional, afirma que durante os tres últimos anos de mandato o PP levou a cabo a designación dixital.

En base aos gastos de publicidade e propaganda, engade que medra con respecto ao ano pasado un 10%, e con respecto ao último orzamento progresista deste concello un 51,7% esa é outra das realidades, falaba vostede, evidentemente da risga e dicia que moitas grazas por felicitalos por esa iniciativa, home, eu pensaba que formaba parte non somentes da petición do Partido Socialista nos orzamentos dos últimos anos, senón tamén parte da negociación para dar apoio ás ordenanzas fiscais, lembro, que o que fixemos foi, unha aprobación previa, ánda falta a definitiva, supoño que o tema non é que ningúen se boteatrás.

Con respecto ao capítulo VI, o cal engloba vivenda, axudas as familias representa o 0,3% do orzamento; comercio en total 110.000 euros, e está recollido en todo o que son gastos diversos, e insiste en que o Instituto Galego de Estatística di que no 2013 pecharon nesta cidade, case tres empresas e negocios ao día contando domingos e festivos. Continúa relatano que para mocidade adícanse 60.000 euros para gastos diversos; e para cultura destaca a referencia á banda de música, a pesar de que Santiago é unha cidade histórica, patrimonio cultural.

Turismo, home, algo teñen que facer co turismo aínda que non se entende moi ben, que apareza un superávit en Incolsa, diante dunha situación na que o turismo a última información do ... nos estamos -1,1 emprego turístico, é dicir que se perde emprego turístico na nosa cidade, mentres a media do estado medra un 4%, esa é a realidade.

No tema dos investimentos, o capítulo VI, resultalle curioso que o único que esta verdadeiramente asegurado son os recursos propios porque todo o demais son investimentos que dependen doutras administracións, pois non chega ao 30% do que propón o PP, e ao focalizar sobre o capítulo VII, di que non chega ao 29%, e ademais tendo en conta que neste momento hai un 8,4% de execución, non o considera un logro.

Ademais considera que os investimentos do capítulo VI son moi xenéricos, 150.000 euros reparación e mantemento, hai outras partidas de gasto diverso por 806.000 euros; obras e investimentos xenéricos por 744.000 euros; outros investimentos 438.000 euros; e aparecen tamén pavimentos de obras públicas 180.000 e asfaltado 150.000, o cal considera insuficiente para as necesidades da cidade.

Con respecto á traída de auga da zona de Amio, lamenta que non se trate nos orzamentos, pois a pesar de que este ía ser o mandato do rural, solo é posible atopar as obras do POS nas que a aportación do concello son 50.000 euros.

Polo tanto, remarca que o voto do grupo municipal socialista non vai ser afirmativo a esta proposta inicial de orzamentos que trae o goberno do Partido Popular para o 2015.

A continuación ten a palabra o **Sr. Quiroga Limia, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Facenda**.

En relación ás declaracíons do voceiro do BNG en base á renda social, recoñece que é certo que agardan que se poida incrementar, e respondendo ao portavoz do PSdeG, di que é certo que forma parte dese acordo e deberá pecharse en breve.

En canto ao que manifestaba o portavoz do BNG da operación ICO de 12 millóns de euros, precisa que esa operación ICO faise como consecuencia de que en xullo de 2011 hai unha débeda a provedores de 18 millóns de euros, e polo tanto o estado obriga a pagar aos provedores que estaban sen cobrar, facéndose, así, esa operación do préstamo ICO de 12 millóns de euros. Insiste en que pasaron dos 65 que había no ano 2011 aos 41 millóns cos que vai finalizar o ano 2015, polo que reduciron a débeda en 25 millóns de euros.

En base á grúa e a ora, indica que está dentro dun proceso de control financeiro e ao seu remate aportarase a información cumplida necesaria, pero anuncia que se vai a recadar ata o último céntimo que pode adebedar a empresa concesionaria.

No relativo a que non está rebatida a amortización da débeda, considera que non ten moita explicación que se amortice débeda, é dicir, se resulta posible amortizar débeda e amortízanse catro millóns, e non lle resulta coherente continuar pagando intereses e amortizacíons. Insiste que dende de poder amortizar a débeda, seguirán a facelo.

Tendo en conta as manifestacíons do portavoz do partido socialista, insiste en que non entende o problema que ten coa promoción interna, xa que considera que se trata dun dereito de todos os traballadores polo que deberían estar todos a favor.

En relación ao que manifestaba de turismo, considera que incrementar, triplicar por tres a subvención que recibe INCOLSA do Concello ata unha subvención histórica de 2,4 millóns de euros e aumentar o seu orzamento ata tres millóns de euros para investir en turismo nunha cidade patrimonio da humanidade e unha cidade de promoción do camiño, deberíase ter en conta e apreciar.

No tocante ao capítulo VI di que aumenta un 20%, pasando dos 8,5 millóns aos 11,9 millóns. Está de acordo en que 11,9 é máis que o 8,5, evidenciándose que aumenta un 20%. Por outra banda, en canto aos investimentos, non comprende por que a oposición pide que se fagan máis investimentos, pero despois votan en contra dun plan de choque para facer investimentos na cidade. En suma, afirma que os orzamentos son merecedores da aprobación por parte do pleno do concello.

Rematado o turno de intervención, e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria, ten lugar o seguinte resultado:

<b>Votos a favor: 12 PP</b>
<b>Votos en contra: 12 (9 PSdeG-PSOE, 3 BNG)</b>
<b>Abstencións: 0</b>

O existir un emparte procédese de novo a someter a votación o punto da orde do día co seguinte resultado:

<b>Votos a favor: 12 PP</b>
<b>Votos en contra: 12 (9 PSdeG-PSOE, 3 BNG)</b>
<b>Abstencións: 0</b>

O persistir o empate e decidir o voto de calidade da Alcaldía o Pleno da Corporación acorda a **aprobación inicial do orzamento e cadre de persoal do concello para o ano 2015**.

#### **10. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE PARA A CONSTRUCIÓN DA ESTACIÓN INTERMODAL DO AVE DE REFERENCIA PARA GALICIA EN SANTIAGO.**

O 20 de novembro de 2014 o grupo municipal socialista presentou unha proposición co contido que de seguido se transcribe:

“Na presentación do Plan de Infraestruturas Transporte e Vivenda 2012-2024 (PITVI), a Ministra de Fomento mantiña como actuacións prioritarias:

“En transporte ferroviario, os obxectivos específicos serán mellorar a rede convencional, potenciar o transporte ferroviario de mercadorías, completar a rede ferroviaria de alta velocidade e mellorar a rede de proximidade.

No caso da rede de alta velocidade, o principal obxectivo que se expón é a xeralización dunha efectiva redución dos tempos de viaxe, integrándose e complementándose coa rede convencional, de cara a conseguir un incremento do uso da rede e unha mellor cohesión territorial.

Definirse unha estratexia para a incorporación dos tramos actualmente en construcción, para por en valor os investimentos en execución e permitir unha mellora progresiva dos tempos de viaxe”.

Estas palabras, unidas ao escrito no propio Plan na súa páxina 229 que establece os criterios para a integración urbana do ferrocarril, especifica textualmente:

As operacións de integración urbana do ferrocarril poden levar un amplo abanico de solucións alternativas e supoñen unha obrigada coordinación institucional entre o Ministerio de Fomento e as administracións autonómicas e locais implicadas. Na última década, a construción da rede de Alta Velocidade espertou expectativas de actuacións de integración do ferrocarril-cidade de gran calado e enorme custo que se xeneralizaron nun gran número de cidades e que, na concxuntura actual, é necesario reformular dada a inviabilidade económica de levar a cabo moitas das solucións expostas.

Así mesmo, proliferaron outro tipo de actuacións non relacionadas coa chegada da alta velocidade, pero que requiriron esforzos e investimentos moi elevados e certas actuacións de integración singulares. Non se trata só dun problema de financiamento de actuacións, condicionada en xeral ao plan e a xestión urbanística, senón das solucións ferroviarias adoptadas e en moitos casos convidas.

No PITVI introdúcese unha profunda revisión da política seguida nos últimos anos. Establécese que os investimentos vinculados a melloras de integración urbana son obras de carácter urbanístico polo que deberán ser assumidas directamente polas administracións locais e autonómicas competentes en materia de urbanismo. Para cumplir cos obxectivos de viabilidade na integración dos trazados ferroviarios nas cidades, deseñaranse solucións que teñan garantida o seu financiamento polas administracións competentes, partindo do principio de que os aproveitamentos urbanísticos que puidesen atribuírse aos chans ferroviarios que se revelen non necesarios para a explotación e queden desafectados deberán utilizarse para o financiamento e administración das infraestruturas ferroviarias en sentido estrito.

Con estes novos criterios, revisaranse, e poderán eventualmente reformularse as solucións xa acordadas nalgunhas cidades para redefinir a tipoloxía, deseño, financiamento e xestión das solucións a adoptar.

Ante os novos criterios adoptados polo Ministerio de Fomento, que pon en dúbida o convenio para a construcción da estación intermodal da AVE de Santiago de Compostela elevamos ao pleno a seguinte:

## **PROPOSICIÓN**

1.- Que o Concello de Santiago inste o Goberno do Estado a que se manteña o convenio subscrito con Adif para a construcción da nova estación da AVE en Santiago.

2.- Que o Concello de Santiago convoque unha consulta popular (art. 71 LBRL) para que os veciños e veciñas de Santiago manifesten a súa opinión sobre desenvolver o proxecto de por Intecsa-Inarsa - Rubio & Álvarez-Salga - Juan Ferreiros Arquitectos, seleccionado por Adif para a construcción da estación intermodal da AVE de ou a ampliación do vestíbulo da actual estación de ferrocarril como se recolle en documentación pública de Adif e Fomento.

3.- Que o Concello de Santiago inste o Goberno do Estado a realizar as correspondentes modificacíons orzamentarias nos Orzamentos Xerais de Estado para dotar de partida orzamentaria suficiente para o inicio do proxecto elixido polos veciños e veciñas.”

O 25 de novembro seguinte o grupo municipal do Partido Popular presentou a seguinte emenda á proposición anterior:

“O Grupo Municipal do Partido Popular ao abeiro do disposto no Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Santiago presenta a seguinte enmenda á Proposición do Grupo Municipal do PSOE con número de entrada na Secretaría do Pleno 246 “Para a construcción da Estación Intermodal do AVE de referencia para Galicia en Santiago”. Propoñemos que o Pleno adopte as seguintes propostas de resolución:

1º) Que o Concello de Santiago inste á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a impulsar a colaboración necesaria para acadar a mellora da estación do FFCC para contar cunha Estación intermodal que resolva os problemas e as insuficiencias existentes actualmente.

2º Instar ao Goberno do Estado e á Xunta de Galicia para que a solución deseñada para a mellora da estación do tren de Santiago resolva a lo menos as seguintes cuestiós:

- A ampliación da capacidade dos andéns e a súa adecuación para a alta velocidade.
- A mellora das conexións dos andéns entre sí e co edificio da estación.
- A mellora da capacidade e da accesibilidade das instalacións actuais.
- A execución, en colaboración coa Xunta de Galicia das instalacións necesarias para garantir unha intermodalidade real, co traslado da estación de autobuses á zona anexa da estación.
- A mellora da conexión entre os barrios situados na marxe das vías e o Ensanche, incrementando a permeabilidade e facilitando o tránsito peonil.
- A mellora de mobilidade da zona.

3º) Que o Concello inste á Xunta de Galicia e ao Goberno Central para que as actuacións previstas en relación coa nova estación intermodal sexan definidas ó longo do ano 2015 e contén coa previsión orzamentaria necesaria e suficiente no exercicio 2015 e seguintes.”

Ten o uso da palabra o **Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.**

Primeiramente opta por facer un relatorio para saber a donde vimos e donde estamos con respecto á estación intermodal do AVE de Santiago de Compostela.

Recoñece que o 3 de novembro de 2009 asínase un protocolo de colaboración entre o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela, e precisa que de parte da Xunta de Galicia quen asina é Don Agustín Hernández Fernández de Rojas naquel entón conselleiro de medio ambiente, territorio e infraestruturas da Xunta de Galicia.

Sinala que a comisión de seguimento que recolle o protocolo funcionou mentres D. José Blanco foi ministro de fomento, tal e como puxo de manifesto nunca entrevista o propio conselleiro de infraestruturas naquel momento, Don Agustín Hernández.

En decembro de 2011, prosegue, faise público o proxecto ganador nun concurso no que se presentaron sete proxectos, plantexando unha solución para o que tiña que ser a estación intermodal.

Detalla que a estación intermodal tal e como recolle o protocolo, tiña que resolver os seguintes obxectivos:

A implantación da mesma vinculada á linea de alta velocidade, e un intercambiador modal de transporte de viaxeiros por estrada con estación de autobuses, a resolución de accesos peonís e rodados ao complexo da estación dende a rúa do Hórreo, Avda. De Lugo, o vial Sar-Pontepedriña, a formalización dunha proposta de conexión peonil e rodada entre os barrios do Ensanche e a Pontepedriña.

Adecuar a resolución da composición, tanto da pasana urbana cara a rúa do Hórreo e Avda. De Lugo, como da fasana urbana cara o parque de Brañas de Sar e a Cidade da Cultura, o deseño conxunto de todo o complexo de estación intermodal sen prexuízo da súa posterior división en proxectos construtivos independentes, e na pormenorización dos usos falabase dun uso comercial non lucrativo vinculado ao dotacional público ferroviario non superior a 5000 metros cadrados.

Ao respecto, di que en outubro de 2012 negáronse a estar presentes na resolución do concurso que escollía o anteproxecto para o deseño da estación intermodal, tanto o Concello de Santiago de Compostela o seu goberno, gobernado naquel entón polo Partido Popular, cuxo alcalde era Don Gerardo Conde Roa, como a Xunta de Galicia, co seu representante o conselleiro de infraestruturas Don Agustín Hernández, non estiveron presentes.

En outubro de 2012, lembra que a pesar de que o Alcalde do Partido Popular naquel entón, Don Ángel Currás plantexa que o que se require é unha solución adaptada ás necesidades de hoxe de Compostela, a día de hoxe, en novembro de 2014, aínda non se coñece que é o que significa unha solución adaptada ás necesidades de hoxe, agás de que non sexa, o proxecto gañador.

Clarexa que dita comisión técnica levaría a cabo un plan funcional e un estudo de mobilidade, co obxectivo de telos listos antes de que rematase o ano 2012, onde está o plan funcional e o estudo de mobilidade para a estación intermodal de Santiago de Compostela que tiña que estar xa no remate do 2012.

Noutras declaracions públicas, manifesta que se afirmou que á vista da definición da futura estación que se realizase se decidiría por proceder unha adaptación ao que podería ser necesario facer un novo concurso, e que nesa reunión a comisión de seguimento plantexou que a redacción do proxecto definitivo tiña que estar adjudicado en xuño de 2013, namentres incide en que estamos en novembro de 2014, e non se coñece absolutamente nada do que se está a falar.

Plantexáronse sete propostas, insiste, unha delas ganadora, e o Ministerio de Fomento tiña que asumir os investimentos da construcción, da redacción do plan especial de reforma da estación, o financiamento do traslado das instalacións de mercaderías e o mantemento da infraestrutura que existía e existe neste momento, e os investimentos serían de 34 millóns de euros. Nese sentido quere comparar cuantía, por exemplo, co que estaba orzamentado para a intermodal da Coruña, que superaba os 180 millóns de euros, ou a intermodal de Ourense con praticamente 96 millóns de euros, que era o proxecto de Norman Foster.

Do mesmo xeito quere destacar que soamente a adaptación da estación de Vigo-Guixar, para poder facer as obras na estación central do AVE en Vigo costou 24 millóns de euros, nembargantes di que teñen que escoitar como aqueles responsables do PP fan referencia ao orzamento previsto para a estación intermodal central do AVE de Galicia de 34 millóns como obra faraónica pero non asumible nestes momentos. Somentes 10 más do que costou adecuar Vigo-Guixar, esa é a realidade.

Lembra tamén que o PP tivo que recoñecer que non era verdade que alí habería un centro comercial. Sinala que esa idea foi rexeitada fai anos polo Sr. Conde Roa, quen o recoñeceu públicamente afirmando que era un mérito del. Nese sentido, engade que dita posibilidade nunca estivo no convenio asinado.

Considera que a Xunta de Galicia tiña que financiar a construcción da estación de autobuses con 10 millóns de euros, para integrala na estación intermodal, e asegura descoñecer os orzamentos para a estación de autobuses dende o ano 2010.

Incide na necesidade de abordar varias preguntas. En primeiro lugar cuestiónase por qué non se continúa co proxecto de Herreros. Sinala que non pode ser nin por causa dos cartos xa que se trata da más barata de toda Galicia, nin polo centro comercial, pois non o inclúe nin o incluía o propio convenio debido a que esixe unha deficiente solución dos problemas. A continuación, fai referencia a unhas declaracions do décano do colexio de arquitectos de Galicia, nas que afirmaba que todo o proceso da estación intermodal de Santiago é un pouco triste, e nas que manifestaba non entender o rexeitamento da estación do proxecto de Juan Herreros, porque dende o seu punto de vista era o que mellor resolvía a trama urbanística para Santiago de Compostela. Actualmente, afirma que segue sen estar explicado porque non se acepta esa proposta.

Debido á pouca calidade do proxecto, non somentes polo que está a dicir o décano do colexio de arquitectos, senón por quen foi o xurado, composto polo Presidente de

ADIF, eran vogais do mesmo o décano do colexio oficial de arquitectos, e o vogal da xunta reitora da demarcación de Galicia do colexio de camiños, canles e portos de Galicia, non parece que as persoas que tomaron a decisión non foran suficientemente cualificadas para poder facelo.

Di que a verdadeiramente a realidade coa que nos nos atopamos neste momento, parte do que é exactamente a información dun documento oficial que se pode atopar publicado para a estación de Santiago de Compostela, no que se recolle textualmente: “nova proposta para o edificio de viaxeiros, proxectar unha solución de intervención na estación existente que inclúa a ampliación do vestíbulo e integración comercial nos fluxos de viaxeiros compatible co escenario final planificado”. Indica que non teñen información ao respecto porque o proxecto non se coñece, áinda que tiña que estar resolto a finais de 2012.

Tendo en conta que o orzamento inicial contempla 28,2 millóns e que o orzamento proposto é de 7,7 millóns, resultante curioso que apareza no orzamento que presentan para o 2015 de exercicios futuros 3 millóns de euros que aportaría en principio o Concello á estación intermodal, cando iso non é o que di o convenio, e apórtase 100 mil euros este ano cando a Xunta de Galicia aporta 50.000 euros. Non entende, polo tanto, a maneira de cumprimento que ten o PP con respecto aos convenios.

Anuncia que a proposta do grupo municipal socialista é que, aproveitando o artigo 71 da Lei de Bases de Régime Local, se lle pregunte aos concellos de Santiago de Compostela que é o que prefieren, se a proposta de ADIF Fomento apoiada polo Concello de Santiago de Compostela e a Consellería de Infraestruturas de que se amplíe o vestíbulo da actual estación, ou que se constrúa unha estación intermodal a cal pode facerse por fases, tal e como establece o convenio, e que sexa verdadeiramente a estación intermodal que precisa Santiago de Compostela e que precisa a estación central do AVE para toda Galicia.

A continuación, outórgaselle a palabra ao **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG**.

Afirma que o asunto a tratar é un dos grandes debates que debe abordar Santiago de Compostela, a pesar de que non é o único en materia ferroviaria, pois están pendentes o remate do trazado de alta velocidad de conexión coa meseta e o do eixe atlántico, unha revisión integral e completa das medidas de seguridade ferroviaria a entrada de Santiago, a creación dun auténtico servizo de tren de cercanías, a posibilidade de instalar unha auténtica estación de mercadorías na nova área industrial da Sionlla á

altura das necesidades da capital de Galicia e do potencial loxístico que ten esa área industrial, a posibilidade de implementar a medio ou longo prazo un metro lixeiro, e a mellora da conectividade da actual estación de tren co aeroporto de Lavacolla.

Polo tanto considera que fica moito por facer en Compostela en materia ferroviaria. En base á futura estación intermodal, asume que non se trata dunha actuación máis, polo que fai máis de dous anos, exactamente en xullo de 2012, lembra que o BNG trouxo este debate en forma de proposición a este pleno. Nese sentido, lamenta que máis de dous anos despois estean a falar do mesmo, sen que mediase ningún cambio para ben polo medio.

Para falar do futuro da intermodal, coincide co voceiro do PSdeG-PSOE en que resulta imprescindible, aínda que sexa de xeito moi resumido, repasar o pasado e o presente deste proxecto. Indica que en xullo de 2006 asinabase un convenio para darlle saída a esta vella demanda e, posteriormente á sinatura dese convenio, Adif aumentou as súas pretensións a respecto dos aproveitamentos económicos, e non foron compartidas polo anterior goberno municipal de Santiago producíndose, así, un pulso ambos derivando no peche do propio PXOM. Nese intre, prosegue, o concello negouse a admitir as pretensións do ADIF de aproveitamento urbanístico para esa zona, e mantivo esa peza tal cual estaba no anterior plan de ordenación, é dicir, remitindo a súa ordenación a un plan especial.

Di que as discrepancias estaban non tanto na edificabilidade do seu aproveitamento a favor do ADIF como no uso comercial que lle querían dar para crear un gran centro comercial dentro desa estación, cousa que o anterior goberno municipal non estaba de acordo.

Posteriormente, precisa que as cousas áinda se complicarían máis debido ás reformas da lexislación autonómica que modificaba as obrigas respecto a reserva de vivenda protexida.

Manifesta que as partes, Concello, Ministerio de Fomento, Adif e Xunta de Galicia, retomaron a negociación despois de ser aprobado o PXOM, chegando a un acordo que derivou nun convenio que o Concello e o Ministerio ultimaron en xaneiro de 2009, pero que non foi asinado ata 3 de novembro de 2009, debido ao bloqueo que impuxo a aquela altura o recén estrenado goberno de Feijóo dende a Xunta de Galicia, o cal nesa negociación tensionaría para poder ter un papel decisivo, incluso de bloqueo, nun momento en que o Partido Popular de Santiago dende a oposición naquela altura

comezaba unha campaña pública e mediática a favor da conservación do edificio da actual estación de tren.

Dende o punto de vista do contido urbanístico, considera que era o mesmo que no convenio de 2006, pero rebaixando o aproveitamento lucrativo do uso comercial e introducindo vivenda protexida.

Outro cambio significativo, sinala, foi que no documento de 2006 xa se prevía un uso comercial e hoteleiro dentro da estación, algo que na nova redacción non se contemplaba.

Di que, tal e como se referiu anteriormente o voceiro do grupo municipal socialista, a partir de ese momento ADIF realizaría un concurso de ideas no cal se presentaron diferentes estudos de arquitectura con propostas moi dispares.

Acusa ao Concello de Santiago, ao Partido Popular, á Deputación da Coruña, e á Xunta de Galicia, de deixar plantada a mesa de contratación do proxecto nun acto claro de primar os intereses de partido sobre ós dos veciños e veciñas. Deste xeito, decidiríase que proxecto desa estación era mellor para Santiago, sen que a vontade dos santiagueses estivera representada porque o seu goberno local, eleito meses antes nas urnas, unilateralmente decidiu non participar nese concurso, concurso que Conde Roa calificaría como un baile de maquetas antes dunhas eleccións xerais.

Afirma que a Xunta non participa, a pesares de asinar un protocolo o 3 de novembro de 2009 entre o Sr. alcalde-presidente, daquela conselleiro, o Sr. Blanco, e o alcalde naquel momento o Sr. Bugallo. Dende o seu punto de vista é curiosos que a Xunta sí estivese presente nos concursos de Lugo e da Coruña.

A partir dese momento, sostén que se produciu un variado repertorio de excusas a cada cal más delirante. Primeiramente alegouse que a estación non facía falta, despois que non ían permitir un centro comercial a pesar de que o propio presidente de ADIF confirmaba que non se ía construir ningún centro comercial, tal e como acabaría recoñecendo o propio Sr. Conde Roa. Posteriormente, que non se facía porque era preciso unha maior planificación urbanística da zona, despois que o problema era o mantemento da vella estación, porque segundo o Sr. Conde Roa, era imprescindible conservar a vella estación por tratarse dun edificio histórico. Ao respecto engade que aínda que varios dos proxectos presentados a concurso conservaban a vella estación, tampouco eran suficientes para o PP, máis tarde dixerón que o problema era que non debía adxudicar un goberno en funcións, despois, segundo o Sr. Conde Roa, o problema

era que ADIF tiña que asumir o 100% da obra tal e como poñen de manifesto as seguintes declaracóns: “si de los miles de millones que vale el AVE a Galicia, todo el problema son los veinte y pico millones de la estación de Santiago, que es la única ciudad patrimonio de la humanidad de Galicia mal vamos”, e recoñece que foi unha das poucas cousas nas que leveba razón.

Posteriormente, informouse de que levarían a estación intermodal a Lavacolla, e tras anunciar iso, di que o Sr. Conde Roa rectificou e comunicou que se conformaba cunha estación intermodal en Lavacolla senón cun apeadeiro.

Considera que o que estaba a pedir o Partido Popular de Santiago era modificar o trazado do eixo atlántico en base a un estudio que en 1996, nin Manuel Fraga Iribarne, nin José M<sup>a</sup> Aznar, nin Álvarez Cascos, nin Mariano Rajoy consideraron válido ou de interese á hora de deseñar o trazado da liña Santiago-Coruña que eles licitaron e que parcialmente executaron. Esa proposta, tal e como a plantexaba o Partido Popular de Santiago naquel intre, afirma que implicaba tirar como mínimo os dezaseis millóns de euros que o goberno do estado investira entre os anos 2003-2005 na construción dos 6,6 quilómetros que hai ata o túnel que comeza en Sionlla de Abaixo.

Por último, indica que o Sr. alcalde-predidente, anunciou no seu momento a ampliación do vestíbulo da estación, a adaptación de andeis, e a mellora da accesibilidade dende o Hórreo.

En definitiva, dende o seu punto de vista, foron catro anos absolutamente perdidos, nos que se enganou e mareou á veciñanza de Santiago. Declara que para o BNG a importancia estratéxica da estación intermodal é evidente, porque de facerse, posiblemente sexa a infraestructura máis importante e que máis pode mudar Santiago nas vindeiras décadas. Pronostica que se o grao de compromiso das diferentes administracións que interveñen neste proceso é o mesmo que nos últimos anos, o proxecto directamente non verá a luz. Polo tanto insiste que de pouco vale que nos orzamentos se inclúan partidas simbólicas, como acaba de facer o Estado, a Xunta, ou o propio concello, se iso non vai acompañado dunha vontade política real de levalo a cabo.

Manifesta que para o Bloque Nacionalista Galego a importancia deste proxecto non radica en dotar a Santiago dunha boa estación para recibir a alta velocidade procedente da meseta, pois esa é a última das súas preocupacións. Polo tanto, valora outras cuestións importantes dende a perspectiva da mobilidade, dende a perspectiva de mellora urbana, e dende a perspectiva da reactivación comercial do Ensanche.

Atendendo á primeira, engade que modificaría radicalmente a situación da mobilidade en Santiago poder ter concentrado nun único punto a estación de buses, con buses de media e longa distancia, a estación de tren, con trens de media e longa distancia, e ser un punto neurálgico para o bus urbano e para o bus metropolitano, de xeito que ese punto funcionaría como un auténtico intercambiador do transporte público en Santiago de Compostela e na súa área de influencia.

Ademais, tendo en conta que os estudos iniciais falaban dun público potencial de máis de seis millóns de pasaxeiros nesa estación intermodal, sinala que en Lavacolla non chega a dous millóns e medio de pasaxeiros.

En base á segunda cuestión relativa á mellora urbana, afirma que é innegable que tanto a estación coma a liña do ferrocarril son unha barreira que divide a cidade e supón un problema para os barrios do Castiñeiriño, de Conxo e de Pontepedriña. Considera que, de facerse ben as cousas, preséntase unha oportunidade para reordenar e recuperar urbanísticamente a zona das rúas de Vedra, Boqueixón e Amor Ruibal. Ao respecto advirte que é necesario ter en conta que se trata dunha zona illada, cunha difícil solución no que se refire a súa permeabilidade e á súa conexión co resto da cidade, e mesmo a súa mellora urbana.

Por último, en canto á reactivación comercial do Ensanche, evidencia que a porta de entrada desas conexións ferroviarias ao noso concello sería a través dunha estación situada no corazón do Ensanche. Así, indica que todas as persoas que entraran por aí para visitar a zona histórica, terían que subir a través do Ensanche converténdose nun revulsivo importante para un maltreito comercio no conxunto da cidade, pero nomeadamente no ensanche compostelano.

Por todos os motivos expostos, reitera que para o BNG é importante un proxecto deste tipo, e lamenta que se xestionase rematadamente mal ao longo de todo este mandato.

Posteriormente, intervén a **Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvimento Urbano e Sostible.**

Detalla que se están manexando termos diferentes tanto na proposta do PSOE como na intervención dos seus compañeiros de corporación, de xeito que se fala de protocolo e de convenio. Clarexa que isto é un protocolo, porque un convenio ten un grao de compromiso diferente ao dun protocolo de colaboración.

En calquera caso, sinala que o protocolo está en vigor porque non ten ningunha vixencia establecida, e que dende o goberno municipal non renuncian a él.

Considera que ás veces cóntase ou outórgaselle importancia ao que se quere, polo que opta por retomar algunas cláusulas.

Na cláusula novena, ou na estipulación novena, di que os acordos incluídos neste protocolo requerirán, para ser vinculantes, o seu desenvolvimento a través dos correspondentes convenios que se subscribiran. Ademais, reafirma que isto é unha declaración, ou un conxunto de intencións, de intereses ou compromisos, pero que requerirán en diante as sinaturas dos correspondentes convenios.

Por outra parte, en canto a outro aspecto moi importante deste protocolo que vincula a financiación das actuacións ao rendimento dos aproveitamentos, le o último parágrafo da estipulación séptima, que di: "ADIF financiará con cargo aos rendementos dos aproveitamentos da súa titularidade e da titularidade municipal incluídos no ámbito que ata este límite económico os investimentos necesarios para completar a solución ferroviaria na estación de ferrocarril de Santiago de Compostela, así como o traslado das instalacións de mercadorías e de mantemento de infraestruturas actualmente existentes na mesma" é dicir, engade que se trata dun protocolo, que sempre vinculou a execución da estación aos propios aproveitamentos da estación, priorizando os investimentos. Ademais, di que dentro destes aproveitamentos na mesma estipulación décima, priorizaba os investimentos "a principal é a construcción da estación de ferrocarril e os seus accesos principais, así como o traslado das instalacións de mercadorias e mantemento de infraestruturas, actualmente existentes na misma". Iso con respecto á primeira, a segunda incorpora as infraestruturas viarias e peónis de conexión urbana incluídas no ámbito, e a terceira a realización de expropiacións e obras de urbanización e reposición de servizos do ámbito definido no plan especial.

Como outro último aspecto a comentar do convenio, descoñece se teñen ou non o mesmo protocolo.

Na pormenorización sinala que no anexo está recollido, que na pormenorización dos usos a realizar a través do plan especial serán de aplicación as seguintes intensidades máximas:

Uso hoteleiro non superior a 10.000 metros cadrados.

Uso comercial non lucrativo vinculado ao dotacional público ferroviario non superior a 5000 metros cadrados nin inferior a 2000 metros cadrados.

Uso comercial non vinculado ao dotacional público non superior a 12.500 metros cadrados.

Uso residencial mínimo do 30%.

E outros usos terciarios resto da edificación lucrativa.

En consecuencia, afirma que sí se están a falar de que había uns usos que ían a financiar a operación.

En calquera caso, insiste en que o protocolo sigue vixente, xa que non ten data de caducidade, e ningunha das partes asinantes o denunciou. Por ese motivo, comunica que o concello segue a traballar con ADIF e coa Xunta para facer realidade os compromisos adquiridos a día de hoxe.

Independentemente do protocolo, manifesta que o PP tamén aposta pola estación, pero tendo en conta o tempo transcorrido dende a sinatura do convenio, precisa que é necesario neste momento recontextualizar o desenvolvemento previsto, pois as expectativas dos aproveitamentos do ano 2009 non son as do ano 2015, e sen estes aproveitamentos, é dicir sen a financiación, as actuacións derivadas daquel protocolo carecen de realidade.

En base á posibilidade de convocar unha consulta popular, procede a ler o artigo 71 da Lei Reguladora das bases de réxime local: “de conformidade coa lexislación do estado e da comunidade autónoma cando esta teña competencia estatutariamente atribuída para elo, os alcaldes previo acordo por maioría absoluta do pleno, e autorización do goberno da nación poderán someter a consulta popular aqueles asuntos da competencia propia municipal e de carácter local que sexan de especial relevancia para os intereses dos veciños, con exención dos relativos á facenda local”.

Dubida que a elección do proxecto a contratar como resultado dun concurso público que fai ADIF sexa un asunto de competencia municipal. En calquera caso, di que tal e como recolle o artigo 7, o asunto requeriría a autorización do goberno da nación.

Entende que este tipo de propostas neste momento venden, pero non son propostas nin realistas nin responsables, e plantexalas agora quizás á vista do grupo socialista

poida ter rendementos electorais pero nada máis. É evidente, afirma, que os gobernos e más concretamente este goberno municipal deben estar atentos ás demandas veciñais e traballar para darles respostas, pero as boas respostas, os bos proxectos, son os que resolven as necesidades, estando de acordo coa normativa vixente, incluso ademais sendo estéticos, realizables, e financiables.

Pon de manifesto a capacidade do concello para instar ao goberno do estado a que lle faga unha macroestación con parámetros das actuacións que se repetiron en tempos pasados, e que todos criticaron, tipo eu o valgo cando eramos ricos, e que tanto criticamos, ... podemos se queremos instar, ou podemos ben traballar, seguir traballando as tres partes cada día para non renunciar a ningunha das nosas aspiracións, e ir escalonando as actuacións ata completar o puzzle da estación que Santiago se merece, de feito o grupo popular toma esta opción, e o vindeiro luns temos unha nova reunión de traballo a tres bandas, Xunta, Concello e ADIF, para definir as actuacións a executar no ano 2015.

Con respecto ás intervencións dos grupos, tendo en conta as necesidades existentes, recoñece que é necesario obter un tren de cercanías, unha estación de mercadorías, e a intermodalidade de xeito que se e logo facer se relate aeroporto a través dun transporte adecuado. Tamén está de acirdo en que a estación debe ser unha oportunidade para moitas cousas, sobre todo para mellorar a barreira urbana que supón a estación de ferrocarril.

En suma, pon de manifesto a disposición do goberno por traballar ao respecto pero precisa que de forma realista, non cuns investimentos que non existen, porque se tiñan condicionado a uns usos lucrativos que non se van poder dar.

A continuación, ten a palabra o **Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE**.

Afirma entender que o protocolo está vixente, motivo polo cal fala desta cuestión.

Ao tratar o tema da financiación e a súa vinculación coa execución do aproveitamento, e concretamente cando a Sra. Gutiérrez López fixo alusión a un uso comercial non vinculado a dotacional público non superior a 11.500 metros cadrados, dubida de se o PP tentan recuperar o desenvolvemento dese centro comercial, que particularmente, apunta, o concello gobernado por un goberno progresista dixo no seu momento que non, aínda que ADIF o impuxo dentro do que era o protocolo.

Entende que a estación intermodal é unha necesidade para Santiago de Compostela, e corresponde ao goberno do Concello de Santiago de Compostela esixir ao Ministerio de Fomento a construción da estación intermodal. Sinala que neste momento hai aproximadamente dous millóns de pasaxeiros ao ano, un 50% máis que A Coruña, e está previsto que se chegue a seis millóns, é dicir o triple, de xeito que a ampliación do vestíbulo non é dabondo para poder dar o servizo que precisa a estación central do AVE.

Lembra que o proxecto tiña que estar aprobado a finais do ano 2012, e encargado en outubro de 2013, ademáis de licitado e adxudicado. Xa que non é así, dubida do traballo do PP e califica a súa xestión de boicot sistemático á estación intermodal de Santiago de Compostela, como estación central do AVE, tal e como explicou o Sr. Cela Díaz. Insiste en que os plantexamentos do goberno, por unha banda, facían referencia a un apeadeiro no aeroporto de Lavacolla, e despois fixeron caso a un apeadeiro na estación actual.

Comprende a etapa da austeridade pero reitera que é a estación más barata de todas as proxectadas para toda Galicia con moita diferencia. Polo tanto, pensa que é un erro decir que 24,9 millóns de euros é unha obra faraónica, cando dende a Xunta de Galicia gastaron 24 millóns de euros no acondicionamento de Vigo-Guixar. Non lle parece aceptable, tralo investimento que se fixo no Ave para unir todo o Eixo Atlántico, que non haxa unha estación central de Galicia.

Pregunta tamén pola concentración e a conexión coa estación de autobuses, pois non se adicaron orzamentos desde 2010. Ao seu parecer, as oportunidades da estación son integrar o transporte terrestre, importante para a nosa cidade, integrar o transporte co ensanche da cidade, integrar o barrio da Pontepedriña no tecido urbano, e consolidar a Santiago de Compostela como centro de referencia dunha comarca verdadeiramente potente que ten que coller a ría de Arousa, a Estrada e Silleda.

Defende que non existe de momento nin unha soa explicación factible de por que o goberno está sistematicamente boicoteando a construcción do AVE en Santiago de Compostela. Alegan que non poderían facer a consulta popular porque a ten que autorizar o estado, polo que pide que se solicite esa autorización e, posteriormente, votar todos a favor da proposición do PSdeG-PSOE instando ao goberno do estado para que aprove a posibilidade de facer esa consulta popular, co fin de saber que é o que pensan os veciños e veciñas de Santiago con respecto á estación intermodal do AVE, aceptando esa vontade e explicandolle cal é a ventaxa da estación intermodal do AVE de Galicia.

Reitérase nas súas acusacións de boicot á estación intermodal do AVE por parte do goberno, e acúsaos de están a parar a resolución do proxecto de Herreros, porque aprobarse cando gobernaba en Madrid o partido socialista.

Intervén o **Sr. alcalde-presidente** para clarear que o debate iniciaras ecoa presentación dunha proposición, polo tanto o Sr. Reyes Santiás fixo a presentación de dez minutos, a continuación os grupos 10 minutos, e péchase cunha intervención do relator ou relatora de dez minutos. A continuación, procederase pola súa orde de presentación ao debate das emendas, no que poderá intervir tres minutos o relator ou relatora da emenda, que é no caso do grupo popular, a Sra. Gutiérrez López.

Consecuentemente, está no uso da palabra a **Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible**.

Reitera que o PP segue a traballar coa Xunta de Galicia e co goberno do Estado no marco do protocolo asinado, para contar coa estación intermodal adecuada á alta velocidade e a Santiago de Compostela, por ser unha cidade receptora de miles de peregrinos, estudantes, turistas, participantes en congresos, etc. Nese sentido di que o concello non renuncia a que a actuación sexa perfectamente accesible, tanto interiormente como coa cidade, a que sexa intermodal combinando nun mesmo ámbito os transportes ferroviarios, e de todo tipo de autobuses, a que teña as dimensións e os servizos adecuados, a que resolván os problemas de comunicación entre barrios da cidade, que están incomunicados polo trazado das vías de ferrocarril, e a que non xenere problemas de mobilidade na zona, mobilidade de tipo circulatorio, e por iso sinala que seguen a traballar. Namentres, tendo en conta os tempos que vivimos, é consciente de que as actuacións teñen que ser realistas e financiadas para poder respostar aos problemas de hoxe e ao encaixe do mañá. Así, declara que na reunión do luns, intentarán resolver aquelas modificacións de tipo ferroviario, paa que no próximo ano 2015 se fagan aquelas modificacións de tipo ferroviario que requira a estación para recibir a alta velocidade, as modificacións necesarias para garantir a accesibilidade a todos os andenes de todas as persoas, as actuacións necesarias para permitir a accesibilidade á estación de todas as persoas dende o Hórreo, sen ter que realizar un longo recorrido alternativo, o incremento da capacidade dos accesos dende os andéns a estación, dos propios andéns e o vestíbulo da estación para coller o volume de viaxeiros que xa ten actualmente a estación.

Di que a búsqueda do deseño da estación final, executable por fases, debe contemplar todas as demandas anteriormente contempladas, e a definición do alcance dos traballos e as responsabilidades de cada parte.

Unha das actuacións a realizar ha de fixar un posible horizonte para a finalización total da estación, e en coherencia con isto, informa de que instarán ao goberno e á Xunta de Galicia que no ano que ven queden definidas todas as actuacións necesarias para acometer a estación, unha vez que sexan definidas se complementen cos orzamentos dos anos sucesivos, as partidas que sexan necesarias para levalas a cabo.

Quere puntualizar que o protocolo asinado polo partido socialista no concello e polo partido socialista no goberno do estado vinculou a execución da estación aos usos lucrativos da mesma. É dicir, sinala que a estación non tiña financiación máis que dos usos lucrativos da mesma, e que ademáis neses usos lucrativos e está asinado polo partido socialista, estaban os 11.500 metros cadrados porque está asinado do uso comercial, eu se logo se cambiou de criterio, pero está asinado tanto polo alcalde do Partido Socialista como polo ADIF, partido socialista.

A propósito da enmenda do Partido Popular, o Sr. alcalde-presidente outórgalle a palabra, durante un turno de 3 minutos, ao **Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE**.

En primeiro lugar, anuncia que rexeita a enmenda por entender que se trata dunha dilación máis.

Di que o plantexamento do PP chega dous anos tarde, e ese estudo ao que se están a referir tiña que estar feito e aprobado en novembro de 2012. Ademáis, no ano 2013 debeu adjudicarse e, a pesar de estar no 2014 non se deu esa situación.

Lamenta que tampouco expliquen a negativa ao proxecto de Herreros, e pídelles que non volvan a falar do tema dos 12 mil metros cadrados, porque o propio alcalde, antecesor do antecesor do actual, o Sr. Conde Roa, dixo clara e públicamente, que a non realización do centro comercial era un logo persoal del. Así, entende que ía cara adiante o tema do uso comercial dos 12 mil metros cadrados.

Di que o goberno tampouco deu unha explicación acerca de por que nos orzamentos aparece para o 2016-2017 e 2018, unha partida de un millón de euros recoñecida como financiamento recursos propios, cando o que di o protocolo é que a aportación do concello, son os terreos da estación a renuncia ao 10% de aproveitamento.

Tampouco explican, prosegue, por que para o 2015 no que son actuacións complementarias intermodal de Santiago, aparece unha partida de 100.000 euros de recursos propios cando a Xunta somentes aporta 60.000.

Non comprende que a proposta do PP pretenda ser únicamente unha dilación clara, unha vez más da construcción da estación intermodal que precisa a nosa cidade.

Reitera que este é un documento de ADIF onde di moi claramente que o que plantexan é unha solución de intervención que inclúa a ampliación do vestíbulo. Afirma que sobre esa cuestión sí están a traballar pero que o Partido Socialista de Compostela non vai apoiar que se renuncie a estación intermodal do AVE de Santiago para ter simplemente unha ampliación de vestíbulo da actual estación.

A continuación intervén, nun periodo máximo de dous minutos, o **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG**.

Di que a pesar de ter coñecementos limitados en materia xurídica, é capaz de diferenzar o protocolo do convenio. De feito afirma que o primeiro que lle chamou a atención da visita da semana pasada do Sr. Rajoy para vender eses 17 millóns de euros á catedral, é que foi un protocolo e non un convenio.

En segundo lugar, indica que a pesar de que o goberno municipal sostén estar de acordo coa estación de mercadorías na Sionlla, se teñen intención pode ser posible chegar a outro acordo. É dicir, se convencen aos seus compañeiros e compañeras do PP no Congreso dos Deputados, anuncia que o Bloque Nacionalista Galego rexistrará mañá unha moción no Congreso para instar ao Adif e ao Ministerio de Fomento a estudar e acometer esa actuación no Polígono da Sionlla.

Por último, ao respecto das declaracíons do goberno en base a este proxecto, resúltalle evidente que estes catro anos foron en balde, e precisa que é mellor non facer nada que facelo mal. Descoñece se hai estudos de mobilidade sobre como se poden resolver os problemas derivados do feito de que se leve a estación de buses a esa ubicación, dados os problemas tanto na saída de Clara Campoamor cara a Pontepedriña, como cara o periférico.

En calquera caso, di que non está plantexando ningunha obra faraónica para a estación de Santiago, pois considera que coa do Gaiás xa é suficiente. Propón unha estación que contemple esa intermodalidade que poida resolver esos problemas de permeabilidade urbanística e que estea á altura do que se merece a capital de Galicia.

No referente aos prazos, non observa ningún problema, pero considera un erro en termos históricos, non estar á altura do que demanda unha cidade como Santiago nunha actuación de tipo transcendental para a mobilidade da cidade.

De seguido toma a palabra a **Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvimento Urbano e Sostible**.

Manifesta coincidir con ese diagnóstico, e clarexa que non están interesados en dilatar, pois hai que solucionar os problemas, e facer unha análise das solucións necesarias como poden ser unhas obras de inmediata execución. Di que actualmente, as persoas con mobilidade reducida non poden chegar ao segundo andén non se chega, de xeito que hai que adaptar a obra ferroviaria, ademáis os andéns e o vestíbulo son insuficientes. Iso non quere dicir, sinala, que o plantexen a futuro, xa que entenden que hai que solucioanr outros problemas, como o tema da intermodalidade. A este respecto anuncia que se están a reunir a tres bandas.

Considera necesario encaixar o desprazamento da estación de autobuses, pero precisa que antes hai que determinar como se van mover os autobuses pola zona, por suposto, clarexa, non van renunciar á permeabilidade da cidade, pero incide en que hai que analizar se existe algúñ elemento que poidan conservar, como o caso do edificio da estación vella, porque non pensa que sexa un impedimento para facer unha estación nova que comunique as diferentes zonas, sobre todo, se non hai outros usos de tipo comercial, ou de tipo vivenda. Tendo en conta que dende o seu punto de vista hai espazo suficiente, entende que se debe estudar, o que permitirá executar unha estación en diferentes fases. Reitera que iso é no que están a traballar e iso é o que se debe concretar.

Sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria**, ten lugar o seguinte resultado:

**Votos a favor: 9 PSdeG-PSOE**

**Votos a contra: 12 PP**

**Abstencións: 3 BNG**

Rematado o debate e tralo rexeitamento da emenda presentada polo grupo municipal do Partido Popular, o pleno da corporación por 9 votos a favor, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Socialista, 12 votos e contra, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular e 3 abstencións correspondentes

aos membros do grupo municipal do BNG acorda rexeitar á proposición do grupo municipal socialista referida á construcción da estación intermodal do AVE.

**11. DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA EN MATERIA DE DELEGACIÓN DAS NOTIFICACIÓN DAS RESOLUCIÓN E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO QUE SE TRAMITAN NA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO URBANO E SOSTIBLE, SERVIZO DE PLANEAMENTO.**

Dáse conta ao pleno da seguinte resolución ditada pola Alcaldía en materia de delegación de notificacións:

“Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2014

Co obxecto de favorecer o normal desenvolvemento e axilidade nos procedementos administrativos, en concreto a notificación dos asuntos de trámite, a compulsa dos documentos e as notificacións de resolucións e acordos que se tramitan na Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, Servizo de Planeamento, a proposta do Vicesecretario, e de conformidade co previsto no artigo 13.2 do RD 1174/1987, de 18 de setembro,

RESOLVO:

Delegar as notificacións das resolucións e acordos da Xunta de Goberno Local, que se tramitan na Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, Servizo de Planeamento, en DONA PILAR RUBÍN PAZ, xefa de sección de Planeamento e Xestión Urbanística, e nos supostos descritos na parte expositiva deste Decreto.

Deste decreto que entrará en vigor no día da súa sinatura, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarse á interesada, ao Director da Área Xurídica de Desenvolvemento Urbano e Sostible e a Concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible para os efectos oportunos.”

**12. DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DAS ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

Dáse conta ao pleno das resolucións da Alcaldía e das concellarías delegadas ditadas nos períodos que abranguen dende o 2 de outubro ao 4 de novembro de 2014 (níms. 6358 ao 7320).

Dáse tamén conta ao pleno das seguintes actas das sesións celebradas pola Xunta de Goberno:

Acta sesión extraordinaria e urxente do día 14 de outubro de 2014 (Núm. 57).

Acta sesión ordinaria do día 17 de outubro de 2014 (Núm. 58).

Acta sesión extraordinaria do día 21 de outubro de 2014 (Núm. 59).

Acta sesión ordinaria do día 24 de outubro de 2014 (Núm. 60).

Acta sesión ordinaria do día 31 de outubro de 2014 (Núm. 61).

Acta sesión extraordinaria urxente do día 3 de novembro de 2014 (Núm. 62).

*(Auséntase a Sra Mar Martín, que non se reincorpora).*

### **13. ROGOS E PREGUNTAS.**

**PSdeG-PSOE**

**a) - Que o goberno municipal lle dea unha solución inmediata a todos e cada un dos problemas detallados neste rogo e que, desde hai meses, padecen os alumnos do IES Eduardo Pondal da nosa cidade (rex de entrada nº 242 de 7 de novembro de 2014)**

Ten o uso da palabra o **Sr. Muíños Sánchez, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE**.

Expón que a primeiros do mes, concretamente o 6 de novembro, a Presidenta da ANPA Peregrina do IES Eduardo Pondal púxose en contacto co grupo municipal socialista para comunicarlle unha serie de problemas que padecen dende fai tempo no instituto, os cales até o de agora o goberno co que contactaron no mes de xullo non deu ningunha solución.

Especifica que está a falar, por unha banda, do grave problema de tráfico no ámbito do centro á hora de entrada e saída do instituto, e por outra, dos problemas de invasión de maleza e de risco de caída dalgúnhas árbores pola situación na que se atopa a parcela municipal que limita o instituto.

Ao respecto, engade que o grupo municipal socialista pudo comprobar in situ o perigo co que convive o alumnado todos os días.

Denuncia que a parada do autobús escolar está sinalizada cunha sinal de carga e descarga, polo que é frecuente que se atopen alí aparcados furgóns e outros vehículos. Ademais, di que os coches que transitan pola rúa doutor Maceira non sempre respectan o paso de peóns, e as nais e pais tampouco dispoñen dun lugar onde parar de forma segura para deixar aos seus fillos.

Dende o seu punto de vista, todo isto require sen máis dilación unha solución que implique a instalación de sinais que fixen a ubicación das paradas dos autobuses escolares, de un espazo onde poidan deterse os vehículos que deixan os nenos, e estuden a posibilidade de contar coa presenza dun axente da policía local no horario de entrada e saída do centro, como se fai noutras institutos da cidade.

Así mesmo, informa que nas fotografías achegadas xunto con este rogo, pódese apreciar o estado no que se atopa o solar colindante, cheo de silvas, de vexetación e de fauna propia destes ámbitos. Tamén se observa, sinala, algunha árbore cuxas raíces están ao aire, co conseguinte perigo de caer en calquera momento. Así, parécelle urgente que se proceda ao desbroce da maleza, e se determine que facer con esas árbores.

En suma, o grupo municipal socialista presenta a este pleno o seguinte rogo:

“Que o goberno municipal lle dea unha solución inmediata a todos e cada un dos problemas detallados neste rogo, e que dende fai meses, padecen os/as alumnos/as do IES Eduardo Pondal na nosa cidade.”

Recoñece que xa se fixo alguma actuación, pero tendo en conta o tema da maleza e más do risco de caída dalgúnha árbore, pide que se proceda de inmediato á súa solución.

A continuación, ten a palabra o **Sr. Sánchez-Brunete Varela, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Seguridade e Mobilidade.**

Polo que atinxe ao problema de tráfico, informa que xa se instalaron os sinais que solicitados fai varias semanas. En canto á solicitude de que haxa presenza da policía municipal, apunta que tal e como todos saben, a policía municipal non pode estar simultáneamente en todos os centros educativos da cidade, aínda que estiman a petición para integrala na planificación das súas actuacións.

No tocante ao solar, engade que ao igual que se fixo xa nalgunha parcela cercana da zona da Choupana, instarase aos propietarios para que a acondicionen nos termos debidos.

A continuación, o Sr. Alcalde-Presidente dá paso ao seguinte rogo, tamén do grupo municipal socialista, ao pleno da corporación para mellorar o mantemento do parque da alameda, se aumente a vixilancia e se recupere o seu plan director.

**b) Que se atalle a falta de mantento do parque da Alameda recuperando o seu Plan Director, que dispón ás directrices para usos e mantemento do parque.**

**-Que se incremente a vixilancia no parque para que non se produzcan actos vandálicos e non se siga deteriorando o noso patrimonio histórico e natural.**

**-Que se elabore un novo plano de ubicación de atraccións e postos preservando sempre a carballeira e a contorna da Igrexa de Santa Susana en colaboración cos técnicos de Parques e xardins (rex. Entrada 247 de 20 de novembro de 2014):**

De seguido, outorgáselle a palabra á **Sra. Rosón Ferreiro, concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE**.

Pon de manifesto a relevancia que ten o parque da alameda, pois é o máis importante e visitado de todos os espazos verdes de Santiago, tanto no referente ao patrimonio natural como ao histórico-artístico. Ao mesmo tempo, indica que é un dos puntos de encontro más queridos e emblemáticos, un lugar onde é posible facer deporte, xogar, celebrar festas, e onde bastantes días ao ano ten lugar unha importante actividade económica, social e cultural, con exposicións, feiras do libro, etc.

Na actualidade, á vez que recoñece que nas últimas semanas se teñen feito algunas intervencións na zona, sostén que a falta de mantemento e más que evidente, tal e como é posible observar na Igrexa de Santa Susana, no nivel 1 de protección do Plan Especial, o máis importante, na Porta dos Leóns, nos pavimentos, nas fontes, nos postes de toma de electricidade, no palco da música, na sinalética, ou nas esculturas as cales están a sufrir un deterioro importante que precisa dunha actuación urgente.

Tamén é necesario, afirma, a poda das árbores no parque en xeral e no mirador en particular, por ser o punto máis visitado, e a retirada das árbores secas.

Por outra banda, a pesar de que o goberno municipal a través da Xunta de Galicia vai facer un investimento na rúa Carreira do Conde, considera que non é urxente nin prioritario en comparación co mantemento do que adoece o parque da alameda.

Clarexa que a diferenza de cota entre a Carreira do Conde e Xoán Carlos I, sempre supera unha barreira infranqueable, por moito que se ornamente e reurbanice esta rúa. Ademais, indica que non hai ningún informe técnico que xustifique esta decisión nunha rúa que está en contacto co casco histórico.

Di que tanto os cidadáns, como os representantes do comercio e das asociacións veciñais do Ensanche, veñen manifestando a súa oposición a esta actuación que a maiores suporá un número importante de prazas de aparcamento para motos e minusválidos.

En suma, sinala que en base ao anterior, o grupo municipal socialista presenta a este pleno o seguinte rogo:

“Que se atalle a falta de mantemento do parque da Alameda recuperando o seu plan director, que dispón as directrices para usos e mantemento deste parque.

Que se incremente a vixilancia no parque para que non se produzcan actos vandálicos e non se sega deteriorando o noso patrimonio histórico natural.

E que se elabore un novo plano de atraccións e postos preservando sempre a carballeira e o contorno da igrexa de Santa Susana en colaboración cos técnicos de parques e xardíns.”

Por último, lembra que no presente mandato os membros do PSdeG-PSOE na Comisión de Patrimonio e cidade histórica da cidade de Santiago, fixeron numerosos rogos cuxo obxecto era resolver todas as patoloxías que se están a producir no parque da alameda, a pesar de que non se tiveron moito en conta. Neste caso, agarda que se actúe no parque da cidade máis empregado como lugar de encontro e de relación.

Para respostar, ten a palabra a **Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvimento Urbano e Sostible.**

Coincide en que a alameda é un dos lugares más apreciados de Santiago, case tanto como a catedral, e foi o espazo de recreo por autonomía da cidade, un lugar onde se

podía escoitar a banda, pasear, tomar churros, comprar libros nas feiras, e disfrutar do parque infantil máis antigo durante décadas.

Ao mesmo tempo, clarexa que o crecemento de Compostela coñeceu, dende os anos sesenta, a creación doutros parques que levaron a que a alameda, aínda que sega a ter un lugar privilexiado, afortunadamente xa non sexa o único espazo de recreo.

Dende o seu punto de vista, o lamentable estado de abandono ao que foi conducido a alameda dende fai tres anos débese a algunas decisións desacertadas de gobernos anteriores.

Ademáis, engade, na alameda seguen a celebrase multitud de eventos e continuará sendo o rei dos parques de Compostela. Do mesmo xeito, sinala que facía moito tempo que o palco de música non era empregado máis que para refuxio de vagabundos, ou que non era posible tomarse un refresco, tal e como ocorre en calquera parte do mundo.

Ademáis, di que no estanque do Pilar non había case auga, nin patos, que pasaron moitos anos dende a retirada da paxareira, que os xardíns ou as fontes non sempre tiveron o mellor aspecto, que as estatuas das mariás enhíánse de pintadas, e que se lle arrincaban as gafas a Valle Inclán.

Dada esa situación, detalla que nos últimos tres anos foi preciso realizar dende o Concello un esforzo para devolverlle á alameda o esplendor que coñeceu no pasado, e que perdera facía tempo.

En primeiro lugar, expón que se resolveu o problema de dotar aos xardiñeiros dun lugar adecuado para cambiarse, e gardar as ferramentas, xa que antes víanse obrigados a usar un galpón metálico de obra, totalmente cuberto de pintadas, e que afeaba o entorno de Santa Susana. Agora, afirma que os traballadores que coidan do parque contan coa antiga casa parroquial, rehabilitada polo concello e dotada de aseos e espazos para cambiarse, mentres que o antigo galpón pasou a mellor vida. Xa que hai pintadas en Santa Susana, sostén que está previsto quitalas neste mesmo mes.

Di que no colmo dos despropósitos, un espazo da ferradura foi acotado ata fai tres anos para server do útil fin social do botellodromo, que os fins de semana convertían a alameda nun estercolero onde se podían ver botellas, vasos de plástico, bolsas e demás. Por fortuna, manifesta, este lugar recuperouse como xardín, arreglouse o

parque infantil e creouse unha zona de equipamento biosaúdable para adultos, co cal tamén pasou a mellor vida.

Con respecto ás antigas churrerías que había ata fai dous anos, unha das cales estaba pechada e chea de pintadas, destrozando así a vista da exebra, lembra que foron demolidas, en favor dun moderno edificio do arquitecto Cesar Coll, que substitúe estas casetas e que permite tomarse un café na alameda.

En base aos aseos ubicados na entrada, profía que fai tempo que estaban en péssimas condicións, razón pola cal permaneceron pechados durante anos. Actualmente, precisa que se levou a cabo a súa rehabilitación, e considera que se fixeron bastantes traballos, como por exemplo no estanque, contribuíndo á mellora da alameda.

A continuación, o Sr. alcalde-presidente dá paso ao seguinte rogo do grupo municipal do BNG para incluír, a figura tradicional galega do apalpador na programación do nadal de Santiago de Compostela.

Plantexa o rogo o **Sr. Vilar González, concelleiro do grupo municipal do BNG**.

**a) Que o Goberno municipal incorpore a figura do Apalpador nas actividades da programación municipal de Nadal para achegar esta tradición cultural galega a nenos e nenas de Santiago de Compostela? (rex. Entrada 248 de 4 de novembro de 2014)**

Di que con este rogo preténdese facer unha demanda que non é nova, polo menos por parte do BNG neste pleno. Trátse da incorporación, ou máis ben, a reincorporación da figura do apalpador no ciclo de actividades do Nadal deste concello.

Lembra que fixo o rogo públicamente a comezos do mes e, a pesar de presentarse a programación do Nadal o día dezanove, non aparece dita figura tradicional que simboliza precisamente esta época. Sinala que se trata da figura dun carboeiro que a pesar de non estar aínda viva en todo o territorio galego, senón nunha parte, sí está incorporado ao acervo cultural deste país.

Engade que é unha figura en proceso de recuperación, tanto nos sitios nos que ten tradición, como noutras zonas do país, onde a través de centros de ensino, de asociacións culturais de base, incorporouse tamén a esa paisaxe do Nadal deste concello dende o ano 2009, a pesar de que术 desapareceu en 2011 coa chegada do Partido Popular.

Polo tanto, reitera que se trata dunha proposta para que se incorpore esta figura na programación do Nadal, nas actividades, e nas visitas a centros socio culturais, ou outro tipo de actividades para crianças, adicadas a rapaces e rapazas.

Clarexa que con esta figura non se pretende substituí outras. Xa que o Nadal ten unha serie de iconos, moitos deles procedentes doutras tradicións culturais, pide que se adopte un icono da tradición cultural galega, áinda que sexa dunha parte de Galicia, das montañas da zona oriental. Por último, reitérase na súa petición para que se reincorpore esta figura ás actividades do Nadal, tal e como sucedeu no seu día.

Posteriormente, toma a palabra a **Sra. Antón Vilasánchez, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Cultura e Patrimonio.**

Parécelle evidente, tendo en conta o mundo globalizado no que vivimos, que as tradicións dos pobos sexan as referencias culturais e sociais que conforman a identidade dun país, rexión ou comarca.

A conservación das sinais de identidade de cada comarca ou concello, entende que é un dos obxectivos dos que temos responsabilidades públicas, especialmente no eido da cultura, xa que estas tradicións dende o seu punto de vista aportan singularidade, e as que suman un valor engadido.

Considera que Galicia é un exemplo onde as tradicións son un dos seus activos á hora de presentarse ante o mundo, tradicións de signo diverso, dende a cultura cristiá máis arraigada, ás manifestacións paganas, a heranza do noso pasado celta, as crenzas propias onde o culto a morte, a natureza e os animais, teñen un especial significado.

Di que se trata dun pobo festeiro, que fai da festa tamén un signo da amizade, da reunión, e de lugar de encontro, normalmente arredor da mesa, sendo así a gastronomía unha das nosas destacadas tarxetas de presentación.

No tocante a Santiago, sinala que non é alleo a esta realidade, xa que conta coas súas propias tradicións e persoeiros que ao longo da súa existencia foron incorporándose a historia e cultura propia compostelá.

Di que a historia e a tradición xira en torno ao que é Compostela, a súa catedral como meta do fin de camiño de Santiago, a súa universidade con elementos tan nosos como a tuna, a árbore da ciencia, os xigantes e cabezudos da Ascensión e Apóstolo, as festas

das uñas de San Lázaro, as cacharelas e luminarias noutros lugares de Galicia, ou o voto a San Roque, son fitos no calendario, onde Santiago revive as súas tradicións, as cales dende este goberno municipal, afirma, pretenden coidar e protexer, así como dar a coñecer as nosas xentes, os seus oficios, como se fixo na recente exposición picheleiros nas rúas.

Do mesmo xeito que o camiño que neste fin de século XX e inicio do século XXI segue conservando as súas raíces esenciais, manifesta que se abriu a culturas e crenzas de todos os que respectuosamente se achegaron a esta cidade universal, aberta e solidaria que acolle manifestacións culturais que non sendo propias dela ou da súa bisbarra ou comarca, son realidades da nosa comunidade autónoma como ben dicía o Sr.Vilar González.

Considera que este é o caso do apalpador, e recoñece que foi para ela un descubrimento, xa que na súa infancia e na dos seus maiores en Mugardos tal figura era inexistente. En consecuencia, clarexa que cando lle falaron del tivo que facer unha búsqueda das orixes deste persoero e da súa significación, e supón que na Costa do Morte, pasaría tres cuartos do mesmo, como seguía pasando en Santiago que era inexistente. Namentres, adianta que nas cartas do Nadal sí hai xa unha lembranza a este apalpador e convida a todos os membros da corporación a atopar esta figura de home bondadoso que gartará un saco de desexos para os nosos veciños e veciñas en Compostela neste Nadal nas nosas rúas.

O Sr. Alcalde-Presidente, seguindo a orde do día, céddelle a palabra á **Sra. Cienfuegos López, concelleira do grupo municipal do BNG**, para que se manteñan as rúas e parcelas libres de maleza.

**b) Que se proceda a deixar as vias expeditas de vexetación e as parcelas urbanas limpas de maleza, así como a facer as podas que constitúan perigo e moléstias para veciñanza e a actuar con eficiéncia nos casos en que o estado dos soares privados constitúan perigo para a veciñanza (rex. Entrada 249 de 21 de novembro de 2014):**

Sinala que a pesar de que este tema poida parecer menor, xera malestar e queixas na veciñanza. Di que pasado xa o verán, a estación con máis mobilidade de propios e extraños, iniciáronse a mediados de outubro os traballos de desbroce, limpeza, mantemento de marxes e parcelas municipais, pero pon de manifesto que non sempre

as actuacións nestas parcelas foron suficientes, pese as reiteradas demandas da veciñanza.

Segundo precisa, un loureiro da parcela pública situada na zona de Campo do amo segue a invadir a casa veciña, algo que non entende ao considerar que o loureiro acepta e soporta moi ben as podas. Nas proximidades da parcela do loureiro, engade que a rúa Antonio Machado, neste caso de titularidade privada, atópase en condicións que supoñen un risco para as parcelas e as vivendas veciñas. Ao respecto clarexa que ao concello correspónelle demandar un correcto mantemento da propiedade.

Por outra parte, evidencia que segue habendo rúas nas que a vexetación, e nomeadamentne as silvas, invaden a zona do tránsito peonil, por exemplo na Avda. de Lugo, nos arredores da rotonda de Sar, e no túnel que hai nas proximidades, por poñer algúns exemplos.

Finalmente, di que o rogo do BNG resúmese en manter as vías expeditas de vexetación e as parcelas municipais públicas limpas de maleza, así como facer as podas que constitúan perigos e sexan molestas para a veciñanza e actuar con eficiencia nos casos en que o estado dos solares privados constitúan un risco.

Para respostar, ten a palabra a **Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible**.

Lembra que durante o verán conseguiron contratar a prestación de servizos de desbroce e empezaron a executar os desbroces con bastante axilidade, pois desbrozáronse 391.640 metros lineais de parcelas, cunetas e pistas en todo o término municipal.

En canto ás podas, a pesar de que acaba de comezar a campaña, informa de que xa se está traballando.

Di que a anualidade correspondente ao presente exercicio dos traballos de desbroce agotouse, porque traballaron todos os equipos de forma simultánea, tres equipos de forma simultánea. En calquera caso, sinala que isto non deixa ao Concello a intemperie, porque de haber urxencia dispone dun tractor da brigada que continuaría levando a cabo os traballos máis urxentes.

Ao marxe do anterior, manifesta que o Concello contratou o servizo específico para a prevención de incendios forestais cofinanciado coa Xunta de Galicia que tamén

executou traballos de desbroce en pistas, contribuíndo así á ausencia de incendios xunto coa metereoloxía. Indica que dito contrato ascendía a 40 mil euros.

En base ás parcelas privadas, considera que a limpeza correspónelle aos seus titulares, tal e como obrigan dúas normativas: a lei de protección de incendios forestais de Galicia, e a ordenanza de convivencia de residuos e limpeza de Santiago de Compostela, concretamente o seu artigo 77, no ámbito urbano. Precisa que aplicando esta normativa na anualidade 2013, tramitáronse un total de 217 expedientes, e que na anualidade de 2014, levan tramitados 278 procedementos da xestión de biomasa, dos cales 176 corresponden a solares urbanos, e destes, 46 expedientes iniciáronse vía reclamacións de queixas e suxerencias, do programa de queixas e suxerencias. Ao respecto engade que en moitos casos, cando se fai a inspección da parcela aproveitase tamén para abrir casos das parcelas adxacentes.

Recoñece que estes procedementos non son moi áxiles porque tralo aviso, ás veces non se obtén unha resposta. De ser así, expón que o concello lles abre un expediente, e lles pón unha multa, ao entender que pode supoñer un risco. Di que este sería o caso dalgunhas parcelas que afectan ao tráfico de vehículos porque impide a visibilidade nunha entrada, ou porque impida o uso dunha beirarrúa. Nestes contextos, reitera que o concello vai actuar e vai repercutir o coste ao particular, pero por motivos da limpeza nas fincas particulares, en base ás ordenanzas, entende que o concello non debe facerse cargo.

O Sr. alcalde-Presidente dá por concluido este rogo e anuncia outro, tamén por parte do BNG, en relación cos problemas ligados ao contrato da limpeza das dependências municipais. Está no uso da palabra o **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo nacionalista do BNG** e anuncia a retirada deste rogo.

A continuación intervén o Sr. Rama, por unha cuestión de orde, pois falta un rogo do Partido socialista para a limpeza, desbroce e arranxo dos vieiros de Lavacolla.

**-Que os membros deste goberno visiten os vieiros da parroquia de Lavacolla e á maior brevidade posible procedan a solucionar os problemas de limpeza, desbroce e arranxo de todos estos camiños:** (rex. Entrada 250 de 21 de novembro de 2014):

Ten a palabra o **Sr. Rama Seoane, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE**.

Sinala que o rogo é sobre a parroquia de Lavacolla, e agarda non ter a mesma contestación que o da alameda, porque dende o seu punto de vista a Sra. Gutiérrez López deu a entender que a alameda a tiña feito o Partido Popular.

Di que a parroquia de Lavacolla, tal e como evidencian as fotografías adxuntadas, a carón do camiño de Compostela precisa un arranxo urxente, e tamén no palco porque na súa cuberta, tanto na parte interior como na exterior, ten problemas nunha das planchas, conformando un perigo para os viandantes que pasan por alí, pois pódese desprender. Di que tanto o Sr. alcalde-presidente como algúns concelleiros do PP que visitaron a asociación de veciños, teñen coñecemento desta situación.

Así mesmo, informa que na parroquia de Mourentán os veciños pediron unha parada de bus para un tema escolar, e lamenta que alguén tomara a decisión de non poñela onde querían os veciños, senón que a colocaran a 400 metros. Engade que dita marquesina foi sacada doutra zona da parroquia, provocando descontento entre os seus veciños.

Indica que na estrada principal de Lavacolla ata fai uns días non se limparon as cunetas. Di que nalgúns zonas como por exemplo a cuneta que estaba tupida de maleza, neste momento está limpa xa que está traballando Fenosa nunha obra que levará ao aeroporto unha liña de alta tensión que pasa por esa zona, e a carón do camiño de Compostela.

Por todo iso, sinala que o Partido Socialista pide ao goberno municipal que atenda esta demanda que fan os veciños de Lavacolla que non son tan costosas, e porque algunas son de zahorra, e están auténticamente intransitables. Engade que ao facer unha a carón desta parroquia comprou *in situ*, e aí están as fotografías, o mal estado no que se atopan eses viarios.

En consecuencia, clarexa que o Partido Socialista pide que se solvente esta situación coa maior brevidade posible.

Para respostar, ten a palabra o **Sr. Rosende Rico, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Relacións Veciñais e Medio Rural.**

Defende que por parte do Concello de Santiago, no constante esforzo por dar o mellor servizo ao medio rural, procedeuse a licitar a prestación do servizo para desbroces, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais do termo municipal de Santiago de Compostela.

Informa de que dito contrato ten previsto dúas anualidades de 115 mil euros cada unha para un total de 230 mil euros. Di que xa se procedeu á roza e limpeza de 391.640 metros liñeais de parcelas, gabias e pistas en todo o termo municipal, actuando en todas as parroquias do rural.

Di que a anualidade correspondente ao presente exercicio xa está esgotada, en tanto que dende a súa adxudicación se estivo a traballar de xeito ininterrumpido, e concretamente en Lavacolla procedeuse á limpeza de 43 metros liñeais por importe de 8.139,7 euros.

Ao marxe do anterior, indica que se contratou un servizo específico polo concello para a prevención de incendios forestais, que se executou exclusivamente en pistas forestas. Dito contrato, prosegue, tivo un importe de 39.149 euros, e executouse na súa totalidade no rural, cun total de 379 kilómetros rozados, o que supuxo 1.518.834 metros cadrados rozados, mentres que no lugar de Lavacolla realizáronse 130.354 metros cadrados de pistas forestais.

Co fin de mellorar a comunicación entre os núcleos de poboación, sinala que tamén se fai necesaria a reparación de firmes e pavimentos nas estradas das parroquias do rural, a través do POS 14. Do mesmo xeito, di que se está a actuar en 37 pistas de 17 parroquias nun total de 828.879 metros cadrados.

Este goberno, manifesta, ten contratado un servizo de mantemento e reparación de pavimentos en vías municipais non incluídos no ámbito da cidade histórica por importe de 300.000 euros, e dito contrato ten previstas dúas anualidades de 150 mil euros cada unha, e a corresponde con este exercicio di que xa está agotada.

En base ás acusacións na que se afirmou que o PP incumple o seu programa electoral en relación co rural, retruca que no programa recóllense, entre outras cousas: “instalaranse marquesinas levando a cabo a súa axeitada limpeza e coidado”. Polo tanto, tal e como se observa nas fotografías do rural Mouretán as afirmacións son falsas, pois instaláronse marquesinas, non se regalaron paraguas.

Finalmente, destaca que o Concello de Santaigo ten unha extensión de 221km<sup>2</sup>, de xeito que se converte nun recurso fácil para oposición sacar unha foto dun lugar afastado. Clarexa que a preocupación do goberno municipal é prestar un servizo integral para todo o concello, e subliña que a actuación no rural está moito mellor atendida agora que no anterior mandato.

*(Auséntase a Sra. Valledor Puente, quen xa non se reincorpora).*

#### **14. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNES PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.**

O **Sr. alcalde-presidente** entende que a primeira do Partido Popular e do Partido Socialista son retiradas, polo que se asume a declaración conxunta dos tres grupos, que pasará a ler o Secretario e, posteriormente, publicarase na web do concello. Antes, agradece aos tres grupos municipais á vontade para chegar a un punto de encontro neste punto.

#### **"DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA CORPORACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

O 25 de novembro foi declarado pola ONU Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, ao constatarse que cáseque o 70% das mulleres do mundo teñen sufrido violencia nalgún momento das súas vidas polo feito de seren consideradas desiguais, menos importantes, que os homes.

A pesares dos innegables avances que se teñen dado a nivel internacional, estatal e autonómico na loita contra este gravísimo problema social, manifestación máis cruel da desigualdade e discriminación sufrida tantas veces polas mulleres, as 44 mulleres que teñen morto en España, ás que se une o último caso do que temos tido noticia nestes días da nai e a filla desaparecidas hai meses que foron atopadas o pasado día 25, precisamente, así como os 32 nenos e nenas que teñen quedado orfos a causa da violencia de xénero, son a tráxica evidencia de que os esforzos desenvolvidos non son suficientes e que, a pesares de contar en España con lexislación avanzada para tratar con eficacia este problema, temos que continuar traballando sen descanso.

Este ano cómprese dez da aprobación da Lei Orgánica 1/2004 de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero. Esta lei e as que viñeron despois en moitas comunidades autónomas, como a nosa, transformaron completamente a resposta legal e policial a este fenómeno por parte dos poderes públicos, ante a demanda de tantas organizacións, mulleres e persoas por atallar contundentemente un problema tan serio e tamén tan complexo.

Queremos desde o Concello de Santiago manifestar, en primeiro lugar, o noso afecto e solidariedade coas familias das mulleres falecidas, seis delas en Galicia, e moi especialmente aos seus fillos e fillas, e manifestar públicamente o noso cariño e admiración por tantas outras que se atreven a rachar a espiral de silencio que

habitualmente cobre o fenómeno da violencia de xénero, informando do seu problema, denunciando ao seu maltratador e solicitando o apoio das diferentes administración públicas para conseguir unha vida nova, libre de violencia, á que teñen dereito.

Elas convírtense ademáis nun exemplo impagable para outras mulleres que precisan de respaldo á hora de tomar a difícil decisión de rachar co maltratador ou de denunciarlo. As mulleres falecidas lémbannos que o noso traballo desde as distintas administracións non é suficiente e que temos que apelar ao respaldo da sociedade no seu conxunto para continuar nesta tarefa, obxectivo ao que desde o Concello, no noso propio cometido, nos unimos.

Por iso, cremos que nas proximidades desde día 25, o obxectivo fundamental desde calquera administración pública na que interveñen varios grupos políticos, por enriba das lexítimas discrepancias que poden e deben existir na maneira máis axeitada para atallar este gravísimo problema da nosa sociedade, debemos lanzar unha mensaxe de solidariedade coas vítimas e coas súas familias e de compromiso conxunto de traballo, de cara á total e completa eliminación da violencia contra as mulleres, a través da consecución da igualdade real entre mulleres e homes.

Para defender a seguinte moción de recoñecemento do Concello de Santiago ao escultor Francisco Asorey no 125 aniversario do seu nacemento, ten a palabra o **Sr.Vilar, concelleiro do grupo municipal do BNG**.

Clarexa que esta é unha moción acordada previamente co grupo municipal socialista e co grupo municipal popular. Entende que, na súa literalidade, é unha moción que foi comunicada á asociación cultural Francisco Asorey, a cuxos representantes, presentes no pleno, aproveita para saudar á vez que os anima polo seu traballo de reivindicación da figura deste escultor.

Afirma que na moción pídense que se poña unha placa conmemorativa cadrando agora co remate do ano co 125 aniversario do seu nacemento. Di que a pesar de que non naceu en Santiago, pois era cambadés, pasou máis de catro décadas radicado na nosa cidade, desenvolvendo a súa actividade artística. Polo tanto, sinala que a placa débese situar no obradoiro onde estivo máis tempo, en Tras Santa Clara.

Anuncia que non vai reivindicar a figura de Francisco Asorey, porque pensa que é coñecido por todos e todas. En todo caso, indica que foi un home que no seu labor foi tamén coñecido e recoñecido no seu tempo vinculado a esa vangarda cultural dos anos

20 e 30 do século pasado en Galicia, que foi a xeración Nós, e ademáis de ter aquí radicado o seu obradoiro artístico tamén deixou pegada da súa obra, da súa diferente obra escultórica, eu chamaría a atención con esa peza magnífica que é o San Francisco que vemos todos case todos os días cando saímos cara Xoán XXIII e sen ser eu moiito de santos que non o son, o certo é que como escultura é magnífica esa obra, polo tanto a iniciativa é reivindicar tamén a figura do escultor Asorey a través desa placa é o acordo di exactamente, vouno ler literalmente, hai consenso entre os tres grupos:

“O Concello de Santiago con motivo do 125 aniversario do nacemento de Francisco Asorey e en colaboración coa familia e coa asociación cultural que leva o seu nome instalar unha placa conmemorativa para contribuir a difundir o legado deste escultor na cidade”.

Trala exposición, o Sr.alcalde-presidente dá paso á **votación de urxencia** co seguinte resultado:

**Votos a favor: 22 (12 PP, 7 PSdeG-PSOE, 3 BNG)**

**Votos en contra: 0**

**Abstencións: 0**

En consecuencia, queda aprobada a toma en consideración da urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG do Concello de Santiago, de recoñecemento do Concello de Santiago ao escultor Francisco Asorey no 125 aniversario do seu nacemento

Ao chegar a acordo, sométese a votación ordinaria o contido da moción, co seguinte resultado:

**Votos a favor: 22 (12 PP, 7 PSdeG-PSOE, 3 BNG)**

**Votos en contra: 0**

**Abstencións: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade aproba a moción transcrita.

O Sr. alcalde-presidente dá paso ao seguinte punto na orde do día, a **moción do grupo popular sobre a proposta de convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e os concellos de Santiago de Compostela e Teo ao respecto do transporte metropolitano**.

Ten a palabra o Sr. Sánchez-Brunete, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Seguridade e Mobilidade.

En primeiro lugar e con carácter previo, a fin de acreditar a urxencia da moción, di que que toda vez que a xefa do servizo de contratación ven de asinar un informe favorable ao convenio interadministrativo que garante o servizo de transporte entre Santiago e os Tilos, e toda vez que ese servizo de transporte público colectivo foi durante moitos anos, obxecto dunha controversia, dunha moi complexa controversia xurídica susceptible de causar tamén unha certa incertidume, entende que queda acreditada a urxencia, a fin de debater e considerar a moción e o convenio adxunto.

Recoñece que os grupos da oposición se sumarán á moción, e ao impulso deste convenio, queda claro que as veces é factible identificar o interese xeral e atopar espazos, neste caso percorridos de consenso, por dicilo dalgún xeito.

Defende que o convenio que hoxe se somete a consideración do pleno, e o convenio adxunto, habilitan ou blindan definitivamente o servizo de transporte urbano aos Tilos.

Trátase, dende o seu punto de vista, dun convenio que é producto dunha iniciativa ou dunha modificación lexislativa precisamente do tempo que o Sr. Alcalde-presidente era, nese momento, o conselleiro de ordenación do territorio.

Insiste en que se trata do produto dunha reforma lexislativa do ano 2013, e coa aprobación e posterior sinatura dese convenio, gañarán os residentes de Teo, particularmente os dos Tilos, e tamén a cidade de Santiago de Compostela. Os residentes dos Tilos di que van ver aseguradas as ventaxas do transporte urbano, fronte ao transporte interurbano no que atinxe á política tarifaria, á penetración na cidade, e aos niveis dos tráficos. Tamén indica que Santiago de Compostela gaña porque Santiago vai asegurar que un importante continxente de poboación dos Tilos siga a facer vida na cidade, siga a buscar oportunidades e polo tanto siga suscitando que en Santiago de Compostela se xeren oportunidades en orde a ofrecer bens e servizos a eses cidadáns, e sobre todo Santiago de Compostela tamén gaña porque se asegura, se asegura un servizo de transporte que de non existir pois nos causaría moitos problemas de tráfico.

Advirte que este convenio non vai supor ningún tipo de coste para o Concello de Santiago, o cal aportou unha suxestión ao borrador do convenio da Xunta de Galicia para asegurar esta situación.

En definitiva, declara que esta é unha boa noticia para todos aqueles que entenden que os lindes municipais non son fronteiras, senón liñas de soldadura do territorio e do país.

Trala exposición, o Sr.alcalde-presidente dá paso á **votación de urxencia** e do contido da moción co seguinte resultado:

**Votos a favor: 22 (12 PP, 7 PSdeG-PSOE, 3 BNG)**

**Votos en contra: 0**

**Abstencións: 0**

Sometido o fondo do asunto a votación ordinaria ten lugar o seguinte resultado:

**Votos a favor: 22 (12 PP, 7 PSdeG-PSOE, 3 BNG)**

**Votos en contra: 0**

**Abstencións: 0**

En consecuencia, queda aprobada a toma en consideración da urxencia e o contido da moción presentada polo grupo municipal do PP do Concello de Santiago, para un de convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e os concellos de Santiago de Compostela e Teo ao respecto do transporte metropolitano.

E non sendo outro o obxecto da sesión o Sr. alcalde-presidente deuna por finalizada sendo as **20 horas e 10 minutos** do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente

O secretario

Agustín Hernández Fernández de Rojas

Juan Manuel Salguero del Valle.